



CENTRO INTERNACIONAL DE ESTUDOS
DE DOUTORAMENTO E AVANZADOS
DA USC (CIEDUS)

TESE DE DOUTORAMENTO

**O VAL DE BARCALA E AS SÚAS BASES
LINGÜÍSTICAS GALEGAS NO CATASTRO
DE ENSENADA (SÉCULO XVIII)**

Guillermo Vidal Fonseca

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN LINGÜÍSTICA

SANTIAGO DE COMPOSTELA
2019



DECLARACIÓN DO AUTOR DA TESE
O Val de Barcala e as súas bases lingüísticas galegas no Catastro de
Ensenada (século XVIII)

D. Guillermo Vidal Fonseca

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

- 1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
- 2) De se-lo caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
- 3) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide coa versión enviada en formato electrónico.
- 4) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.

En Santiago de Compostela, a 8 de outubro de 2019

Asdo.: Guillermo Vidal Fonseca



AUTORIZACIÓN DOS DIRECTORES / TITOR DA TESE

O Val de Barcala e as súas bases lingüísticas galegas
no Catastro de Ensenada (século XVIII)

D. Ramón Mariño Paz

D. Francisco Xavier Varela Barreiro

INFORMAN:

*Que a presente tese correspóndese co traballo realizado por D. **Guillermo Vidal Fonseca**, baixo a nosa dirección, e autorizamos a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como directores desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.*

En Santiago de Compostela, a 8 de outubro de 2019

Asdo. Ramón Mariño Paz

Asdo. Francisco Xavier Varela Barreiro

*A parroquia é a única célula vital do noso país, unha das máis
puxantes características da nosa terra, e de ningunha
maneira se debe prescindir da súa existencia.*
Castelao

*Se unha disciplina restrinxiu o seu alcance pensa que todo o que
queda fóra deste conspira contra o pensamento.*
Lewis Gordon

ÍNDICE

Agradecementos	12
Resumo	13
Resumo	13
Abreviaturas.....	14
1. MARCO TEÓRICO	15
1.1. Introducción.....	15
1.1.1. O catastro como fonte directa nas ciencias sociais	16
1.1.2. Panorama da edición publicada do Catastro de Ensenada	17
1.2. Obxectivos	19
1.3. Metodoloxía e estrutura	21
1.4. Criterios de edición	22
2. INTRODUCCIÓN AO CATASTRO: HISTORIA E FINALIDADE	23
2.1. O Marqués da Ensenada e o seu encaixe político.....	23
2.2. O Catastro de Ensenada	24
2.2.1. Finalidade e filosofía política.....	24
2.2.2. O catastro en Galiza	26
2.2.3. O catastro nas terras da Barcala	28
2.3. O Val da Barcala no século XVIII.....	31
3. EDICIÓN.....	33
3.1. Abreviaturas.....	33
3.2. Interrogatorios ou <i>Respuestas Generales</i>	39
3.2.1. <i>Interrogatorio de San Cristóval de Corneira y otras en él comprendidas</i> (IC) ..	39
3.2.2. <i>Interrogatorio de las feligresías de Santa Eulalia de Logrosa y San Julián de</i> <i>Negreira</i> (IL).....	73
3.2.3. <i>Interrogatorio del coto feligresía de San Pedro de Bugallido</i> (IB).....	96
3.3. Libros reais e persoais ou <i>Respuestas Particulares</i>	119
3.3.1. <i>Real de Eclesiásticos</i> de Corneira (REcl)	119
3.3.2. <i>Personal de Legos</i> de Corneira (PLeg)	151
3.3.3. <i>Personal de Eclesiásticos</i> de Corneira (PEcl).....	158
4. ÍNDICES	161
4.1. Criterios de elaboración	161
4.2. Índice antroponímico	164
4.2.1. Nomes.....	164
4.2.2. Apelidos	185
4.3. Índice toponímico	211
4.3.1. Ordenación alfabética.....	211
4.3.2. Ordenación por tipoloxías referenciais	231

5. GALEGUISMOS NOS TEXTOS E A SÚA TIPOLOXÍA	252
5.1. Galeguismos fonéticos	252
5.1.1. Alteración do vocalismo átono	252
5.1.2. Seseo	254
5.1.2.1. Seseo directo	254
5.1.2.2. Hipercorrección por seseo.....	254
5.1.3. Despalatalización	256
5.1.4. Outros fenómenos consonánticos	256
5.1.4.1. Oclusivas na coda silábica	256
5.1.4.2. Hipercorreccións inducidas pola tendencia a debilitar as consoantes oclusivas na coda silábica	257
5.1.4.3. Fricativas no ataque silábico	258
5.2. Galeguismos morfolóxicos.....	258
5.3. Galeguismos sintácticos	259
5.3.1. Perífrase <i>ir</i> + infinitivo	259
5.3.2. Verbo transitivo + OD humano	260
5.4. Galeguismos léxicos.....	261
5.5. Galeguismos semánticos	272
5.6. Formas dúbidas non computables como galeguismos.....	273
5.7. Algunhas conclusións.....	275
6. ESTUDO ONOMÁSTICO	276
6.1. Os nomes de persoa.....	276
6.1.1. Frecuencias: século XVIII e actualidade	276
6.1.1.1. Masculinos	277
6.1.1.2. Femininos.....	280
6.1.2. Proceso de castelanización dos nomes de persoa	281
6.1.2.1. Os nomes galegos no texto e a súa flutuación	283
6.1.2.1.1. <i>Alverte</i>	283
6.1.2.1.2. <i>Caetano</i>	284
6.1.2.1.3. <i>Thomé</i>	284
6.1.2.1.4. <i>Reimundo</i>	284
6.1.2.1.5. <i>Jián</i>	285
6.1.2.1.6. <i>Mariña</i>	285
6.1.3. Algunhas conclusións	286
6.2. Os apelidos na comarca da Barcala.....	286
6.2.1. Evolución de frecuencias.....	286
6.2.2. Particularidades morfolóxicas e gráficas	290
6.2.2.1. Castelanización dos apelidos	291
6.2.2.1.1. Grafías <g>, <j> e <x> para o son fricativo palatal xordo /ʃ/.....	291
6.2.2.1.2. Castelanizacións de diversa caracterización	291

6.2.2.2. Apellidos con posible intervención da castelanización	292
6.2.2.2.1. A preposición de nos apellidos detopónimicos.....	292
6.2.2.2.2. Os patronímicos en <i>-ez</i>	293
6.2.2.2.3. A posible ausencia deliberada de vírgula sobre <ñ> en varios apellidos.....	293
6.2.2.3. Erros de transcripción: seseo e vacilacións vocálicas	294
6.2.2.4. A flexión feminina nos apellidos	294
6.2.3. Algunhas conclusións.....	294
6.3. Os topónimos	295
6.3.1. Toponimia e conflito lingüístico: Galiza e o Brasil	295
6.3.1.1. O vencello lingüístico de raíz histórica entre Galiza e o Brasil.....	296
6.3.1.2. A toponimia galega	297
6.3.1.2.1. Historia e tratamento bibliográfico.....	297
6.3.1.2.2. O Catastro de Ensenada: a toponimia barcalesa.....	298
6.3.1.3. A toponimia brasileira.....	301
6.3.1.3.1. Historia e tratamento bibliográfico.....	301
6.3.1.4. Algunhas conclusións	308
7. CONCLUSIÓNS	310
BIBLIOGRAFÍA	316

Agradecementos

A Ramón Mariño e Xavier Varela, directores, por creren na miña valía.

A Adrián, amigo e referente, a quen lle debo chegar ata aquí. Por consellos e por apoio constante: académico, moral, burocrático e ata por brindarme teito para a divulgación da miña investigación fóra da terra.

A meus pais polo apoio indirecto, *de facto*, e a Gustavo, irmán e xeógrafo, por botarme unha man de boa gana cos mapas.

A Leo Marcotulio, quen me acolleu encantado na Universidade Federal do Rio de Janeiro e puxo todo da súa parte para facilitarme a estadía. Moi agradecido pola súa inmensa xenerosidade e humanidade dentro e fóra da universidade. Do mesmo xeito doulle as grazas a Ariel, pola mesma xenerosidade e por incluírme activamente nas actividades da UFRJ.

A toda a miña familia do Brasil, por permitir que esa grande aventura fose posible. En especial a todas/os as que me deron teito, comida, asesoramento, compañía, transporte etc. para levar a cabo os compromisos da estadía: Juliane, Matheus, Rafaela, as tías Rita Lúcia e Eliana, Lucianne, Tatianne, Ana Cláudia, Gabriela... e a todo o resto que non citei e que, directa ou indirectamente, puxo o seu gran de area.

A Thayane e Andresa, amigas da Universidade do Estado do Rio de Janeiro e da Universidade Federal de Minas Gerais respectivamente, sempre tan prestas para botarme unha man con bibliografía brasileira difícil de consultar en Galiza e, sobre todo, por axudarme coas miñas eivas cando escribín en *brasileiro*.

A toda a xente do ILG coa que compartín risas ou agonías e que me puidesen axudar puntualmente, e en especial a Dopazo, pola presteza a axudarme con bibliografía cando estiven na diáspora.

A Juan, Iolanda e demais colegas da *Área de filoloxías gallega y portuguesa* da Universidad de Extremadura por colaboraren coa causa cubríndome exames ou sendo xenerosos con datas sempre que a tese me necesitou.

Ao resto de amigos que me acompañaron todo este tempo: Bruno, Eloi, Xoán, Paulo, Santi... e aos *rapases da aldea*. A Bea polo *apoyo informático e loxístico* dos últimos meses.

A todas e todos eles, a todo o mundo que se sentiu orgulloso da miña pescuda, aos meus paisanos de Portor e á memoria de todos os meus antergos desa freguesía vai dedicado este traballo.

Resumo

O Catastro de Ensenada é un dos documentos máis prezados polos distintos investigadores humanísticos para as súas pescudas sobre a Idade Moderna galega e española, se ben o seu proceso de edición carece aínda de uniformidade e de amplitude. A través deste traballo propoñemos unha nova metodoloxía para a súa edición tomando como base seis documentos catastrais da comarca galega da Barcala e levamos a cabo, a partir da edición, un estudo lingüístico centrado no seu valor como fonte indirecta para o coñecemento do galego medio, elaborando índices onomásticos (toponímico e antroponímico) e analizando detalladamente os galeguismos presentes nos textos. Por último, introducimos análises sobre os nomes, apelidos e topónimos que conteñen os documentos. Con esta tese queremos poñer ao dispor da comunidade investigadora unha rica fonte de estudo para o coñecemento do galego nunha fase histórica en que a tarefa se complica porque son escasos os documentos ao noso alcance para facela. Obviamente, con ela queremos mostrar tamén que todo o Catastro da Ensenada debe ser explorado con sistematicidade na investigación sobre o galego medio.

Resumo

O Catastro de Ensenada é um dos documentos mais prezados pelos distintos investigadores humanísticos para as suas pesquisas sobre a Idade Moderna galega e espanhola, se bem que o seu processo de edição carece ainda de uniformidade e de amplitude. Através deste trabalho propomos uma nova metodologia para a sua edição tomando como base seis documentos cadastrais da comarca galega da Barcala e realizamos, a partir da edição, um estudo linguístico centrado no seu valor como fonte indireta para o conhecimento do galego médio, elaborando índices onomásticos (toponímico e antroponímico) e analizando detalhadamente os galeguismos presentes nos textos. Por último, introduzimos análises sobre os nomes, sobrenomes e topônimos que contêm os documentos. Com esta tese queremos pôr ao dispor da comunidade pesquisadora uma rica fonte de estudo para o conhecimento do galego, em uma fase histórica complicada, dado que escassos os documentos ao nosso alcance para fazê-lo. Obviamente, com ela queremos mostrar também que todo o Catastro de Ensenada deve ser explorado com sistematicidade nas pesquisas sobre o galego meio.

Abreviaturas

cast. = castelán

Fig. = figura

gal. = galego

IB = *Interrogatorio del coto feligresía de San Pedro de Bugallido*

IC = *Interrogatorio de San Cristóval de Corneira y otras en él comprendidas*

IL = *Interrogatorio de las feligresías de Santa Eulalia de Logrosa y San Julián de Negreira*

PEcl = *Personal de Eclesiásticos de Corneira*

PLeg = *Personal de Legos de Corneira*

REcl = *Real de Eclesiásticos de Corneira*

1. MARCO TEÓRICO

1.1. Introducción

O Catastro de Ensenada, obra magna do século XVIII e de vital importancia para a historiografía actual nas súas pescudas sobre a Idade Moderna na Coroa de Castela, segue sendo, a día de hoxe, unha fonte de coñecementos (en castelán) sobre o ámbito local da devandita época non suficientemente explotada. Dos miles de *interrogatorios* que chegaron ata os nosos días, escritos a man entre 1749 e 1759 e cuxas copias se custodian no Archivo General de Simancas, só unha parte deles foron editados e, a partir desas edicións, estudados desde variados ámbitos, como a historia, a xeografía, as ciencias económicas ou a lingüística. Coa presentación deste traballo pretendemos facer unha proposta de edición dos documentos catastrais que, posteriormente, contribúa en calquera desas direccións humanísticas e, particularmente, en favor dunha pequena comarca galega, A Barcala.

Cada *interrogatorio* do catastro, e por tanto cada un dos tres que editamos neste traballo, está composto de 40 preguntas que a veciñanza, segundo o establecido nas bases que o regulaban, debía responder: nome do lugar (pregunta 1); xurisdición (2); extensión e límites (3); tipos de terras (4, 5); árbores (6, 7, 8 e 13); medidas de superficie e capacidade que se usan (9, 10); especies, cantidade e valor dos froitos (11, 12, 14 e 16); *dezm*os e *primicias* (15); minas, salinas, muíños e outros "artefactos" (17); gando (18, 19 e 20); censo de poboación, con veciños, xornaleiros, pobres de solemnidade (21, 35 e 36), censo de clérigos (38) e conventos (39); casas e outros edificios (22); bens propios do común (23), *sisas* e *arbitrios* (24), gastos do común, como salarios, festas, empedrados, fontes (25), impostos (26 e 27); actividades industriais e comerciais, coa utilidade dos bens ou servizos producidos: tabernas, mesóns, tendas, panaderías, carnicerías, pontes, barcas sobre ríos, mercados e feiras (29), hospitais (30), cambistas e mercadores (31), tendeiros, médicos, cirurxáns, boticarios, escribáns, arrieiros, etc. (32); albaneis, albeites, canteiros, ferreiros, zapateiros etc. (33, 34); embarcacións (37); bens alleados (28) e rendas propias do Rei (40) (PARES)¹.

Os documentos dos interrogatorios orixinais coas súas respostas, polo xeral, gárdanse nos arquivos provinciais correspondentes á zona catastrada. Ademais, por cuestións de funcionalidade, o catastro foi microfilmado, e nese formato pódense atopar os interrogatorios nos arquivos históricos provinciais, aínda que sexa de maneira parcial, e no caso galego tamén no Arquivo Histórico Universitario da Universidade de Santiago de Compostela. De forma alternativa, o Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, a través do portal web *PARES*, ofrece tamén o catastro en imaxes, descargables en formato pdf, cun buscador de localidades

¹ PARES = Portal de Archivos Españoles, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Disponible en <<http://pares.mcu.es/Catastro/>> [consultado o 12/08/2019].

que posibilita o achegamento a calquera localidade da antiga Coroa de Castela. Este, precisamente, foi o punto de partida do noso traballo.

Ademais dos *Interrogatorios* ou *Respuestas Generales*, que son os documentos polo xeral máis extensos, existen outros documentos catastrais interesantes que chegaron ata os nosos días e que se conservan, tamén, nos arquivos, e que constitúen as *Respuestas Particulares*:

- *Real de Legos*: aparecen as propiedades do leigos na unidade veciñal catastrada.
- *Real de Eclesiásticos*: aquí constan as propiedades que os eclesiásticos eventualmente podían ter na unidade veciñal catastrada.
- *Personal de Legos*: libro similar a un libro de veciños ou padrón de laicos.
- *Personal de Eclesiásticos*: libro no que aparecen os eclesiásticos que residen na unidade veciñal catastrada.
- *Estados (D, E, F, H)*: trátase de datos estatísticos tomados dos documentos anteriores: medidas de terras, número de muíños etc.

O noso traballo combinará tanto a edición como o estudo lingüístico de documentos pertencentes a respostas xerais e a respostas particulares.

1.1.1. O catastro como fonte directa nas ciencias sociais

O Catastro de Ensenada é unha das fontes documentais máis importantes para a reconstrución histórica do século XVIII español e galego. Tanto, que sería improdutivo tratar de detallar aquí todas as obras que ao longo dos tempos botaron man do mesmo para descifrar importantes datos históricos, xeográficos, demográficos etc. do devandito século que, doutra maneira, serían difíciles de rastrexar. Abonden algúns sucintos exemplos, ademais dos que referiremos ao longo deste traballo, nos eidos da historia (Fernández Díaz 1993), a economía (Saavedra 2008: 245-275), a historia social (Marcos Martín 2000) e, como veremos sobradamente máis adiante, a historia local, a xeografía e a lingüística.

Malia esta inxente cantidade de disciplinas tradicionais que botaron man do catastro, a tónica habitual entre os distintos investigadores das ciencias sociais foi, e continúa a ser, a de extraer información mediante consulta directa do orixinal (ben fisicamente, ben a través de imaxes, con posibilidade ou non de elaborar unha edición propia), ou, como moito, consultando documentos xa editados e que adoitan limitarse a cidades e vilas de certa relevancia. Así, por poñer dous exemplos presentes no noso traballo, Navaza (2002: 263-276) sinala que *Iglesias* é un apelido relativamente recente que non aparece no Catastro de Ensenada. Sen cuestionar en absoluto o acerto desa afirmación, como é lóxico esta só puido ser feita a través dunha ou das dúas devanditas alternativas. A primeira delas (consulta directa do orixinal), sobre todo para traballos circunscritos a áreas cuxos documentos non foron editados, non deixa de envolver certos problemas: erros de lectura ou de anotación, erros de interpretación por descontextualización, incapacidade para detectar problemas de contradicións entre distintas partes do documento... Se imos á lingüística, os problemas serían

aínda maiores: dificultade para localizar e analizar paradigmas, imposibilidade de cuantificar e estudar con garantías todo tipo de fenómenos (grafías, fenómenos dialectais ou de interferencias, onomástica...) etc. Por outra parte, a historia tamén bebe moito da análise dos nosos documentos (como quedará patente no vindeiro capítulo); no concreto da comarca da Barcala, na que se centra o noso traballo, Rodríguez Troncoso (2014: 25-54) fai un repaso relativamente exhaustivo pola situación da mesma no século XVIII a través do Catastro de Ensenada malia que os documentos relativos á comarca nunca foron editados.

Así pois, estes poucos exemplos abundan para dar conta dunha situación aínda actual na que distintas disciplinas carecen de fontes editadas dos documentos de Ensenada para levar a cabo as súas pescudas dun xeito máis rápido, fiable e efectivo. Mesmo así, existen distintos traballos e iniciativas que si levaron a cabo e publicaron fragmentos dos documentos catastrais e, deseguido, ofreceremos un panorama dos mesmos.

1.1.2. Panorama da edición publicada do Catastro de Ensenada

Podemos dividir en dúas partes o tratamento daquelas obras que, ata o momento e a diferenza das tratadas na epígrafe anterior, levaron a cabo intentos de editar de xeito máis ou menos ordenado e pautado documentos concretos do Catastro de Ensenada. Dunha banda estarían as iniciativas illadas, sen moita interconexión con outras obras similares e que adoitan formar parte do acervo de traballos que estudan a historia local ou outras particularidades circunscritas a ese ámbito. Así, tanto en Galiza como fóra dela existe unha numerosa cantidade de títulos que incorporan ás súas análises históricas, xeográficas, sociais etc. dun determinado lugar unha edición dos documentos (habitualmente, interrogatorios) do catastro baixo uns parámetros propios.

Deste xeito, a Deputación de Lugo (2005) publicou unha edición das *Respuestas Generales* das freguesías do concello de Sober a cargo de Manuel González Rodríguez. Non se detallan os criterios mais unha análise da edición deixa ver unha fórmula moi conservadora, case semipaleográfica: o autor non desenvolve abreviaturas nin superíndices (nin sequera parece alterar a puntuación do orixinal), non intervén na acentuación nin altera os parágrafos iniciais. Agrelo Hermo (2006 e 2007) non explica os criterios empregados pero, de xeito peculiar, presenta a edición dos interrogatorios das vilas de Noia e Boiro en galego, sen a versión en lingua orixinal; a puntuación e acentuación están moi elaboradas mais practicamente non usa máis ca un parágrafo para cada resposta. Na súa liña sitúase tamén Mariño del Río (2007: 61-79), no seu escrutinio de Porto do Son, se ben procura unha maior estruturación en parágrafos. Pola súa parte, López Pombo (2002) avisa de xeito sumario que a súa transcripción da cidade de Lugo é literal e segue o mesmo patrón, pois, que o da Deputación de Lugo. O caso máis paradigmático é o de Rozamontes Vázquez (2010), que realiza unha edición moi tradicional, elaborada e publicada á man. Non menos son os estudos, normalmente de divulgación histórica, que incluso poden levar no título o catastro como fonte

de referencia mais non editan os documentos; tales son os casos de Castro Voces (1991: 111-133), González Fernández (2005: 91-98) ou Blanco / García (2007).

Fóra de Galiza, a caracterización destas obras non é moi diferente. Por exemplo, Ballesteros Díez (2009a: 175-214) fai unha incursión histórica pola cidade de Almendralejo en 1753 e da vila de Medellín (Badajoz) na mesma época (2009b: 221-240) a partir do catastro, que non edita, e remite como fonte ao arquivo de Simancas. No primeiro caso incluso toma información das *Respuestas Particulares* e adxunta algunha fotografía dos textos pero sen editalos. Nos mesmos parámetros sitúase Ramírez Juan (2003), nun estudo sobre as edificacións monásticas de Jaén: usa o catastro como fonte mais non a edita.

Por outra banda, as únicas obras que se publicaron baixo un único proxecto que conectou diferentes edicións ao longo da península foi a colección *Alcabala del Viento*, dirixida por Jesús Campos e Concepción Camarero e xurdida en 1990 logo dun acordo entre o Centro de Gestión Catastral y Cooperación Tributaria do momento (na actualidade, Dirección General del Catastro) e a editorial Tabapress, grazas á cal se editou un importante elenco de documentos catastrais correspondentes a vilas e cidades do Estado español. A integración baixo o paraugas dunha mesma colección comportou unha organización bastante unificada de todos os traballos, dividida en tres partes e cuxo título é sempre o mesmo: “[Nome da vila ou cidade] [ano no que se elaboraron os documentos catastrais]: según las Respuestas generales del Catastro de Ensenada”². As tres ditas partes en que se organizan as obras inclúe unha primeira constituída polas *Respuestas Generales* referidas a cada lugar tratado no título do volume (realizadas por distintos investigadores especializados na materia), unha segunda que contén a edición dos textos e finalmente unha última que introduce un glosario de termos.

A colección acadou as 77 localidades editadas e estudadas ao longo do territorio do Estado español coincidente coa antiga Coroa de Castilla: 22 en Andalucía, 2 en Asturias, 1 en Cantabria, 10 en Castilla-La Mancha, 23 en Castilla y León, 2 en Extremadura, 1 en La Rioja, 8 en Madrid, 5 en Murcia e 3 en Galiza: A Coruña, Santiago de Compostela e Tui, con introdución e estudo histórico dos historiadores Baudilio Barreiro, Antonio Eiras Roel e Ofelia Rey Castelao respectivamente. En todas as obras da colección, xusto antes da transcripción dos textos e como mostra de unificación, figuran unhas liñas, non demasiado exhaustivas, sobre os criterios usados na edición, que son os mesmos en todas:

LA TRANSCRIPCION

Los criterios seguidos para la transcripción y disposición del documento que seguidamente se recoge han sido los habituales en transcripciones no paleográficas o diplomáticas, especialmente en lo que se refiere a signos de puntuación y acentuación, que se han actualizado para facilitar la lectura. En cuanto a las mayúsculas, se han respetado casi siempre las del original, reduciendo a minúsculas las que se han considerado meramente caligráficas. La fragmentación en párrafos y el desmenuzamiento de las relaciones de oficios no existe en el original, persiguiendo al hacerlo aquí una más

² Exemplo: *Linares 1752: según las Respuestas generales del Catastro de Ensenada* (Campos, Jesús / Concepción Camarero (dirs.) 1996).

cómoda estructuración, suponiendo que ello facilita tanto la lectura como la búsqueda. Se han respetado sin embargo algunos rasgos propios de la época, como el uso de th o para los fonemas t y f, el empleo indistinto de c y z o de b y v, y también el empleo de la ortografía fluctuante, que lleva a escribir la misma palabra de formas dispares, a veces en el mismo párrafo. Deseamos advertir también que hemos partido de la copia existente en Simancas del documento original, por lo que caben diferencias imputables al copista. En cualquier caso, la copia que nos ha servido de partida aparece debidamente legitimada, constando en la misma una diligencia que asegura su fidelidad con el original. Desde aquí solicitarnos a todos los estudiosos sugerencias y advertencias que contribuyan a mejorar la edición de este importantísimo fondo documental (Campos / Camarero (dirs.) 1993: 208).

Finalmente, e xusto despois desa breve e, ao noso xuízo, ambigua descripción dos criterios utilizados na edición, detállanse os documentos editados e transcritos na obra, que normalmente, aínda que non sempre, tomaron na súa totalidade do Archivo General de Simancas. Posiblemente, os trazos máis característicos da edición da colección sexan, por unha parte, o feito de que transcriban a totalidade do interrogatorio en letra cursiva e, pola outra, a anunciada conservación das letras maiúsculas, que os leva a conservar palabras como *Plantío, Villa, Árboles* (sic) etc. en posición oracional interior. As diferentes edicións parecen ter unha estrutura moi similar e uniforme, aínda que nunca faltan as diferenzas en canto á estruturación en parágrafos e as enumeracións, por exemplo³. Ademais, a transcripción completa en itálica impide observar o manexo das abreviaturas. O proxecto revístese de modestia en canto á cuestión editorial, como demostran nas últimas liñas solicitando suxestións e advertencias aos “estudiosos” para mellorar a edición. Por último, ao final das edicións inclúen un glosario final de termos históricos da época e a súa explicación (por exemplo, *diezmo*). O noso traballo inclúe un capítulo similar, neste caso desde a lingüística, examinando unha serie de galeguismos que inclúen os textos.

1.2. Obxectivos

En consonancia co que vimos de analizar ata aquí, os nosos obxectivos con este traballo pivotan sobre tres eixes fundamentais. Por unha parte, cremos útil e necesaria unha nova proposta metodolóxica e unificada para a edición e o posterior aproveitamento dunha obra tan exhaustiva coma o Catastro de Ensenada, que, na súa maior parte, ben está editada sen uns patróns comúns, útiles e ben estruturados ou ben, no peor dos casos, continúa sen ser explorada. A consecución dunha estrutura cohesionada de criterios podería impulsar a edición de moreas de documentos que continúan en formato dixital ou físico, custodiados en distintos arquivos e, a longo prazo, podería solucionar un importante problema que afrontan os distintos investigadores humanistas que toman a obra como base dos seus estudos: a dificultade, tanto por parte do eido científico e académico como do lector medio e

³ Cf. por exemplo, Campos / Camarero (dirs.) (1990, 1990b, 1990c e 1993).

afeccionado, de contrastar de xeito eficaz e con garantías a información que se lle achega, isto é, de acudir á fonte e, a maiores, procurar e poder analizar con seguridade a información en cuestión. Aínda que semelle algo moi estraño, a experiencia nos documentos catastrais demóstranos que, por exemplo, unha puntuación ou acentuación deficientes ou unha abreviatura dubidosa poden ser o primeiro paso para unha interpretación defectuosa, e nunha situación así o achegamento facilitado á fonte no seu conxunto (cosa que hoxe en día non existe) axudaría a paliar ou comprobar axiña erros ou conclusións dubidasas. A nosa proposta vén dada, polo tanto, pola ausencia específica dunhas pautas editoriais para o caso do Catastro de Ensenada, o que non significa que se pretenda patentar e impoñer un sistema único e carente de diálogo e colaboración. De feito, este caso demostra a necesidade de colaboración e a suma de esforzos entre filólogos e historiadores, principalmente, para a creación dunhas pautas de traballo que axuden a dar forma e continuidade a proxectos de edición coma este⁴. Dalgũa forma, pois, este é un ámbito que se beneficiaría dunha *transdisciplinarietà* que debilite o papel pechado das disciplinas tradicionais (Gordon 2006).

Por outra parte, outro dos grandes obxectivos que persegue este traballo é, xa desde unha perspectiva lingüística, a de contribuír aos estudos onomásticos en xeral e á onomástica galega en particular mediante a elaboración de índices toponímicos e antroponímicos; en paralelo co obxectivo editorial, achamos a elaboración de índices onomásticos tras a edición deste tipo de documentos un paso intermedio entre o documento orixinal e o estudo lingüístico (ou doutra clase): a partir deles pódense traballar aspectos da lingüística como a onomástica, a sociolingüística, cuestións gráficas e morfolóxicas dentro da lingüística histórica etc., e sempre sen perder de vista a facilidade de contraste de fontes que ofrecerían tanto os índices, de xeito inmediato, como as edicións previas, de xeito secundario. Así, procuramos dalgún xeito reunir material toponímico da Idade Moderna ordenadamente, de maneira similar a outros proxectos coma o *Inventario Toponímico da Galicia Medieval*⁵.

A terceira gran cuestión que pretendemos abordar ten que ver coas fontes para o estudo do galego medio. É ben coñecida a penuria de medios dos que dispón a lingüística histórica galega para estudar a lingua galega desa época. Mariño Paz (2017: 90-95), por exemplo, sinala a “drástica e descomunal redución no relativo á cantidade de textos” dos séculos XVI-XVIII das que se pode tirar proveito, mais caracteriza tamén a contrapartida de textos en castelán desa época en Galiza como “abundantísimos. (...) As posibilidades que este tipo de fontes ofrecen para o estudo do galego da época saltan á vista” polas grandes interferencias do galego no castelán de Galiza. Por todo iso, a lingüística galega precisa incluso dos textos máis indirectos, aqueles que non están escritos en galego pero si elaborados en Galiza, para aglutinar pezas que axuden a reconstruír esa época histórica da lingua galega, en moitas cuestións aínda nun estado hipotético ou discutido. Os documentos do Catastro de Ensenada

⁴ Neste senso, compartimos unha necesidade de colaboración xa expresada desde o ámbito paleográfico por Ares Legaspi (no prelo), que analizou o estado da cuestión da edición en Galiza e que rastrexou os desacordos entre historiadores e filólogos nesta cuestión a través do tempo.

⁵ ITGM = Varela Barreiro, Xavier (dir.): *Inventario Toponímico da Galicia Medieval*. Instituto da Lingua Galega. Dispoñible en <<http://ilg.usc.es/itgm>> [consultado o 29/05/19].

redactados no Reino de Galiza, neste sentido, son textos escritos en castelán pero moi aproveitables para a lingüística histórica galega alén da onomástica: particularmente, no caso dos nosos textos, a edición e estudo permite xuntar unha restra de galeguismos de diferente índole que, tras un rigoroso estudo, contribuirán a enriquecer o coñecemento do galego do século XVIII e tamén particularidades dialectais da comarca da Barcala nesa época. Deste xeito, con este traballo e aproveitando unha edición propia, facemos a nosa achega a ese ámbito e tamén tentaremos reivindicar o útil papel que poden representar os distintos documentos casteláns de Ensenada para o maior coñecemento do galego medio. Ao noso xuízo, hoxe por hoxe esa vía continúa insuficientemente explotada.

De xeito máis secundario, este traballo de investigación tamén pretende contribuír a distintas cuestións relacionadas coa onomástica, centradas sobre todo no século XVIII, a través da recompilación da toponimia e a antroponimia: frecuencias de nomes, aspectos sociolingüísticos relacionados coma a castelanización, a comparación con outras realidades lingüísticas etc⁶. Así, introducimos un estudo onomástico dividido en tres partes: nomes, apelidos e topónimos; neste último particular, achamos proveitoso relacionar a toponimia e o conflito lingüístico, co cal usamos os topónimos que nos proporcionan os nosos documentos para poñelos en relación e comparalos, en pasado e presente, co caso xeral galego e cunha realidade foránea pero lingüísticamente emparentada co galego, a brasileira. Por último, a través da edición tamén perseguimos seguir contribuíndo, de xeito indirecto, ao coñecemento histórico local da Galiza rural e poñer a disposición do público non especializado documentos de diverso valor histórico, familiar ou comunitario.

1.3. Metodoloxía e estrutura

O traballo, como foi comentado, parte da evidencia dun vacilante, descoordinado e insuficiente estado dos labores de edición do Catastro de Ensenada como obra relevante para as ciencias sociais, incluída a lingüística. Observado isto na bibliografía existente, o proxecto de edición pasou necesariamente pola localización inicial no portal *PARES* dos tres interrogatorios (IC, IL, IB) en imaxes. No Arquivo Histórico Universitario da Universidade de Santiago de Compostela comprobouse que a versión descargable dos tres interrogatorios de *PARES* se corresponde á perfección coas microfilmacións a partir do orixinal que se gardan no Arquivo (nome do interrogatorio, número de páxinas etc.). Tras a confirmación pertinente deste extremo, estudamos e instauramos unha proposta de criterios de edición, ao noso xuízo aceptable tanto para historiadores como para filólogos, e realizamos a edición dos interrogatorios a través das dixitalizacións de *PARES*, primeiro nunha versión semipaleográfica (que presentamos nun CD adxunto), ou o máis literal posible, e logo nunha versión interpretativa ou á moderna que permite puntuar e organizar o contido de xeito máis

⁶ O proveito onomástico dos documentos catastrais é moi importante. Con todo, a recente subida a *PARES* dos documentos das *Comprobacións do catastro* no Reino de Galiza, elaboradas en torno a 1760, axudará a incrementar o proveito do estudo onomástico.

eficaz. Por outra parte, os libros persoais incluídos neste traballo (REcl, PLeg e PEcl), os únicos que se conservan da comarca e que non están dixitalizados, consérvanse no Arquivo do Reino de Galicia da Coruña. A edición deles só foi posible previa petición de dixitalización dos mesmos ao persoal arquivista e ao aboamento dos custos derivados da mesma.

Polo tanto, a estrutura do noso traballo asume unha disposición similar: un achegamento previo á situación da cuestión, seguido dunha contextualización histórica dos documentos que editamos. As seguintes partes son xa a edición, os índices, o estudo de galeguismos e o estudo onomástico. O estudo dos galeguismos nos textos afondará en todas as dimensións: léxicos, morfolóxicos, sintácticos ou fonéticos. Ademais, para a elaboración de parte do estudo onomástico botamos man dos padróns municipais dos concellos da Baña e Negreira, previa petición de autorización de acceso aos mesmos.

1.4. Criterios de edición

Os criterios de edición seguidos no noso traballo teñen a misión de procurar, non só a fácil lectura para o público especializado ou máis xeral, senón tamén o máximo respecto posible ao orixinal e o rigor á hora de interpretalo. Non difire moito, pois, dos criterios empregados habitualmente por outros filólogos nos seus manexos con textos medievais e modernos⁷. Así, as intervencións sobre o orixinal limítanse aos casos nos que se procura a facilitación da lectura: acentuamos o texto segundo as normas do castelán actual (RAE) e puntuámolo e estruturámolo para unha lectura máis cómoda, limitando tamén o uso de maiúsculas aos nomes propios e despois de punto.

O desenvolvemento das abreviaturas faise constar en itálica para deixar clara a forma orixinal, desfacendo tamén os superíndices, de habelos⁸: por exemplo, un *que* que se abrevia mediante a supresión do <u> e o ascenso do <e> a superíndice transcribímolo como <que>.

Cando nos é necesario cambiar de posición un sintagma para conseguir unha mellor interpretación alertámolo mediante corchetes angulares <>, tanto no lugar do orixinal como rodeando a estrutura no lugar onde a establecemos. Así, <Todos del término> indica que a frase cambiouse do lugar orixinal próximo onde figuran os corchetes angulares sen contido: <>.

Noutros casos, foi necesario introducir unha palabra ou letra que non figuraban no orixinal para dar completo sentido á estrutura (tanto no nivel sintáctico como en interior de palabra), e neses casos indícase mediante corchetes []: en “que lo es de la [de] Santa María de Ordoeste” o *de* é introducido para dar sentido á estrutura.

No caso de porcións de texto ilexibles debido a manchas de tinta ou borróns que impidan a súa representación, sinalamos o treito mediante puntos suspensivos entre chaves: “tres cerdos de t{...}”.

⁷ Vid., por exemplo, Lorenzo Vázquez (1988: 76-85), Pichel Gotérrez (2012: 87-106; 2013), Mariño Paz (2008) ou Mariño Paz / Sánchez Yáñez / Suárez Vázquez (2010), todos eles tomados en consideración na nosa proposta.

⁸ Vid. a listaxe completa das abreviaturas dos textos en 3.1.

Polo demais, as grafías foron respectadas para manter ao máximo a fidelidade ao orixinal: *h* ou a súa ausencia en calquera contexto (incluído no dígrafo *ch* como representación da oclusiva velar xorda): *huno*, *párracho*; *b/v* (*percive*, *beinte*); *qu* ante <a>, <o> e <u> (quanto); *x/g/j* (*hixo*, *jiestales*); *ph* ou *fh* como representación da fricativa labiodental xorda (*Phélix*); *z/c* ante <e> e <i> (*zenteno*, *ciento*); *m* en coda silábica (*respondem*), *ll* e outros dígrafos como *tt*, *cc*, *rr*, *ss* (*cassas*, *ttodo*) etc., así coma os vocálicos (*fee*). Só representan unha excepción a isto tres casos: a regularización de *v/u* (a primeira como consoante e a segunda como vogal)⁹, a de *y/i* segundo as normas do castelán actual (RAE)¹⁰ e a da uniformización da grafía arcaizante <xp> mediante <cr> (*Xpistoval* > *Cristóval*); en todo caso, son tres decisións editoriais arbitrarias que procuraron unha maior facilidade de lectura, sobre todo a un público menos especializado, mais en todo caso prescindibles en edicións posteriores. Para o resto de cuestións gráficas puntuais e non sistemáticas, fornecemos a explicación pertinente no propio texto en nota a rodapé¹¹.

2. INTRODUCCIÓN AO CATASTRO: HISTORIA E FINALIDADE

2.1. O Marqués da Ensenada e o seu encaixe político

O Catastro de Ensenada, como o seu propio nome indica, foi impulsado polo ministro de Guerra, Mariña, Facenda e Indias do monarca Fernando VI (rei da Coroa de Castela) Zenón de Somadevilla Bengoechea, coñecido como Marqués da Ensenada (Agrelo Hermo 2006: 7-11).

De modesta familia fidalga, naceu o 20 de abril de 1702 en Hervías (A Rioxa). Curiosamente, dáse a circunstancia de que se conservan dúas partidas de nacemento do neno, unha do 25 de abril en Hervías e outra do 2 de San Xoán en Alesanco, unha localidade próxima. As hipóteses, pois, sobre o seu verdadeiro lugar e data de nacemento son variadas; é probable que realmente nacesse na primeira data en Hervías, e logo se lle fixese outra partida de nacemento en Alesanco, dado que seu pai era natural e residente desta última e Zenón perdería a condición fidalga do pai se non fose da mesma, así como outros privilexios de carácter fundamentalmente eclesiástico (Abad León 1985: 21-26).

Non se lle coñecen estudos universitarios, nin sequera medios; non obstante, a súa brillantez no eido administrativo faino triunfar no mundo político da época. Con 18 anos xa é oficial supernumerario do ministro de Mariña, e a finais de 1728 é nomeado comisario real de Mariña. En 1732 participa na formación da escuadra encargada de reconquistar Orán, cidade da costa africana mediterránea nese momento en posesión dos turcos, e ao ano seguinte na organización da Armada para a conquista de Sicilia e Nápoles; segundo Blanco e García

⁹ Pasamos, polo tanto, *vno* a *uno* ou *ueinte* a *veinte*.

¹⁰ O que implica pasar *ynterrogatorio* a *interrogatorio*.

¹¹ As 40 preguntas dos interrogatorios tampouco figuran nos interrogatorios orixinais. Incorporámolas, unha vez máis, para facilitar a lectura e a comprensión do texto.

(2007: 10), pode que concíbise a idea do catastro por esta época en Italia, xa que posiblemente coñecese alí os inicios do catastro do Milanésado. O seu existoso labor en Italia reflíctese na consecución do título de Marqués de Ensenada, concedido por Carlos VII de Sicilia e Nápoles o 8 de decembro de 1736. En 1734 é nomeado Comisario Real da Mariña de Ferrol, e en 1737 é nomeado secretario do Consello do Almirantádego na administración central, e secretario de Estado e Guerra na expedición das tropas participantes na Guerra de Sucesión austríaca. É por fin, en 1743, cando é nomeado ministro (*secretario*) de Guerra, Mariña, Facenda e Indias por Felipe V, tras a morte de Jose del Campillo Cossío, o ata daquela ministro. Intenta rexeitar o cargo para continuar co seu labor no exército en Italia, cousa que a monarquía descarta.

Ademais do cargo ministerial, Ensenada é colmado con outras distincións polos reis polos seus servizos en Italia; entre outros, é nomeado *Superintendente general de las Rentas Generales de Millones del Reino*, co cal quedaba dotado para a administración de todas as rendas e, para tal fin, facultábase os funcionarios que fosen precisos en todo o territorio nacional (Abad León 1985: 122). Este cargo, que se une ao de secretario (ministro) de Facenda, facultará o Marqués para desenvolver a inxente realización do catastro uns anos despois, por propia orde do monarca Fernando VI, que sucede a Felipe V tras o seu falecemento en 1746, e que ratifica a Ensenada no seu cargo ministerial.

Porén, non pretendemos ofrecer con esta imaxe do marqués o que puidese parecer unha carreira política chea de éxitos e unha traxectoria impoluta, xa que, como relata Gómez Alfaro (1993: 21, 108-116), tamén foi o impulsor da coñecida como Gran Redada ou Prisión General de Gitanos, unha persecución a grande escala, levada a cabo o 30 de xullo de 1749, cuxo cometido último era facer prisioneiras e expulsar todas as persoas da comunidade xitana do reino. A operación fracasou a longo prazo e foi cancelada.

Malia toda a organización que lle supuxo impulsar e levar a cabo o catastro, Zenón de Somadevilla non rematou o seu traballo, pois foi desterrado a Granada en 1754 acusado de traición, e cando regresou fíxoo xa sen cargos públicos. Con posterioridade foi desterrado de novo, desta volta a Medina del Campo, acusado de estar implicado no motín contra Esquilache. Alí fina o domingo 2 de decembro de 1781 (Agrelo Hermo 2006).

2.2. O Catastro de Ensenada

2.2.1. Finalidade e filosofía política

Antes de centrarnos no contido, motivos e proceso de elaboración do Catastro de Ensenada, cómprenos facer unha breve referencia ao termo *catastro*. Segundo o dicionario en liña da Real Academia Galega (2019), é o “censo e rexistro público que se fai dos bens inmobles, tanto rústicos coma urbanos para determinar a propiedade, situación, superficie e valor”. Ata mediados do século XVIII as catro principais liñas de ingresos da Coroa de Castela eran as *Rentas Generales*, as *Rentas Provinciales*, as *Rentas Estancadas* e as *Tributaciones Eclesiásticas*. Pero nun segundo nivel producíase un enmarañamento fiscal:

ademais da tributación real, había unha local, unha señorial se o territorio era de señorío e exaccións eclesiásticas (o *décimo* e as *primicias*); ademais, a aplicación dalgúns destes impostos levábana a cabo oligarquías municipais, case sempre con gran arbitrariedade, e algúns dos impostos eran cobrados ás veces por señoríos, xa fose por cesión ou venda da Coroa ou mesmo por usurpación; por non falar dos subarrendamentos para a recadación dos impostos, que prexudicaban as arcas reais. Así, e retomando o concepto de *catastro*, é fácil deducir por que se decidiron Fernando VI, e en concreto, o seu ministro o Marqués de Ensenada (título que lle foi outorgado polo infante Don Carlos, logo Carlos III)¹², a levar a cabo ese censo de bens: reducir o complicado sistema fiscal a unha *Real Única Contribución*, de xeito que os impostos quedasen reducidos a unha soa contribución. En propias palabras do Marqués, o sistema impositivo imperante ata daquela “multiplicaba hasta el infinito los conceptos de tributación, los canales de percepción y los órganos para su administración” (Camarero Bullón 2002: 73).

Segundo apunta Villas Tinoco (1981: 13), o país arrastraba desde o século XVII unha idea de inxustiza no que ás contribucións fiscais se refire. Cita, por exemplo, a González de Cellorigo¹³, que manifesta a incompetencia e a rapacidade dos recadadores, e todos os inconvenientes que causaban ao intercambio mercantil. Tamén De Moncada¹⁴ propoñía a redución a un imposto único que gravase o cereal e que aliviaría os “débiles”. Máis tarde, e xa no século XVIII, cita como exemplo a Zabala Auñón¹⁵, que xa en 1732 propugnaba unha reforma do sistema que conseguise que os impostos fosen obxectivos, que quedasen exentas as persoas que carecesen de actividade remunerada, que rematase co contrabando ou que aliviase colectivos desfavorecidos como orfos e viúvas, entre outras cousas. Queda claro, pois, que a filosofía política do proxecto que encabeza Ensenada anos máis tarde ten como grandes obxectivos a maior e máis xusta recadación fiscal e, en definitiva, unha aposta en firme pola modernización do país.

Así pois, o 10 de outubro de 1749 promúlgase o Decreto que pon en marcha de maneira oficial o catastro (Gómez Urdáñez 1996: 177-191), e que supuxo varios anos de intenso traballo de recompilación e *interrogatorios* ao longo da península. Para levalo a cabo, créase *ex profeso* a *Real Junta de Única Contribución*, que tantas veces aparece mencionada nos nosos Interrogatorios. A continuación, e relacionado con estes, damos explicación de a que se refiren algúns termos incluídos de maneira sistemática no catastro de acordo coas explicacións de Camarero Bullón (2002: 79-81):

¹² Camarero Bullón (2002: 61).

¹³ González de Cellorigo, Martín (1600): *Memorial de la política necesaria y útil restauración a la política de España y estado de ella y del desempeño universal de estos reinos. Dirigido al Rey D. Felipe III Nuestro Señor*, por Juan Botillo, Valladolid. Tirado de Villas Tinoco (1981: 13).

¹⁴ De Moncada, Sancho (1974): *Restauración política de España (1619)*. Madrid: Instituto de Estudios Fiscales. Tirado de Villas Tinoco (1981: 14).

¹⁵ Zabala Auñón, Miguel (1732): *Representación al Rey Nuestro Señor Felipe V, (q. D. g.) dirigida al más seguro aumento del Real Erario y a conseguir la felicidad, mayor alivio y riqueza de su monarquía*. Madrid. Tirado de Villas Tinoco (1981: 15).

- *Instrucción*: acompaña o decreto de 1749 e definía o método de traballo que había de seguirse para a confección do catastro; o que había que averiguar, como fixar as rendas ou os *libros oficiales* que había que elaborar.
- *Audiencias*: equipos responsables de levar a cabo o catastro.
- *Intendente*: presidente dunha Audiencia.
- *Justicia*: alcalde da localidade en cuestión.
- *Peritos*: veciños do lugar e bos coñecedores de todo o relativo ao mesmo, e que responderían aos Interrogatorios.

A década de 1750 resultou ser o epicentro do catastro, e, sendo aínda máis concretos, o lustro de 1753 a 1758 foi o de máximo traballo, se atendemos ao número de volumes xerados nesa época e que daban conta das operacións realizadas (Camarero Bullón 2002: 87-88). Malia todo, a *única contribución* nunca chega a implementarse, e o proxecto catastral queda abandonado definitivamente no ano de 1779. Na opinión de Gómez Urdáñez (1996: 188), son varios os factores decisivos para esa sorte final: por unha parte, a propia destitución de Ensenada como ministro (1754) e a morte en 1757 de Bartolomé Sánchez de Valencia, quen fora un dos tres *directores generales de rentas* ás ordes de Ensenada e que dirixira o proxecto piloto do catastro en Guadalajara; por outro lado, a morte da raíña en 1758 e a súa influencia no estado de saúde do rei Fernando VI, que morre o ano seguinte despois de meses en penosas condicións e afastado das súas funcións (o que provocou o chamado *Ano sen rei*); e por outro lado, e ante todo, os problemas técnicos e os gastos que supuñan as revisións das situacións postas de manifesto nos interrogatorios e os cambios periódicos que se debían facer derivados de tal extremo.

Deste xeito, os constantes custos económicos que comportaba a empresa do catastro e, por extensión, o establecemento da Única Contribución foron unha causa moi importante no definitivo desaproveitamento do proxecto.

2.2.2. O catastro en Galiza

As disposicións do Real Decreto do 10 de outubro de 1749 outorgaron a dirección das operacións en Galiza ao intendente José Avilés Itúrbide; home de dilatada experiencia na administración, decidiu facer o primeiro ensaio catastral para Galiza na cidade de Betanzos, se cadra por non ser unha cidade grande e de termos dilatados e pola súa proximidade á Coruña (Saavedra 2007: 780-782). Por tanto, a betanceira é a primeira localidade galega en ser catastrada, na primavera de 1750, mentres que as últimas quedarán rematadas no ano 1753 (Saavedra 2011: 690). Avilés detecta os primeiros problemas derivados da posta en escena do catastro no particular territorio galego, e malia que é cesado e substituído en 1751 por Francisco Javier Serón (ao cargo dos nosos tres interrogatorios, pois foi o encargado das provincias de Ourense e Santiago) e Juan Felipe Castaños, esas eivas seguirán aparecendo: dificultades para medir e clasificar cada parcela, plantío de árbores moi irregular, traballo

feminino na artesanía... De feito, Saavedra (2011: 692) indica que na correspondencia entre ambos se albiscan máis problemas: o problema de asignar dereitos de propiedade sobre terras que pagan rendas a diversos receptores, a incapacidade da veciñanza para presentar listas de bens e a dificultade de diferenciar nela entre a malicia e a ignorancia nas respostas, o elevado número de parcelas que poden cambiar de cultivador dun ano para outro etc.

O historiador da Universidade de Santiago de Compostela subliña que, en comparación con outros territorios, a realización do catastro en Galiza tiña varias dificultades engadidas: a dispersión poboacional, a tremenda parcelación da terra, o complexo sistema de policultivo e o feito de que a vida cotiá no rural galego, chea de singularidades e protagonizada por individuos que na maioría dos casos só coñecían a lingua galega, estaba moi distanciada das regras administrativas e dun mundo oficial instalado no idioma castelán. O mencionado problema do parcelamento galego conduciu a García Serón a solicitarlle á Real Junta permiso para catastrar o territorio co *método de agros*, método polo cal, dicía, se podía aforrar tempo e diñeiro:

Ver un agro cercado o pieza grande de tierra, y en el cuaderno que lleve para el asiento poner el nombre de él [...] explicando el lugar o aldea en que está situado, y después ponerle los límites o confrontaciones. [Luego] se pasa a hacer el asiento por menor de cada una de las parcelillas de que se compone, poniendo sólo el nombre que tuviere la piececilla [...], la cabida, especie y calidad de ella (Archivo General de Simancas, Dirección General de Rentas, 1ª Remesa, leg. 1875. Tirado de Saavedra 2007: 798-799).

Non obstante, tal petición foille denegada pola Real Junta. Desde logo, e en opinión de Saavedra (2007: 800), o importante e inmutable eran os agros, xa que a distribución das súas parcelas variaba a miúdo e debido a múltiples factores. Así pois, parece innegable que a efectos de comodidade, o método que formulaba Serón sería, cando menos, máis cómodo para recadar información no Reino de Galiza.

Outra das peculiaridades do catastro en Galiza con respecto ao mesmo noutras partes do reino é a unidade de poboación que se toma como base para catastrar: nuns casos o couto (*coto*), en contados casos aldeas grandes (*pueblos*), ocasionalmente as xurisdicións (Saavedra 2009: 78) e, por termo xeral, a freguesía (*feligresía*), o que dá fe da importancia da mesma na organización social de Galiza, alén das implicacións relixiosas que carrega conxuntamente (Saavedra 2011: 695-696).

Xa se especificou tamén a importancia do traballo feminino na nosa terra, sobre todo no sector tecelán, e os problemas que isto trouxo, segundo Saavedra (2011: 697-698), nos labores de catastrado, pois en teoría elas quedaban fóra da contribución persoal¹⁶. Este fenómeno suscitou dúbidas, como xa se indicou, no condutor do proxecto de posta en marcha en

¹⁶ A consulta dalgunha das obras publicadas en *Alcabala del Viento* (vid., por exemplo, Campos / Camarero (dirs.) 1990) deixa entrever o porqué: os *veciños* son os que, como *cabezas de casa*, son suxeitos fiscais, e esta función normalmente era exercida por homes. No caso das mulleres, as viúvas, solteiras etc. son as que normalmente se contan como *veciñas* ao seren suxeitos fiscais.

Betanzos, José Avilés, e é de lóxica pensar que tamén en moitas comisións ao longo do territorio galego, sospeita que se deduce do feito de que tecedoras, taberneiras, costureiras etc. aparezan mencionadas con detalle nalgúns interrogatorios e noutros non, aínda tratándose en moitos casos de poboacións grandes ou de zonas xeográficas especializadas nalgún sector no que a muller fose parte fundamental.

Os resultados do “intento” galego caracterízanse por seren moi variables en canto a exhaustividade e fiabilidade da información recolleita, e por non resultar en definitiva un catastro estritamente xeométrico-parcelario (Saavedra 2011: 690). Existen notables diferenzas, tanto na metodoloxía empregada, como no proceder, como nos resultados finais colleitados, dunhas rexións galegas a outras, ou incluso duns coutos a outros¹⁷. A incongruencia xeral máis grande vén dada na discordancia entre o total de superficie declarada e a superficie real do territorio galego: a suma dos datos de todas as unidades catastradas ascende a 8029 km², mentres que a superficie real de Galiza supera (hoxe) os 29000 km² (Saavedra 2011: 698).

As anteditas heteroxeneidade e variación interna do catastro en Galiza chegan a ter nalgún caso como protagonista a nosa comarca. Saavedra (2007: 820) informa que mentres o hectolitro de centeo se valorou en 19,6 reais en Negreira (o prezo máis baixo), fíxoo en 25,3 en Padrón.

2.2.3. O catastro nas terras da Barcala

Na actualidade, o Val da Barcala está conformado polos concellos de Negreira (a súa capital) e A Baña. O río Barcala cruza ambos concellos e dálle nome á comarca, que é en extensión das máis pequenas de Galiza e que se sitúa ao occidente da comarca de Compostela, a pouco máis de 15 quilómetros da capital.

¹⁷ Pódense ver varios exemplos de todas esas diferenzas, incluso rozando o anecdótico, en Saavedra (2007: 805-807).



Fig. 1. Situación da comarca da Barcala en Galiza (concellos de A Baña e Negreira), da cal tiramos os documentos do noso estudo.

Na actualidade, o concello divídese en 32 freguesías, 17 en Negreira e 15 na Baña. No seguinte mapa pódese ver a situación das mesmas, así como as que se inclúen nos documentos que editamos e estudamos neste traballo:



Fig. 2: mapa da comarca da Barcala. En destaque, as freguesías incluídas no noso corpus obxecto de edición e estudo¹⁸

¹⁸ Mapa cortesía de Gustavo Vidal.

As operacións relativas ao proxecto fiscal de Ensenada comezaron no Val da Barcala no ano 1752. Son varias as intervencións que se levaron a cabo no territorio que hoxe en día se considera formalmente pertencente á comarca da Barcala. De todas elas, escollemos tres interrogatorios e tres libros das *Respuestas Particulares* que nos achegaron suficiente información filolóxica e que ao mesmo tempo coidamos que eran suficientemente representativos da ampla zona xeográfica (superior aos 200 km²) que abranguen os concellos de Negreira e A Baña:

- *Interrogatorio de San Cristóval de Corneira y otras en él comprendidas*. Ademais de Corneira (A Baña), nel veñen incluídas as freguesías de Portor e Covas (Negreira), e Ordoeste, San Vincenzo da Baña, San Salvador da Baña, San Xoán de Barcala e San Cibrán de Barcala (A Baña).
- *Interrogatorio de las feligresías de Santa Eulalia de Logrosa y San Julián de Negreira*. Ambas pertencentes ao actual concello de Negreira.
- *Interrogatorio del coto feligresía de San Pedro de Bugallido*. Pertencente ao concello de Negreira.

As copias do tres interrogatorios consérvanse microfilmadas no Arquivo Histórico Universitario da USC e en Simancas e están dixitalizadas en PARES. Pero ademais, no que atinxe a todas as freguesías abranguidas polos ditos interrogatorios, no Arquivo do Reino de Galicia da Coruña atópanse conservados tres libros das *Respuestas Particulares* relativas á freguesía de San Cristovo de Corneira (no caso do resto das freguesías, están perdidos), e son os seguintes:

- *Real de Eclesiásticos de Corneira*. Detalla as propiedades que os eclesiásticos tiñan na freguesía de San Cristovo de Corneira.
- *Personal de Legos de Corneira*. Aparece detalladamente un padrón de laicos da dita freguesía.
- *Personal de Eclesiásticos de Corneira*. Libro no que aparecen os eclesiásticos que residen nesa freguesía.

Deste xeito, e en suma, temos información (neste caso, onomástica) de 10 freguesías – San Salvador da Baña non o é na actualidade– das 33 que compoñen a comarca; das 10 que editamos, 5 pertencen ao concello de Negreira (Bugallido, Covas, Logrosa, Negreira e Portor), e as outras 5 ao da Baña (Corneira, Ordoeste, San Vincenzo da Baña, San Cibrán de Barcala e San Xoán de Barcala). As 23 freguesías restantes, non obstante, foron catastradas igualmente entre os anos 1752-1753.

No concello de Negreira, á parte das 5 que editamos, as demais freguesías aparecen catastradas en tres interrogatorios diferentes: Aro, Arzón, Broño, Campelo, Gonte, Landeira, Liñaio, Lueiro, A Pena, Xallas e Zas agrúpanse nun mesmo interrogatorio baixo o nome

Interrogatorio de las 11 feligresías incluidas en la jurisdicción de Barcala; por outra parte, Alvite e Campolongo intégranse en senllos interrogatorios da *Jurisdicción de Muros*, a primeira xunto a varias freguesías, fundamentalmente, do actual concello de Mazaricos, e a segunda xunto a outras (a maior parte delas) do actual concello de Outes.

No concello da Baña, a distribución en interrogatorios das restantes freguesías que non editamos (10) é máis heteroxénea: Cabanas, Fiopáns e Lañas constitúen, cada unha, interrogatorios individuais; A Ermida e A Riba catastráronse nun mesmo interrogatorio xunto a outra freguesía do actual concello de Santa Comba; Marcelle e Suevos correron a mesma sorte, pero xunto a máis freguesías da actual Santa Comba; O Barro aparece nun interrogatorio xunto a varias freguesías dos actuais concellos de Santa Comba, Carballo, Coristanco e Tordoia; Troitosende correu a mesma sorte pero xunto a varias freguesías do actual concello de Val do Dubra; por último, o caso máis senlleiro é o da freguesía de Sanamede do Monte: só temos constancia do interrogatorio do *Coto* de Nantón, que é a súa aldea máis grande na actualidade e que está preto do lugar de Sanamede, núcleo onde se atopa a sé parroquial e o templo relixioso. Constitúe o único interrogatorio da comarca cuxa unidade catastrada non é coincidente co nome dunha freguesía.

2.3. O Val da Barcala no século XVIII

A administración galega a mediados de século distribuíase en xurisdicións, coutos, partidos fiscais e freguesías, “circunscricións que non coincidían unhas coas outras e que revelan a pluralidade de poderes vixentes: o poder real, o poder señorial e o poder eclesiástico” (Saavedra 2013: 15). Xurisdicións e, dentro delas, coutos, son de carácter fundamentalmente señorial, mentres a freguesía éo eclesiástico (Saavedra 2013: 19). Ao longo dos nosos documentos atopamos continuamente referencias, sobre todo, a xurisdicións, coutos e, por suposto, freguesías. Así, queda clara a preeminencia do poder señorial e eclesiástico na Galiza do momento (Saavedra 2013: 17).

Posiblemente sexa o propio Catastro de Ensenada a mellor (e en moitos casos, única) fonte para achegarnos á vida de Galiza do século XVIII, e en concreto á vida na comarca da Barcala. Non obstante, e como xa mencionamos, o feito de que aínda non se editasen os documentos na nosa comarca implica que o coñecemento que temos sobre este século sexa limitado, cando non circunscrito ao ámbito xeral galego. Polo momento, a máxima achega histórica que temos da mesma faina Rodríguez Troncoso (2014) nunha obra sen clara vocación científica, *Os albores de Feiraco*, malia que ofrece datos moi aproveitables¹⁹.

Sabemos que a actual comarca da Barcala pertencía á antiga provincia de Santiago; tamén sabemos que, en ausencia aínda da reforma territorial-administrativa do século XIX, ningunha destas freguesías pertencía a ningún concello moderno (Negreira ou A Baña); coma no resto de Galiza, a poboación era daquela eminentemente rural, dispersa e dedicada ao agro: como

¹⁹ Amador Rodríguez Troncoso (A Cañiza, 1922) foi o primeiro axente de extensión agraria de Negreira e leva toda a vida profesional e persoal vencellada ao mundo rural e agrogandeiro.

indica a propia web do Portal de Archivos do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, os primeiros estudos realizados a partir dos datos do catastro reflicten só un 7% de poboación galega que vive en núcleos de máis de 1000 habitantes. A entidade parroquial era máis forte e importante naquel momento, e de feito non é casualidade que para o territorio galego se escollese como ámbito de actuación no proceso do catastro, polo xeral, a freguesía. Rodríguez Troncoso (2014: 25-54), sempre baseándose no seu propio estudo do catastro, achéganos variada información sobre as freguesías incluídas na nosa edición: por exemplo, a respecto do poder señorial, sinala que Corneira, Ordoeste, San Vincenzo da Baña, San Salvador da Baña, San Xoán de Barcala, San Cibrán de Barcala, Covas e Portor eran vasallos do conde de Altamira; Negreira (agás os lugares de Campos e Vilachán) e Logrosa, do arcebispado de Santiago; e Bugallido, da Encomenda de San Xoán de Portomarín. Nótese que coinciden as relacións de vasalaxe coa elaboración do catastro por agrupación de freguesías (aínda que, obviamente, todos eses señoríos tiñan máis freguesías en relación de vasalaxe). Isto quere dicir que as freguesías incluídas no noso traballo foron parcialmente catastradas por xurisdicións en combinación coas freguesías integradas nelas: a da Barcala de Abaixo (Corneira, Ordoeste, San Vincenzo da Baña, San Salvador da Baña, San Xoán de Barcala, San Cibrán de Barcala), a de Lañas (Logrosa, Negreira) e a de Bugallido, que era a única freguesía da súa propia xurisdición e constituía así mesmo un couto. Pola contra, na xurisdición de Lañas había tres freguesías máis que as incluídas en IL, mentres IC incluíu todas as freguesías da xurisdición da Barcala de Abaixo (Rodríguez Troncoso 2014: 27-29; Ríu Barja 1990: 19-64).

Tamén é interesante a recollida que fai de todos os veciños (é dicir, suxeitos fiscais, non habitantes totais) das freguesías que incluímos á altura de 1752. Facémoslos visibles na seguinte táboa:

Freguesía	Veciños
Bugallido	62
Corneira	75
Covas	46
Logrosa	52
Negreira	48
Ordoeste	82
Portor	93
San Cibrán de Barcala	37
San Xoán de Barcala	49
San Salvador da Baña	33
San Vicenzo da Baña	89
TOTAL	666

Fig. 3: Número de veciños das freguesías do noso estudo á altura de 1752. Datos tomados de Rodríguez Troncoso (2014: 34-35).

Exemplos coma estes, que ofrecen unha imaxe xeral do Val da Barcala no século XVIII, son boa mostra de toda a información histórica que se pode tirar do estudo do catastro e que se pode incrementar coa edición do mesmo²⁰. Así pois, coa edición de parte dos documentos correspondentes á comarca barcalesa sentamos a primeira base e deixamos a porta aberta para un futuro posible estudo de carácter historiográfico que afonde nos pormenores e poida ampliar o coñecemento, con maior ou menor precisión, sobre a vida, a sociedade e as relacións administrativas na comarca da Barcala durante o século XVIII.

3. EDICIÓN

3.1. Abreviaturas

As abreviaturas constitúen un recurso de uso frecuentísimo ao longo dos documentos catastrais. Por iso, incluímos aquí a listaxe completa das empregadas nos nosos documentos, para ofrecer a posibilidade de cotexas. Como xa foi indicado, na edición aparecen as formas desenvolvidas das mesmas en itálica; acompañamos esa información da forma literal abreviada, do lema, que se refire á palabra resultante de desenvolver a abreviatura (figuran en itálica aquelas que poden ser interpretadas como voces galegas), e das ocorrencias que teñen nos documentos no seguinte cadro:

²⁰ Para máis información histórica do momento na comarca (rendas, cultivos, propiedades etc.) *vid.* Rodríguez Troncoso (2014: 25-54).

CADRO DE ABREVIATURAS

Lema	Forma abreviada	Forma desenvolvida	Referencia textual
abecedario	abcdario.	abecedario	PLeg: 2.
abril	abrl.	abril	REcl: 1; PLeg: 1; PEcl: 1.
además	admas.	además	IC: 7; IL: 1; IB: 1.
alguacil	algcil.	alguacil	IB: 1.
algunas	algas.	algunas	IC: 1.
<i>Antonio</i>	Ant.	<i>Antonio</i>	REcl: 2; PLeg: 1; PEcl: 1.
	... Anto.	<i>Antonio</i>	IC: 1.
anual	annua.	<i>annual</i>	IC: 1.
años	aos.	<i>años</i>	PLeg: 13.
aunque	aunqe.	<i>aunque</i>	REcl: 1.
ausente	auste.	<i>ausente</i>	IL: 1.
cabida	cav.	<i>cavida</i>	REcl: 120.
	... cavda.	<i>cavida</i>	IC: 3.
calidad	c.	<i>calidad</i>	REcl: 103.
	... calid.	<i>calidad</i>	IC: 3; REcl: 27.
calidades	calids.	<i>calidades</i>	IC: 1.
cantidad	cantd.	<i>cantidad</i>	IC: 1.
centeno	zento.	<i>zenteno</i>	IC: 2.
cincuenta	cinqta.	<i>cinquenta</i>	IC: 2; IL: 1; IB: 1.
ciudad	ciud.	<i>ciudad</i>	IC: 1; REcl: 2.
compañía	compa.	<i>compañía</i>	PLeg: 1.
consorte	te.	<i>quonsorte</i>	REcl: 1.
<i>Corneira</i>	Cornea.	<i>Corneira</i>	PLeg: 1.
<i>Cristina</i>	Xptina.	<i>Cristina</i>	IC: 2.
Cristóbal	Xptobal.	<i>Cristóbal</i>	IC: 3.
	... Xptoal.	<i>Cristóbal</i>	IC: 8; REcl: 3; PLeg: 2; PEcl: 2; IB: 4.
cuarenta	quarta.	<i>quarenta</i>	IC: 1.
cuartillos	qllos.	<i>quartillos</i>	REcl: 70.
cuarto	qto.	<i>quarto</i>	REcl: 1.
cuartos	qtos.	<i>quartos</i>	REcl: 1.
demás	dems.	<i>demás</i>	IC: 1.
derecha	dera.	<i>derecha</i>	EEcl: 1.
dicha	dha.	<i>dicha</i>	IC: 21; REcl: 10; PLeg: 4; PEcl: 6; IL: 40;
			IB: 3.
dichas	dhas.	<i>dichas</i>	IC: 3; REcl: 1; IL: 33; IB: 1.
dicho	dho.	<i>dicho</i>	IC: 41; REcl: 1; IL: 30; IB: 49.

dichos	dhos.	dichos	IC: 4; REcl: 4; PLeg: 1; PEcl: 1; IL: 7; IB: 4.
diligencia	delixa.	delixencia	REcl: 1.
diligencias	delixas.	delixencias	REcl: 1; PLeg: 1.
doctor	dr.	doctor	IL: 2.
<i>Dominga</i>	Doma.	<i>Dominga</i>	REcl: 3.
<i>Domingo</i>	Domo.	<i>Domingo</i>	IC: 3; REcl: 1; IB: 2.
<i>Domínguez</i>	Domez.	<i>Domínguez</i>	IB: 2.
don	dn.	don	IC: 63; REcl: 16; PLeg: 7; PEcl: 5; IL: 13; IB: 3.
doña	da.	doña	PLeg: 1; IL: 1; IB: 2.
eclesiásticos	ecc.	<i>eclesiásticos</i>	REcl: 1.
	... eccos.	<i>eclesiásticos</i>	PEcl: 1.
	... ecls.	<i>eclesiásticos</i>	IC: 1.
edad	hed.	hedad	PLeg: 8.
ejercicio	exercio.	exercicio	IC: 1.
escribano	eno.	<i>escribano</i>	IB: 1.
	... essno.	<i>esscribano</i>	IC: 1.
	... esvno.	<i>escrivano</i>	IC: 1.
	... sno.	<i>scribano</i>	PLeg: 1; IL: 7.
	... ssno.	<i>sscribano</i>	REcl: 1; PLeg: 2.
establecimiento	extablecimo.	<i>extablecimiento</i>	PEcl: 1.
feligresía	fra.	<i>feligresía</i>	IC: 4; REcl: 3; PLeg: 4; PEcl: 4; IL: 11; IB: 8.
feligresías	fras.	<i>feligresías</i>	IL: 1.
Felipe	Phe.	<i>Phelipe</i>	IC: 1.
<i>ferrado</i>	ferrdo.	<i>ferrado</i>	REcl: 1; IL: 1.
	... ferro.	<i>ferrado</i>	IC: 4.
	... fo.	<i>ferrado</i>	REcl: 45.
<i>ferrados</i>	f.	<i>ferrados</i>	REcl: 1.
	... ferraos.	<i>ferrados</i>	IB: 1.
	... ferrs.	<i>ferrados</i>	IC: 4.
	... frdo.	<i>ferrados</i>	REcl: 1.
	... frdos.	<i>ferrados</i>	REcl: 17.
	... frs.	<i>ferrados</i>	REcl: 1.
<i>Francisca</i>	Franca.	<i>Francisca</i>	REcl: 2; PLeg: 1.
<i>Francisco</i>	Franco.	<i>Francisco</i>	IC: 1; PLeg: 2; IL: 1.
<i>García</i>	Gra.	<i>García</i>	REcl: 2; PLeg: 1.
<i>González</i>	Gonzs.	<i>Gonzales</i>	IC: 1.
garde	ge.	<i>garde</i>	IB: 1.
<i>Ignacio</i>	Igno.	<i>Ignacio</i>	IB: 1.
iguales	igs.	<i>iguales</i>	REcl: 1.
igualmente	igualmte.	<i>igualmente</i>	IL: 1.
interrogatorio	interro.	<i>interrogatorio</i>	PLego: 1.

	...	interrogato.	interrogatorio	REcl: 1.
izquierda		izqa.	izquierda	REcl: 1.
José		Jph.	Joseph	IL: 1; IB: 5.
juramento		juramto.	juramento	PLeg: 1; PEcl: 1.
jurisdicción		jurisón.	jurisdicción	IL: 1.
justicia		justia.	justicia	PLeg: 1.
labradío		lo.	labradío	REcl: 1.
labrador		labraor.	labrador	PLeg: 2.
Lameiro		Lamo.	Lameiro	IB: 1.
levante		l.	levante	IC: 26; REcl: 118; IL: 4; IB: 2.
llamada		llamda.	llamada	IC: 1.
llamado		llamdo.	llamado	IC: 3; PLeg: 1.
maestro		mro.	maestro	IB: 1.
Magestad		M.	Magestad	IC: 11; REcl: 2; PLeg: 1; PEcl: 1; IL: 4; IB: 2.
	...	Mad.	Magestad	IB: 1.
	...	Magd.	Magestad	IB: 1.
Manuel		Manl.	Manuel	REcl: 1; PLeg: 1; PEcl: 1.
maravedís		mrs.	maravedís	IC: 16; IL: 1; IB: 10.
María		Ma.	María	IC: 3.
mayor		maor.	mayor	PLeg: 2.
mayordomo		maymo.	mayordomo	IL: 1.
mayores		maores.	mayores	PLeg: 1.
medio		mo.	medio	IC: 2.
mediodía		m.	mediodía	IL: 3.
menor		meor.	menor	PLeg: 1.
menores		menres.	menores	PLeg: 1.
menores		menrs.	menores	PLeg: 2.
Merced		Mrd.	Merced	REcl: 1; PLeg: 1; PEcl: 1; IB: 4.
nombre		nre.	nombre	REcl: 1; PLeg: 1.
norte		n.	norte	IC: 18; REcl: 120; IL: 4; IB: 3.
operación		obperaon.	obperación	REcl: 1.
ordinario		hordino.	hordinario	IC: 2; IB: 1.
otra		o.	Otra	REcl: 2.
partes		ptes.	partes	REcl: 1.
Personal		Pl.	personal	PLeg: 1; PEcl: 1.
personas		persons.	personas	IC: 1.
	...	pnas.	personas	PLeg: 1.
poniente		p.	poniente	IC: 18; REcl: 118; IL: 4; IB: 2.
pregunta		pregta.	pregunta	REcl: 1; IB: 1.
preguntas		pregtas.	preguntas	IL: 1.
primera		prima.	primera	IC: 5.
provincia		prova.	provincia	REcl: 1.
	...	provia.	provincia	PLeg: 1.

prudencialmente	prudencialmte.	prudencialmente	IC: 1.
que	qe.	que	IC: 1; PEcl: 1; IL: 11; IB: 1.
Real	Rl.	Real	IC: 3; REcl: 1; PLeg: 3; PEcl: 2; IL: 2.
real	rrl.	rreal	IC: 1.
reales	res.	reales	IL: 33.
	... rrs.	rreales	IL: 3.
	... rrs.	rreales	IC: 21; IB: 58.
	... rs.	reales	IC: 6; REcl: 1; IB: 1.
regulación	regulan.	regulacion	IL: 1.
responden	respden.	responden	IC: 1.
	... respn.	responden	IL: 20; IB: 8.
	... respondn.	responden	IC: 3.
	... rrespn.	rresponden	IB: 11.
restante	reste.	restante	IC: 1.
Rodríguez	Rez.	Rodríguez	IB: 1.
San	S.	San	REcl: 1.
	... Sn.	San	IC: 10; REcl: 1; PLeg: 3; PEcl: 2; IL: 14.
Santa	Ssta.	Ssanta	REcl: 1.
	... Sta.	Santa	IC: 3; IL: 5.
Santiago	Santo.	Santiago	IC: 1; REcl: 1.
	... Ssto.	Ssantiago	REcl: 1.
	... Sto.	Santiago	PLeg: 1; PEcl: 1.
según	segn.	según	REcl: 1; PLeg: 1.
segunda	segda.	segunda	IC: 1.
sembrado	sembrdo.	sembrado	IC: 1.
señor	sor.	señor	IL: 5.
señores	sre.	señores	IL: 1.
setecientos	setezos.	setezientos	IL: 1.
siguiente	sigte.	siguiente	PLeg: 1; IL: 1.
siguientes	sigtes.	siguientes	IL: 1.
sobredichas	sobredhas.	sobredichas	IL: 3.
Su	S.	Su	IC: 11; PLeg: 1; PEcl: 1; IL: 5; IB: 2.
subdelegado	subdelegdo.	subdelegado	IL: 1.
Sur	s.	sur	IC: 18; REcl: 118; IB: 3.
término	termo.	término	IC: 2.
	... trmo.	término	REcl: 1.
tiene	tie.	tiene	REcl: 1.
utilidad	utild.	utilidad	IB: 1.
	... utilid.	utilidad	REcl: 1.
Vázquez	Vázqz.	Vázquez	REcl: 4.
vecino	vezno.	vezino	IL: 2.
	... vo.	vecino	IB: 1.
vecinos	ves.	vezinos	IB: 1.
	... veznos.	vezinos	IL: 3.

veinte	vn.	vellón	IB: 1.
	... vte.	veinte	REcl: 1; PLeg: 1; PEcl: 1; IL: 1.
vellón	veón.	vellón	IL: 8.
verdes	berds.	berdes	IC: 1.
Vicente	Vizte.	Vizente	IC: 2.

Fig. 4: Listaxe de abreviaturas presentes en IC, REcl, PLeg, PEcl, IL e IB, desenvolvemento de cada unha, forma estándar e número total de aparicións en cada documento

3.2. Interrogatorios ou *Respuestas Generales*

3.2.1. *Interrogatorio de San Cristóval de Corneira y otras en él comprendidas* **(IC)**

|476r|

Interrogatorio de San Cristóval de Corneira y otras en él comprendidas

En la feligresía de San Juan de Barcala, jurisdicción del mismo nombre, apellido y casa de Audiencia señalada, a seis días del mes de febrero de mil setecientos cincuenta y tres, delante el señor don Manuel Antonio Arias, conde de Aguiar, subdelegado aprobado por la Real Junta de la Única *Real* Contribución, después de haver precedido recado político y citación para efecto de responder a las preguntas del interrogatorio de la letra A, que ba por principio de este quaderno, parecieron presentes:

- don Pasqual López, rector y cura propio de esta dicha feligresía,
- don Alonso Azevedo, que lo es de la [de] Santa María de Ordoeste, *San Vizente* y *San Salvador da Baña*,
- don Clemente de Soto, cura de la [de] *San Cristóval de Corneira*,
- y don Francisco Pérez de Lucía, que lo es de la de *San Ciprián de Barcala* y *Santa María de Covas*,

por lo que les toca |476v| y en nombre de don Andrés de la Iglesia, vicario cura de la de Santa María de Portor, y don Mauro de Aldrey, párrocho de la de *San Julián de Negreira*, en que son comprehendidos los lugares de Campos y Vilachán, por indisposición de don Antonio de Casal, juez ordinario en esta dicha jurisdicción:

- Domingo Pérez y Andrés Fins, peritos nombrados por dicha justicia para la citada feligresía de *San Cristóval de Corneira*,
- Andrés de Antelo y Bartholomé García para la de Santa María de Hordoeste,
- Domingo do Barreiro y Domingo do Maio por las de *San Vizente* y *San Salvador da Baña*,
- Andrés Codeso y Salvador de Lens por la de *San Juan de Barcala*,
- Matheo de Lueiro y Pedro Gómez por las de Santa *María de Cobas* y *San Ciprián de Barcala*,
- Juan Pérez por la de Santa María de Portor,
- y Sevastián de Castro e Ignacio de Gosende por el término de *San Julián de Negreira* que comprehende esta jurisdicción;
- Domingo Rodríguez, Gregorio de Eiras y Bernabé Pais, peritos nombrados por parte de la |477r| *Real Hazienda* para el reconocimiento de tierras de dicho término y más haveres en él,

unos y otros personas de la mejor obpinión e inteligencia para responder a dichas preguntas en virtud del conocimiento que tienen de lo perteneciente a cada una de las citadas feligresía[s]: cantidades de tierras, especies, calidades y cultura, número de casas, alquileres de estas y personas, de su población, sus artes, oficios y utilidades de cada uno.

Y enterados formalmente todos de las preguntas de dicho interrogatorio que con antelación se les confió para que pudiesen deponer a su thenor con toda pureza y exsactitud vajo el

juramento que tiene[n] echo –excepto dichos curas– en que de nuevo se ratifican, digeron y depusieron a cada una de ellas lo siguiente:

1. Cómo se llama la población

A la primera digeron que esta jurisdicción se llama comúnmente la de Barcala, que se divide en dos partidas, un[a] llamad[a] de Abajo y otr[a] de Arriba; que este por menor se compone de ocho feligresías y parte de la [de] Negreira, y se llama[n]:

- San Cristóbal de Corneira,
- Santa María de Hordoeste, |477v|
- San Salvador de Baña,
- San Vizente da Baña,
- San Juan de Barcala,
- San Ciprián de Barcala,
- Santa María de Covas,
- Santa María de Portor
- y parte de la dicha de Negreira.

Que cada una de ellas incluye dentro de su término diferentes lugares o aldeas en que viven sus naturales.

Y respondem.

2. Si es de realengo u de señorío, a quién pertenece, qué derechos percibe y cuánto producen

A la segunda digeron ser de señorío, todas ellas del conde de Altamira, y que como tal pone juez hordinario, que lo es actual don Antonio de Casal, el que administra en ellas justicia y que también pone en ellas escribano de número, como al presente lo es Juan Antonio Barvazán, y por dicho conde también se pone, además de los ya citados, huno llamado alcalde mayor, que lo es al presente don Joseph Isla de la Torre, vezino de la ciudad de Santiago, el que solo conoce de las causas en dicha jurisdicción allándose dentro de ellas, que esto raras vezes contece.

Y los derechos que percibe dicho conde por razón de señorío son: lutuosa, que se paga por cada casado que se muere a proporción de su caudal, y además de |478r| ello dos rreales de vellón al año, y de cada individuo que tiene obejas y uno del que no las tiene con título de lobo y vela, y diez *maravedís* más cada uno de dichos vasallos a excepción de los pobres y las viudas; siendo de posible pagan también una gallina cada un[o], cuyos derechos calculados unos años con otros en conformidad de lo que practican los mayordomos del expresado conde axcenderán, por la lutuosa, lovo, y vela y más expresado:

- En la de Corneira a noventa y quatro *rreales*, veinte y dos de ellos de lutuosa y el resto por lobo, vela y más rreferido; y las gallinas a doze cada año.

- En la de Santa María de Hordoeste a ciento y quatro reales, veinte y quatro de lutuosa y los ochenta por la motibada razón; las gallinas a catorce.
- En la de San Salvador da Baña ascenderá la lutuosa a quinze *reales*, los demás servicios a quarenta y dos y las gallinas a ocho.
- En la de San Vizente da Baña a treinta *rreales* de lutuosa, ochenta y cinco de lobo y vela –inclusos los diez *maravedís* que paga cada basallo– y doze gallinas.
- En la de San [478v] Juan de Barcala la lutuosa importará diez y seis *rreales*, los demás derechos cinquenta y cinco, y ocho gallinas.
- En la de San Ciprián de Barcala ascenderá la lutuosa a doze *reales*, los demás servicios a quarenta y tres y las gallinas a seis.
- En la de Santa María de Covas importará la lutuosa quinze reales, los demás derechos sesenta y cinco, y diez gallinas.
- [En] la de Santa María de Portor importará *dicha* lutuosa catorce reales, los otros derechos cinquenta y dos, y ocho gallinas.
- En el término de la [de] Negreira que comprehende *dicha* jurisdicción importará la lutuosa seis reales, los demás derechos veinte y dos, [y] quatro gallinas.

Y responden.

3. Qué territorio ocupa el término, cuánto de levante a poniente y del norte al sur, y cuánto de circunferencia, por horas y leguas; qué linderos o confrontaciones y qué figura tiene, poniéndola al margen

A la tercera digeron que el territorio que ocupa el término de la feligresía de Corneira será:

- de *levante* a *poniente* un quarto de legua;
- de *norte* a *sur* medio quarto;
- y de circunferencia poco más de media legua, que para caminarsse se nezesitan tres quartos de ora por lo quebrado del therreno;

cuyos linderos:

- principian por *levante* en donde llaman Couto Carballo, [479r]
- de allí ba a la fuente Pouliñosa,
- de esta a Piedra Maior,
- de aquí a la casa de Juan do Barreiro,
- de esta al regato de Ferreiros,
- de allí al sitio de Froxende,
- y ba fenecer al marco do Couto Carballo, donde principió.
- *Levante* topa con *dicha* feligresía de Hordoeste,
- *poniente* con la de San Pedro de Bugallido,
- *norte* con la de San Juan da Riba,
- *sur* con las de San Mamed da Pena y San Estevan de Landeira.

Su figura la del margen:



La de Santa María de Hordoeste ocupa:

- de *levante* a *poniente* medio cuarto de legua;
- de *norte* a *sur* tanta y media distancia;
- y de circunferencia cerca de media legua, que para caminarsse se nezesita poco más de media hora.
- *Levante* feligresía de San Juan de Barcala,
- *poniente* la de Corneira,
- *norte* San Salvador da Baña,
- *sur* San Mamed da Pena.

Apéase más bien su término:

- principiando por el *levante* en el riego da Feña,
- de allí dando buelta al Agro de Rexenxo, que comprehende hasta el regato de Braño,
- sigue a Porto Estrella por junto a los Castros hasta el marco de Couto Carballo, |479v|
- de allí a las Penas de Froxende,
- de estas a Monte Agudo,
- y ba a fenecer en *dicho* riego da Feña, donde se le dio principio.

Cuya figura es la del margen:



La de San Salvador da Baña ocupa:

- de *levante* a *poniente* un cuarto de legua;

- de *norte* a *sur* lo mismo;
- y de circun[ferencia]tres cuartos de legua, que por lo montañoso del terreno se nezesita para caminarsse una ora.
- *Levante* demarca con San Vizente da Baña,
- *poniente* con la de Corneira,
- *norte* San Mamed de Suebos y coto da Hermida,
- *sur* con la dicha de Hordoeste.

Descrívesse por menor su término:

- principiando en donde llaman Monte Gatón,
- de allí ba a las Canles,
- de estas a las Peñas de Froxende,
- de aquí al marco de Ferreiros,
- de este a la corredera de Mosteiros,
- sigue a Peña Rajada,
- de esta a la dehesa de Gronxo
- y finaliza en dicho sitio de Monte Gatón.

Su figura la denota el margen:



La de San Bizente da Baña ocupa:

- de *levante* a *poniente* un cuarto de legua;
- de *norte* a *sur* cuarto y medio;
- y de circunferencia cerca de una legua, que para caminarsse se nezesita una ora.

[480r]

- *Levante* con el coto de Nantón,
- *poniente* San Salvador da Baña,
- *norte* Santa Cristina de Marcelle –jurisdicción de Jallas–,
- *sur* con la de San Juan de Barcala,

y se demarca:

- principiando por el *levante* en Monte Eiroa,

- de allí sigue al Camino Real que ba de la ciudad de Santiago para dicha jurisdicción del Jallas,
- de este al Cotón de Monte Agudo,
- de allí a Penas de Froxende,
- de este a las Canles,
- de aquí al Monte de Gatón y a la Dehesa de Gronxo,
- de allí a la Fieiteira,
- de esta a Pedra Cavalgada,
- de allí a la Sabugueira,
- siguiendo a dicho Monte de Eiroa, donde principió.

De figura, la del margen:



La de San Juan de Barcala ocupa:


- de *levante* a *poniente* medio cuarto de legua;
- de *norte* a *sur* un cuarto;
- y de circunferencia las tres cuartas de una legua, que para caminarsse se necesitan tres cuartos de hora.
- *Levante* topa con la feligresía de San Ciprián de Barcala,
- *poniente* con la de San Martín de Broño, río Rial en medio,
- *norte* con la de San Vizente de Baña
- y por el *sur* con la de San Vizente de Aro.

Deslindase su término:

- principiando por el *levante* en el sitio dos Telleiros,
- de allí ba al puerto de Zas,
- y de |480v| este a la Espiñaxeira,
- de esta a la Estibada Vella,
- de aquí al Porto Lameiro,
- y de este al molino de Cores,
- de aquí a las Bouzas de Redamoíños,
- de este al agro de Cecián,
- de este a la dehesa de la Torre,
- de esta al regato da Fenlla,
- de allí a Monte Agudo,

- sigue a la Piedra de Puñares,
- de esta a los Marcos de Prado,
- de aquí al Cotón de Pedrouzo y a dichos Telleiros, donde se le dio principio.

Cuya figura es la del margen:



La de San Ciprián de Barcala ocupa:

- de *levante* a *poniente* medio cuarto de legua;
- de *norte* a *sur* lo mismo;
- [y] de circunferencia media legua, que para caminarla es necesario media hora.
- *Levante* coto de Nantón,
- *poniente* San Juan de Barcala,
- *norte* San Vizente da Baña,
- *sur* Santa María de Covas.

Apéase su término:

- comenzando por el *levante* en el marco da Thorroeira,
- de allí sigue a la Portela de Filgueira,
- de esta al Cotón de los Corvos,
- de allí a la taverna del Cotro,
- de aquí al riego del Enforcado,
- de este al Cotón de Pedrouso,
- sigue al Agro de Porróns,
- de aquí a la Piedra de Marco,
- y finaliza en dicho marco da Thorroeira, [481r] donde comenzó.

Su figura la denota el margen:



La de Santa María de Covas ocupa:

- de *levante* a *poniente* medio cuarto de legua;
- de *norte* a *sur* poco más de otro medio cuarto;
- y de circunferencia media legua, que para caminarla se necesita media ora.

- *Levante* coto de Nantón,
- *poniente* San Juan de Barcala,
- *norte* San Ciprián de Barcala,
- *sur* San Julián de Negreira.

Y se demarca más bien:

- principiando por el *levante* en el marco da Forca,
- de allí ba al molino de Campos,
- de este a la Piedra de Candarzo,
- sigue a fuente Mosenda,
- de esta a la Piedra del Sastre,
- de allí al regato do Enforcado,
- de aquí al pasal de Porto Camiño,
- sigue al Cotón de los Castros,
- al molino de Fontenla,
- y finaliza en *dicho* marco da Forca.

La de Santa María de Portor ocupa:

- de *levante* a *poniente* un cuarto y medio de legua;
- y de *norte* a *sur* un cuarto;
- y de circunferencia cerca de una legua, que para caminarla se nezesita poco más de una hora.

- *Levante* y *sur* río Tambre,
- *poniente* San Mamed do Monte,
- *norte* San Pedro de Fiopáns.

Comienza a dem[arc]arse:

- por el *levante* en el motibado río Tambre, dando buelta [481v] al mediodía, hasta el marco de la Agra de la Barca,
- de allí ba al sitio do Carballo de Bregando,
- de allí a Espiñeira Cova,
- sigue a la corredera de Longráns
- y fenece en *dicho* río Tambre, donde principió.

Y el término de la feligresía de Negreira comprendido en *dicha* jurisdicción ocupa:

- de *levante* a *poniente* la octava parte de una legua;
- de *norte* a *sur* la sexta parte;

- y de circunferencia poco más de un cuarto de legua, que para caminarla, por lo quebrado del terreno, se necesita cerca de media hora.


Topa:

- por el *levante* con la *feligresía* de Santa Eulalia [de] Logrosa,
- *poniente* con la de Santa María de Covas,
- *norte* con el coto de Nantón,
- y por el *sur* con la jurisdicción de la Mahía.

Apéase por menor este término:

- principiando por el *levante* en el sitio de Porto Bois,
- sigue al de Baltar,
- de este ba a Fuente Negreira,
- de allí al Camino Real que viene a la ciudad de Santiago,
- pasa la villa de Curcubión,
- de este sigue a Fuente Mazendos,
- de esta a la Piedra del Candarío,
- a la balsa del molino de Arriva,
- a la fuente dos Arcos,
- y finaliza en Puerto Bois, donde principió. |482r|

Que su figura hes la del margen:



Y responden.

4. **Qué especies de tierra se hallan en el término, si de regadío y de secano, distinguiendo si son de hortaliza, sembradura, viñas, pastos, bosques, matorrales, montes y demás que pudiere haver, explicando si hay algunas que produzcan más**

de una cosecha al año, las que fructificaren sol[o] una y las que necesitan de un año de intermedio de descanso

A la quarta digeron que las especies de tierra que se hallan en estos términos son:

- labradío,
- secano,
- hortaliza,
- prados o hierbales,
- regadíos,
- pastos,
- castañales,
- robles
- y tojales,

cuyas especies de tierra producen solamente una cosecha al año.

Los montes de tojal en todos dichos términos, que no se siembran y solo producen tojo para quemar y hazen estiércol o abono para las heredades, siendo de primera calidad se cortan de seis en seis años, los de segunda de doze en doze y los de tercera no producen por ser peñascosos.

Y responden.

5. De cuántas calidades de tierra hay en cada una de las especies que hayan declarado, si de buena, mediana e inferior

A la quinta digeron que las *calidades* de tierra que ay en cada una de las especies que llevan declarado son:

- primera,
- segunda
- y tercera.

Y responden.

6. Si hay algún plantío de árboles en las tierras que han declarado, como frutales, moreras, olivos, higueras, almendros, parras, algarrobos, etc.

7. En cuáles de las tierras están plantados los árboles que declararen

8. En qué conformidad están hechos los plantíos, si extendidos en toda la tierra o a las márgenes; en una, dos, tres hileras, o en la forma que estuvieren

A la sexta, séptima y octava digeron que en el término de todas dichas feligresías no ay plantío formal de los árboles que |482v| contienen las preguntas de que sus dueños saquen utilidad, porque aunque ay algunos manzanos y perales silbestres a las márgenes

de las huertas, no producen por lo frío del terreno, y por esta razón [es] muy corto y continxente el producto de los castaños, que más plantan y cuidan los naturales para el reparo de sus casas que para utilizarse de su fruto, pero sí la tienen en el de los robles, que aunque su plantío está sin arte ni figura formal, les dan leña para el consumo de sus casas.

Y respondem.

9. De qué medidas de tierra se usa en aquel pueblo: de cuántos passos o varas castellanas en quadro se compone, qué cantidad de cada especie de granos de los que se cogen en el término se siembra en cada una

A la nueve digeron que la medida de tierra que comúnmente se usa en estos términos hes con el nombre de "ferrado de zenteno", el que por menor se divide en doze concas, y cada conca en dos quartillos, por el que se mide todo género de granos de la misma manera a excepción del maíz y linaza, que se mide a colmo y se entiende ser la quarta parte |483r| más.

Y dicho ferrado de centeno sembrado ocupa treinta baras castellanas en cada quadro, que hazen de circunferencia ciento y veinte varas.

Y el expresado ferrado de tierra sembrado de trigo consume las tres quartas de un ferrado, de maíz la sexta parte, de mijo menudo la quarta parte y de linaza ferrado y quarto.

Y respondem.

10. Qué número de medidas de tierra havrá en el término, distinguiendo las de cada especie y calidad; por exemplo, tantas fanegas –o del nombre que tuviesse la medida de tierra– de sembradura de la mejor calidad, tantas de mediana bondad y tantas de inferior; y lo propio en las demás especies que huvieren declarado

A la pregunta décima digeron no poder absolverla, declarando a punto fijo las medidas de tierra que de cada calidad en cada una de las especies que llevan depuesto tienen estas feligresías, porque para ello nezesitavan mucho dispendio de tiempo, trabajo y personas más practicas que les hiziesen la suma de todo ello; que lo en que se afirman hes que en todos dichos términos ay por mayor las especies que dejan declarado producen en la conformidad que llevan dicho; y por lo que respecta al número de |483v| ferrados se remiten a lo que consta de las relaciones y reconocimientos practicados, pues en todo ello se conforman.

Y responden.

11. Qué especies de frutos se cogen en el término

A la undécima digeron que las especies de fruto que se cogen en las feligresías citadas son las de coles del país en las huertas, y en lo labradío trigo, zenteno, maíz, mijo menudo y lino.

Y responden.

12. Qué cantidad de frutos de cada género, unos años con otros, produce, con unha ordinaria cultura, una medida de tierra de cada especie y calidad de las que huviere en el término, sin comprehender el producto de los árboles que huviesse

A la duodécima digeron que la cantidad de frutos que de cada género produce una medida de tierra de las del mencionado término un año con otro veneficiada con una hordinaria cultura es en la manera siguiente:

- En las feligresías de Corneira, Hordoeste, San Salvador y San Vizente de Baña:
 - la cavida de un ferrado labradío siendo de primera calidad sembrada de trigo producirá cinco ferrados, y al año siguiente sembrado de maíz producirá siete ferrados, y al tercer año sembrado de lino producirá seis hazes [484r] o lagueiros, y ferrado y quarto de linaza; el de segunda calidad, en que no se siembra trigo ni lino, haziéndose de centeno producirá cinco ferrados, y al año siguiente sembrado de maíz producirá seis ferrados; y el de tercera calidad, en que tampoco se siembra trigo ni lino, haziéndose de zenteno, producirá quatro ferrados, y al año siguiente sembrado de maíz producirá cinco ferrados, y al tercer año sembrado de mijo menudo producirá otros cinco ferrados de esta especie.
- Y en las feligresías de San Juan y San Ciprián de Barcala, Santa María de Covas, Santa María de Portor y término de la de Negreira comprehendido en esta jurisdicción:
 - a un ferrado de tierra labradío siendo de primera calidad, sembrándose de trigo, regulan su producto en seis ferrados de dicha especie, y al siguiente año sembrado de maíz dará ocho y medio ferrados, y al tercer año sembrado de lino producirá siete lagueiros o azes, y ferrado y quarto de linaza; el de segunda calidad, en que [484v] no se siembra trigo ni lino, haziéndose con centeno producirá seis ferrados, y al año siguiente, sembrado de maíz, dará siete y medio ferrados; y el de tercera calidad, en que tampoco no se siembra trigo ni lino, haziéndose de zenteno producirá quatro ferrados, y al año siguiente, sembrándose de maíz, producirá cinco ferrados, y al tercer año, de mijo menudo dará seis y medio ferrados de esta especie;
 - y a un ferrado de monte tojal de primera calidad en todas dichas feligresías y término de la de Negreira que comprehende esta jurisdicción regulan de producto quatro carros de tojo; y al de segunda otros quatro;

- a un ferrado de huerta de los del término citado de la primera calidad regulan su producto [en] diez y seis reales, al de segunda trece, y al de tercera diez;
- a un ferrado de prado o hierbal regadío de primera calidad regulan de utilidad diez y ocho *reales*, al de segunda catorce y al de tercera diez;
- a un ferrado de pasto de primera calidad regulan de utilidad quatro *reales*, al de segunda tres y al de tercera dos.

Y responden. |485r|

13. Qué producto se regula darán por medida de tierra los árboles que huviere, según la forma en que estuviese hecho el plantío, cada uno en su especie

A la décima tercia digeron que los robles y castaños que ay en este término y dejan declarado en las preguntas sexta, séptima y octava, rregulan su producto en la manera siguiente:

- A un ferrado de tierra plantado de robles, que:
 - siendo de primera calidad mantiene veinte y quatro pies y se cortan de doze en doze años, ocho carros de leña;
 - el de segunda, que mantiene treinta pies cortado[s] en el mismo espacio de años, seis carros de leña;
 - y el de tercera, que mantiene treinta y seis pies cortados en dicho número de años, regulan su producto en quatro carros de leña.
- Y a un ferrado de tierra plantado de castaños, que:
 - siendo de primera calidad mantiene veinte pies, regulan su producto en dos ferrados de castañas berdes;
 - el de segunda, que mantiene veinte y quatro, regulan su utilidad en ferrado y medio;
 - y al de tercera, que mantiene treinta pies, regulan su producto en un ferrado.

Y respondem.

14. Qué valor tienen ordinariamente, un año con otro, los frutos que producen las tierras del término, cada calidad de ellos

A la décima quarta digeron |485v| que el valor que [de] ordinario suelen thener los frutos unos años con otros en estos términos es:

- el ferrado de trigo a cinco *reales*,
- el de zenteno a tres,
- el de maíz a quatro,
- el de mijo menudo a dos,
- el de linaza a ocho,
- el az de lino en berde a quatro,

- el ferrado de castañas berdes a dos reales,
- el carro de leña de robles a tres,
- el carro de tojo a rreal y medio,
- la libra de lana a real,
- un cordero dos rreales y medio,
- una gallina dos rreales,
- un par de guebos dos maravedís,
- un par de pichones un real,
- un pollo medio rreal,
- un cabrito tres reales,
- un quartillo de manteca dos rreales y medio,
- una polla un real,
- y un tozino treinta y tres rreales,
- un quartillo de azeite dos reales.

Y respondem.

15. Qué derechos se hallan impuestos sobre las tierras del término, como diezmo, primicia, tercio-diezmo u otros; y a quién pertenecen

A la décima quinta digeron que los derechos que se hallan impuestos sobre las tierras del término de esta[s] feligresías y parte citada de la [de] Negreira son diezmo, primizia y boto.

Que el diezmo se paga en todas ellas de todo xénero de granos, y también de el lino, lana y corderos; y en la de Corneira se paga también el diezmo de cerdos y ^[486r] cabritos; y en la de Hordoeste y San Ciprián, de los cabritos las primicias se hallan impuestas sobre los casares antiguos.

Y el boto paga cada individuo que tiene labranza medio ferrado de centeno, cuyos derechos de diezmo y primicias:

- en la felegresía de San Cristóbal de Corneira pertenezen enteramente a don Clemente de Soto, cura de ella;
- en la de San Ciprián de Barcala a don Francisco Pérez de Lucía, cura de dicha felegresía;
- en la de Santa María de Cobas se deviden de por mitad diezmos y primizias entre dicho don Francisco Pérez, cura de ella, y don Andrés de Porras, vecino de la ciudad de Santiago, que este suele arrendar su parte, como al presente lo está, en Francisco Freire, vecino de San Vizente da Baña, en la cantidad de un mil reales vellón al año, que de satisfechos le consideran de utilidad cinquenta reales; y el expresado cura, además de lo referido, exsixe de monte mayor un derecho que llaman "diezmero";

- en la de San Juan de Barcala se dividen de por mitad diezmos y primicias entre don [486v] Pasqual López, cura de ella, y la sincura, que la mitad de esta pertenece al conde de Mazedo y la otra mitad al Colegio de la Compañía de Jesús de Santiago y [a] Andrés Posse, vecino de San Vizonte da Baña, por iguales partes, quienes las administran por sí y criados de su horden; y además de ello, dicho cura exsixe de monte mayor un diezmero y dos de dichas primicias, que hazen onze ferrados de centeno;
- en la de Santa María de Ordoeste percive enteramente diezmos y primicias don Alonso Azevedo, cura de dicha felegresía;
[Estivada Vella, A]

la Estibada Vella: **IC:** 480v.

[Ferraces (, de)]

Ferrazes: **REcl:** 20r.

[Fieiteira, A]

la Fieiteira: **IC:** 480r.

[Fonte Macendos]

Fuente Mazendos: **IC:** 481v.

[Fonte Negreira]

Fuente Negreira: **IC:** 481v.

[Fonte Santa, A]

la Fuente Santa: **IB:** 126r, 126r.

Froxende, de

de Froxende: **IC:** 479r.

[Marco da Agra da Barca, O]

el Marco de la Agra de la Barca: **IC:** 481v.

[Marco da Forca, O]

el Marco da Forca: **IC:** 481r.

[Marco da Thorroeira, O]

el Marco da Thorroeira: **IC:** 480v.

[Marcos de Prado, Os]

los Marcos de Prado: **IC:** 480v.

Monte Agudo

Monte Agudo: **IC:** 479v, 480v.

Monte Gatón

Monte Gatón: **IC:** 479v, 480r.

[Pedra Cabalgada]

Pedra Cavalgada: **IC:** 480r.

[Pedra de Marco]

Piedra de Marco: **IC:** 480v.

[Pedra de Puñares]

Piedra de Puñares: **IC:** 480v.

[Pedra do Candarío]

Piedra del Candarío: **IC:** 481r, 481v.

[Pedra do Xastre]

Piedra del Sastre: **IC:** 481r.

[Pedra Maior]

Piedra Maior: **IC**: 479r.

[Pena Raxada]

Peña Rajada: **IC**: 479v.

Penas de Froxende

Penas de Froxende: **IC**: 480r.

Peñas de Froxende: **IC**: 479v.

Ponte Negreira (, da / de) (taberna) (mención indirecta)

da Ponte Negreira: **IL**: 482r.

Portela de Filgueira

Portela de Filgueira: **IC**: 480v.

Porto (de) Bois (, de)

Porto Bois: **IC**: 481v.

Puerto Bois: **IC**: 481v.

[Porto Estrela]

Porto Estrela: **IC**: 479r.

Porto Lameiro

Porto Lameiro: **IC**: 480v.

Quintela

Quintela: **IB**: 127r, 127r, 127v.

Sabugueira

Sabugueira: **IC**: 480r.

[Tellados]

Texados: **REcl**: 20r.

Telleiros

Telleiros: **IC**: 480r, 480v.

Vilachán

Vilachán: **IC**: 476v.

MARCOS

Couto Carballo (, de)

de Couto Carballo: **IC**: 479r.

Ferreiros, de

de Ferreiros: **IC**: 479v.

MONTES

Monte (de) Eiroa

Monte de Eiroa: **IC**: 480r.

Monte Eiroa: **IC**: 480r.

[Vilar de Cima do Agro]

Vilar de Sima do Agro: **REcl**: 35r.

(**MORGADOS**) (mención indirecta)

Cotón, do

do Cotón: **IL**: 477r.

MUIÑOS

[Abeanca]

Aveanca: **IL**: 477r.

Agros, dos

dos Agros: **IL**: 477v.

Albariño

Albariño: **IC**: 492v.

Baiares

Baiares: **IC**: 491v.

[Baixo, de]

de Avajo: **IB**: 127r.

[Baixo da Poza Negra, de]

de Avajo da Poza Negra: **IC**: 492v.

Bouza, da

da Bouza: **IC**: 494r.

Braña (, da)

Braña [Corneira]: **REcl**: 20v.

da Braña: **IC**: 491r.

da Braña [Marcelle]: **IB**: 126v.

Campos, de

de Campos: **IC**: 481r.

[Canle de Ponte Corneira]

Canal de Puente Corneira: **REcl**: 4r.

Castros, dos

dos Castros, Os: **IC**: 494r.

Cores, de

de Cores: **IC**: 480v, 493r.

Cornado, do

do Cornado: **IB**: 128r.

[Ferraces (, de)]

de Ferrazes: **IC**: 491v.

[Fonte Rial]

Fuente Rial: **IC**: 492r.

Fontenla (, de)

Fontenla: **IC**: 493v.

de Fontenla: **IC**: 481r.

[Liñares]

Liñares: **IC**: 492v.

Marcelle

Marcelle: **IB**: 126r, 126r.

[Medio, do]

del Medio: **IB**: 127v.

do Medio: **IC**: 492r.

do Medio: **IL**: 477r.

Moa, da (alias Vello)

da Moa, alias Vello: **IC**: 492v.

Muíño Tellado

Muíño Tellado: **IL**: 477v.

Negreira (, de)

de Negreira: **IL**: 477v.

[Novo de Padín]

Nuevo de Padín: **IC**: 494r.

Paredes, de (alias Braña)

de Paredes, alias Braña: **IC**: 492v.

Pequeno

Pequeno: **IC**: 492r.

[Ponte, da]

del Puente: **IC**: 493r.

Porto Carros

Porto Carros: **IC**: 490v.

Poza Negra

Poza Negra: **IC**: 492r.

Refoxo

Refoxo: **IC**: 494r.

Retortoio (, de)

Retortoio: **IC**: 492r.

[Riba, de]

de Arriva (Quintela): **IB**: 127r.

de Arriva (Bugallido): **IB**: 127v.

de Arriva (Negreira): **IC**: 481v, 494r.

[Ribeiro]

Rivero: **IB**: 126v.

Rodo, do

do Rodo: **IC**: 493v.

[Santo Isidro (, de)]

de San Isidro: **IL**: 477r.

Santa Lucía (, de)

de Santa Lucía: **IC**: 493v.

Sorribados

Sorr[i]bados: **IC**: 491r.

Sorrivados: **REcl**: 35r.

Souto

Souto: **IC**: 491v; **REcl**: 20v.

Triáns

Triáns: **IC**: 493v.

Vieiro

Vieiro: **IC**: 491r.

[Vilanova]

Villanueva: **IC**: 491v.

[Vilar de Cerdeiras]

Villar de Cerdeiras: **IC**: 491v.

[Vilariño]

Vilarino: **IC**: 492r.

[Vilaserío (, de)]

Villacirío: **IB**: 127r.

(**ORDES RELIXIOSO-MILITARES**) (mención indirecta)

Malta

Horden de San Juan de Malta: **IB**: 119r.

PARTIDAS**[Barcala de Baixo]**

Barcala de Abajo: **IC**: 477r.

Barcala de Riba

Barcala de Arriba: **IC**: 477r.

PASAIS**Porto Camiño, do**

do Porto Camiño: **IC**: 481r.

PEZAS DE TERRA

Agra, da (I)

da Agra: REcl: 33v.

Agra, da (II)

da Agra: REcl: 33v.

Agra, da (III)

da Agra: REcl: 33v.

Agra de Agro Maior

Agra de Agro Maior: REcl: 17r.

Agra de Fundes (I)

Agra de Fundes: REcl: 4v.

Agra de Fundes (II)

Agra de Fundes: REcl: 14r.

Agra de Fundes (III)

Agra de Fundes: REcl: 14v.

Agra de Fundes (IV)

Agra de Fundes: REcl: 14v.

Agra de Fundes (V)

Agra de Fundes: REcl: 14v.

Agra de Fundes (VI)

Agra de Fundes: REcl: 15r.

Agra de Mirón (I)

Agra de Mirón (I): REcl: 12r.

Agra de Mirón (II)

Agra de Mirón: REcl: 12r.

Agra Mirón (I)

Agra Mirón: REcl: 12r.

Agra Mirón (II)

Agra Mirón: REcl: 12v.

Agra Mirón (III)

Agra Mirón: REcl: 12v.

Agra Mirón (IV)

Agra Mirón: REcl: 13r.

Agra Mirón (V)

Agra Mirón: REcl: 13r.

Agra Mirón (VI)

Agra Mirón: REcl: 13r.

Agra Mirón (VII)

Agra Mirón: REcl: 13v.

Agra Mirón (VIII)

Agra Mirón: REcl: 13v.

Agra Mirón (IX)

Agra Mirón: **REcl**: 14r.

Agra Mirón (X)

Agra Mirón: **REcl**: 14r.

Aagriño (I)

Aagriño: **REcl**: 26r.

Aagriño (II)

Aagriño: **REcl**: 26v.

Aagriño (III)

Aagriño: **REcl**: 26v.

[Agro da Igrexa]

Agro da Iglesia: **REcl**: 6r.

Agro da Ponte

Agro da Ponte: **REcl**: 6r.

[Agro do Cancelo]

Agro do Canzello: **REcl**: 6r.

[Agro do Muíño dos Agros, O]

el Agro do Muíño dos Agros: **IL**: 477v.

[Agro do Muíño Tellado, O]

el Agro do Muíño Tellado: **IL**: 477v.

Aira

Aira: **REcl**: 10v.

Bartille

Bartille: **REcl**: 5r.

Bernameu (I)

Bernameu: **REcl**: 32v.

Bernameu (II)

Bernameu: **REcl**: 32v.

Bernameu (III)

Bernameu: **REcl**: 32r.

[Bernameu de Fóra]

Bernameu de Afuera: **REcl**: 32v.

Braña da Moa

Braña da Moa: **REcl**: 34r.

Cacheiros

Cacheiros: **REcl**: 15r.

Camiño Novo

Camiño Novo: **REcl**: 15v.

[Camiño Real] (camiño)

Camino Real: **IC**: 480r, 481v.

Campo, do (I)

do Campo: REcl: 28v.

Campo, do (II)

do Campo: REcl: 28v.

Campo, do (III)

do Campo: REcl: 28v.

Canavide

Canavide: REcl: 5r.

[Canle de Ponte Corneira]

Canal de Puente Corneira: REcl: 3v.

Carracedo de Riais

Carracedo de Riais: REcl: 25r.

[Casal]

Cassal: REcl: 11r.

[Casal de Baixo] (I)

Cassal de Avajo: REcl: 19r.

[Casal de Baixo] (II)

Cassal de Avajo: REcl: 19r.

[Casal de Baixo] (III)

Cassal de Avajo: REcl: 19r.

[Casal de Malvares] (I)

Cassal de Malvares: REcl: 19v.

[Casal de Malvares] (II)

Cassal de Malvares: REcl: 19v.

[Casal de Malvares] (III)

Cassal de Malvares: REcl: 19v.

Castiñeira

Castiñeira: REcl: 5v.

Codeseira (I)

Codeseira: REcl: 16r.

Codeseira (II)

Codeseira: REcl: 16r.

Cortiña (I)

Cortiña: REcl: 30v.

Cortiña (II)

Cortiña: REcl: 30v.

Cortiña (III)

Cortiña: REcl: 30v.

Cortiña (IV)

Cortiña: REcl: 31r.

Cortiña de Loureira

Cortiña de Loureira: **REcl**: 10v.

Cortiña dos Barreiros

Cortiña dos Barreiros: **REcl**: 4v.

Cotón (I)

Cotón: **REcl**: 29v.

Cotón (II)

Cotón: **REcl**: 29v.

Cotón (III)

Cotón: **REcl**: 30r.

Cotón (IV)

Cotón: **REcl**: 30r.

Cotón (V)

Cotón: **REcl**: 30r.

Eira (I)

Eira: **REcl**: 15v.

Eira (II)

Eira: **REcl**: 15v.

[Eira Vella]

Heira Vella: **REcl**: 4r.

Espiñareira (I)

Espiñareira: **REcl**: 16v.

Espiñareira (II)

Espiñareira: **REcl**: 16v.

Espiño

Espiño: **REcl**: 29r.

Figueiras

Figueiras: **REcl**: 11v.

Gaspalleiras do Cotón

Gaspalleiras do Cotón: **REcl**: 34v.

Gudiña, A

A Gudiña: **REcl**: 6v.

[Horta da Casa]

Huerta da Cassa: **REcl**: 3v.

[Horta da Torre]

Huerta da Torre: **REcl**: 10v.

Hortos

Hortos: **REcl**: 16v.

Lavadoiro (I)

Lavadoiro: **REcl**: 28r.

Lavadoiro (II)

Lavadoiro: REcl: 28r.

Loureira

Loureira: REcl: 15v.

Marco Grande

Marco Grande: REcl: 27r.

Marquiño (I)

Marquiño: REcl: 26v.

Marquiño (II)

Marquiño: REcl: 27r.

Marquiño (III)

Marquiño: REcl: 27r.

Mirón (I)

Mirón: REcl: 11v.

Mirón (II)

Mirón: REcl: 11v.

Moa, da (I)

da Moa: REcl: 27r.

Moa, da (II)

da Moa: REcl: 27v.

[Mondelo de Dentro]

Mondelo de Adentro: REcl: 11r.

[Mondelo de Riba] (I)

Mondelo de Arriva: REcl: 4r.

[Mondelo de Riba] (II)

Mondelo de Arriva: REcl: 11r.

[Noval]

Nobal: REcl: 6v.

Outeiro (I)

Outeiro: REcl: 5v.

Outeiro (II)

Outeiro: REcl: 18r.

Outeiro (III)

Outeiro: REcl: 18v.

Outeiro (IV)

Outeiro: REcl: 18v.

[Pedra]

Piedra: REcl: 32r.

Pereira

Pereira: REcl: 32r.

Pereiro

Pereiro: **REcl**: 5r.

Pontella

Pontella: **REcl**: 24r.

Prado (I)

Prado: **REcl**: 17r.

Prado (II)

Prado: **REcl**: 17r.

Racha Fonte

Racha Fonte: **REcl**: 5v.

Renda da Horta, da

da Renda da Orta: **REcl**: 32v.

Requeixo

Requeixo: **REcl**: 11r.

Rial (I)

Rial: **REcl**: 33v.

Rial (II)

Rial: **REcl**: 33v.

Rial (III)

Rial: **REcl**: 34r.

Rial (IV)

Rial: **REcl**: 34r.

[Ribeira Cota]

Riveira Cota: **REcl**: 17r.

[Ribeiro de Baixo]

Riveiro de Avajo: **REcl**: 18v.

[Rodo de Fóra]

Rodo de Afora: **REcl**: 25v.

[Seara de Baixo] (I)

Seara de Avajo: **REcl**: 17v.

[Seara de Baixo] (II)

Seara de Avajo: **REcl**: 18r.

[Seara de Baixo] (III)

Seara de Avajo: **REcl**: 17v.

[Seara de Riba]

Seara de Arriva: **REcl**: 18r.

[So a Porta de Xordo]

So a Porta de Sordo: **REcl**: 34v.

So a Torre (I)

So a Torre: **REcl**: 31r.

So a Torre (II)

So a Torre: **REcl**: 31r.

So a Torre (III)

So a Torre: **REcl**: 31v.

So a Torre (IV)

So a Torre: **REcl**: 31v.

So a Torre (V)

So a Torre: **REcl**: 31v.

Soutiño de Tra-la Ara

Soutiño de Trala Ara: **REcl**: 20r.

Tras Agra

Tras Agra: **REcl**: 5v.

[Verea]

Berea : **REcl**: 20r.

[Xordo, do]

do Sordo: **REcl**: 29r.

[Xunqueira]

Junqueira: **REcl**: 28r.

PORTOS**Zas, de**

de Zas: **IC**: 480r.

PROVINCIAS**Santiago (, de)**

Santiago: **REcl**: 1r; **PLeg**: 1r; **PEcl**: 96r.

REINOS**España**

España: **IL**: 475r, 476r.

[Galiza]

Galicia: **REcl**: 1r; **PLeg**: 1r; **PEcl**: 96r; **IL**: 469r; **IB**: 118r.

Malta (orde relixioso-militar) (mención indirecta)

Horden de San Juan de Malta: **IB**: 119r.

RÍOS, REGATOS E REGOS**[Bao de San Martiño (, O / do)]** (río)

del Vao de San Martín: **IB**: 127v.

- el Bao de San Martín: **IB**: 127v-128r.
- Braño, de** (regato)
de Braño: **IC**: 479r.
Vao de San Martín: **IB**: 126r.
- Broño, de** (río)
de Broño: **IC**: 492r.
- Cabras, das** (regato)
das Cabras: **IL**: 477r.
- Corneira** (río)
Corneira: **IC**: 491r.
- Enforcado, do** (regato)
do Enforcado: **IC**: 480v, 481r.
- Feáns (, de)** (río)
de Feáns: **IB**: 127r.
Feáns: **IB**: 126r.
- Fenlla, da** (regato)
da Fenlla: **IC**: 480v.
da Feña: **IC**: 479r, 479v.
- Ferreiros, de** (regato)
de Ferreiros: **IC**: 479r.
- [Fonte Maior]** (río)
Fuente Mayor: **IB**: 126v.
- Fontenla (, de)** (río)
Fontenla: **IC**: 493v.
- Foros, de** (regato)
de Foros: **IC**: 491r, 491v.
- Gronxo (, de)** (regato)
de Gronxo: **IC**: 492v.
- [Marcelle de Fonte Maior]** (río)
Marcelle de Fuente Mayor: **IB**: 126r, 126r, 126v.
Marzelle de Fuente Mayor: **IB**: 126r.
- Mixirica (, de)** (río)
de Mixirica: **IB**: 128r.
Mixirica: **IB**: 126r.
- Negreira (, de)** (río)
Negreira: **IC**: 494r.
- Padín** (río)
Padín: **IC**: 494r.
- [Ponte Albariña]** (río)
Puente Albariña: **IC**: 493v.

Ponte Negreira (, da / de) (río)

da Ponte Negreira: **IL**: 470v.

de Puente Negreira: **IL**: 477v.

Puente Negreira: **IL**: 477r.

Porto (de) Bois (, de) (regato)

de Porto Bois: **IL**: 477v.

de Porto de Bois: **IL**: 477v.

Porto da Cuba (regato)

Porto da Cuba: **IC**: 492v.

Quintela (río)

Quintela: **IB**: 126r.

Retortoio (, de) (río)

de Retortoio: **IC**: 492v.

Rial (río)

Rial: **IC**: 480r.

Tambre (río)

Tambre: **IC**: 481r, 481v, 493r; **IL**: 470v, 471r, 482r.

Verde (río)

Verde: **IC**: 492r.

[Vilaserío (, de)] (río)

de Villacirío: **IB**: 127r, 127v.

Villacirío: **IB**: 126r.

(**TABERNAS**) (mención indirecta)

[Chancela, de]

de Chanzela: **IL**: 481v.

[Cotro, do]

taverna del Cotro: **IC**: 480v.

Ponte Negreira (, da / de)

da Ponte Negreira: **IL**: 482r.

VILAS

[Corcubión]

Corcubión: **IC**: 481v.

Muros

Muros: **REcl**: 96r, 38r.

Portomarín (encomenda) (mención indirecta)

Encomienda de Puertomarín: **IB**: 132r.

Encomienda de San Juan de Portomarín: **IB**: 119r.

VIVEIROS

Bouza de Neboín (viveiro real)

Bouza de Neboín: **IB**: 131v.

Eiroa (viveiro real)

Eiroa: **IC**: 505v.

[Pedra Maior]

Piedra Maior: **IC**: 505r.

Porto Meutris (?)

Porto Meutris: **IC**: 505r.

Santa Lucía (, de)

de Santa Lucía: **IC**: 505v.

XURISDICIÓNS

[Amaía]

La Mahía: **IC**: 481v; **IL**: 481r.

Barcala

Barcala: **IC**: 476r, 477r, 499v; **REcl**: 1v; **PLeg**: 1v; **PEcl**: 96v; **IL**: 471r.

Varcala: **IB**: 119v.

Lañas

Lañas: **IL**: 469v, 470v, 472r, 476r, 479r, 480v, 481r.

Muros

Muros: **IB**: 119v.

[Xallas]

Jallas: **IC**: 480r.

5. GALEGUISMOS NOS TEXTOS E A SÚA TIPOLOXÍA

Se na onomástica as páxinas do catastro presentan influencias do castelán en voces galegas (por tentar escribir de xeito esmerado na primeira das linguas), no resto de palabras (non onomásticas) dos documentos atopamos influencias galegas en voces castelás; isto é, interferencias da lingua do medio que rodea a elaboración dos textos (galego) na lingua na que estes eran elaborados (castelán). Así pois, do mesmo xeito que as intervencións castelanistas na onomástica permiten ponderar o contexto sociolingüístico nesa época e nese lugar, as interferencias galeguizantes na redacción do texto permiten unha pequena aproximación tanto ao ambiente lingüístico en que se fixeron e escribiron os interrogatorios como á formación dos escribáns e as circunstancias en que tiveron que facer o seu traballo. Con esa pretensión fixemos esta aproximación lingüística.

Clasificamos ordenadamente os galeguismos que atopamos segundo sexan fonéticos, morfolóxicos, léxicos ou semánticos; dentro de cada entrada, ademais, sinalamos o número de veces que aparecen entre parénteses e os documentos e folios correspondentes. Cada un dos apartados contribuirá a explicar, na súa medida e conxuntamente co que veremos na onomástica, por que, non casualmente, falamos de *interferencias* ao nos referir aos galeguismos e de *intervención* no caso dos castelanismos onomásticos. Así, podemos dicir que os seguintes galeguismos se caracterizan por seren introducións inconscientes, que os escribáns terían evitado se soubesen. Na onomástica, como veremos, funciona o principio contrario: os escribáns son conscientes da intervención e lévana a cabo sempre que poden.

5.1. Galeguismos fonéticos

5.1.1. Alteración do vocalismo átono

- **coltura** (1): **IL**: 472v.

Esta variante de *cultura*, afectada por un fenómeno de disimilación vocálica con abertura da vogal pretónica, ten doada xustificación na deriva variacional do galego común e popular (Ferreiro 1999: 198). Se a este dato sumamos a súa nula presenza na produción escrita en castelán (CORDE) e nos seus dicionarios e, pola contra, o rexistro de 4 ocorrencias desta variante da palabra en documentos galegos do século XX (TILG) cobra forza a consideración desta ocorrencia como un caso de galeguismo fonético.

- **elijidos** (1): **IB**: 118v.

A variante *elijir* do verbo *elegir*, con asimilación regresiva ou anticipatoria, aparece, segundo NTLLE, só 1 vez nos dicionarios do castelán (*Diccionario* de Gaspar y Roig, 1853),

que a cataloga como voz antiga: “v. a. ant.: ELEJIR”. Tendo en conta a forma galega *elixir*, con [i] pretónico non inicial, e mais o contexto galegófono que rodeou o labor dos escribáns e a propia elaboración do documento, sería imprudente descartar a posibilidade de se tratar dun galeguismo fonético.

- **maravidís** (1): **REcl**: 8v.

Alén de que a forma *maravidí*, afectada por unha asimilación tan corrente no galego desde as súas orixes (*vid.* Ferreiro 1999: 195-198), non ten cabida en dicionarios españois e galegos pretéritos (NTLLE, DdD), é significativo que só haxa un caso na documentación castelá (CORDE) por 8 casos na galega (TILG), que como é sabido non é tan abundosa. Tendo en conta o contexto, logo, é moi posible que se trate dun galeguismo fonético.

- **menutención** (1): **IL**: 474r.

A palabra alterna unha vez, no mesmo documento, con *manutención* (**IL**: 472v), polo que se trataría, como mínimo, dunha manifestación da tendencia galega a alterar as vogais situadas en contexto átono, moi común no galego (Ferreiro 1999: 48-56). Coa cautela necesaria podemos presumir o seu carácter de galeguismo fonético ao aparecer nun texto sen dúbida influído pola lingua oral galega e por carecermos de testemuños da palabra en NTLLE e CORDE.

- **metad** (4): **IC**: 501v, 503r; **IL**: 473v; **IB**: 129v.

A forma alterna en todos os documentos nos que sae con *mitad*: en **IC**, 23 veces de *mitad* por 2 de *metad*; 3 por 1 en **IL**; e 6 por 1 en **IB**. Coma no caso de *elijidos*, tomamos en conta a influencia da forma galega *metade* e o contexto galegófono de elaboración do catastro para insinuar que se trata dun galeguismo fonético, como parece confirmar o feito de que os escribáns coñezan *mitad* e a usen maioritariamente. A forma *metad* aparece 18 veces, segundo NTLLE, nos dicionarios de castelán (1591-1992) se ben figura como voz antiga desde 1803, poucas décadas despois da elaboración dos nosos documentos.

- **párracco / párracho** (2): **IB**: 124v, 126r.

Tanto CORDE como NTLLE deixan clara a inexistencia da palabra en textos ou dicionarios do castelán. Tendo en conta o contexto galegofalante no que se elaboraron os documentos, é posible a súa explicación como fenómeno asimilatorio (neste caso inducido polo <a> tónico inicial) tan común no galego desde a Idade Media (Ferreiro 1999: 195).

5.1.2. Seseo

5.1.2.1. Seseo directo

- **cavesas** (1): **IL**: 475r.

A mesma voz aparece coa grafía <z> (no canto de <s>) outras 3 veces no mesmo documento (**IL**: 470r, 479v, 483v), así como 2 veces máis en **PLeg**, 3 en **IB** e 1 vez en **IC** na palabra *encavezado*. Mariño Paz (2017), a través de diversos documentos e testemuños da Idade Moderna (particularmente o padre Sobreira), afirma que lugares tan afastados hoxe das áreas de seseo explosivo como Ribadavia tiñan seseo a mediados do século XVIII. Para nós, este dato non supón máis que unha confirmación do que ao longo dos documentos do catastro podemos comprobar: abundantes testemuños de seseo na onomástica e, como ilustra este caso, tamén alén dela no léxico común. Trátase, daquela, dun galeguismo fonético; hipótese reforzada, ao noso xuízo, polo feito de que haxa vacilación e empregue a grafía <z> nos outros 3 casos.

- **consepcción** (1): **IC**: 496v.

Nin NTLLE nin CORDE testemuñan a súa presenza no castelán. Trataríase, pois, dunha forma afectada por seseo e polo tanto un galeguismo fonético (*vid.* **cavesas** e **paíz**).

- **persive** (1): **IL**: 476v.

Forma seseante que flutúa no mesmo texto con *percive*: 475r, 478v, 481v, 482r; ademais, a forma sen seseo aparece outras 5 veces en **IC**, 13 en **REcl** e 6 en **IB**. O feito de escribir a palabra con seseo só unha vez fronte ás 4 en que o fai sen o mesmo demostra que en moitos casos o escribán coñece a forma escrita correcta dunha palabra pero que a rapidez de transcripción e, sen dúbida, un contexto auditivo galegofalante e seseante, inflúen na ocorrencia de formas coma esta, nas que operará a mesma fenomenoloxía explicada para **cavesas** e **paíz**. Considerámola, pois, galeguismo fonético.

5.1.2.2. Hipercorrección por seseo

- **paíz** (5): **IC**: 500v; **IL**: 471v, 473r, 478v, 480r.

A forma flutúa con *país* nos mesmos documentos (**IC**: 483v, 501v; **IL**: 472v). Como explica Mariño Paz (2017: 474-483), o seseo é un trazo fonético posmedieval e típico no galego, e con máis extensión aínda en contexto posnuclear e final de palabra, onde “non se produciu a posterior extensión analóxica de /θ/ á posnuclear final de palabra (*lus*)” desde “a interdentalización de /s/ na posición silábica prenuclear (*lucés*)” (Mariño Paz 2017: 476). A inequívoca situación da comarca da Barcala como área seseante tanto actualmente como no século XVIII (Mariño Paz 2017: 482; Álvarez / Xove 2004: 501-525) e o afán sempre intenso

dos escribáns de seguir un modelo de lingua culto e formal condúcennos a dúas conclusións. Primeiro, que non é probable que en *paíz* haxa un testemuño de ceceo. E segundo, que debe de tratarse máis ben dunha hipercorrección por, equivocadamente, interpretar a pronuncia de *país* como afectada por seseo, tan común na zona xa nestas épocas. A aparición do seseo non foi un fenómeno exclusivo de Galiza no contexto ibérico nin moito menos; para mediados do século XVIII xa se distinguían áreas de non seseo e seseo en castelán (*vid.* Lapesa 1981: 373-375; Cano Aguilar 2004: 842-848) e, coma no galego, este fenómeno, contrariamente ao prestixio do que gozaba a pronuncia /θ/ no castelán (Mariño Paz, 2017: 478-479) estaría estigmatizado e asociado á incorrección (González Cruz 1995), motivo polo cal o escribán trataría de corrixilo sempre que o detectase. Polo tanto, consideramos *paíz* un galeguismo fonético indirecto, porque aínda que o seseo non sexa exclusivo do galego as páxinas do catastro nas terras da Barcala están elaboradas nun contexto no que a lingua que está a influír sobre o castelán que usa o escribán é o galego seseante.

- **peñazcosos** (1): **REcl**: 39v.

Nin no CORDE nin nos diferentes dicionarios de castelán (NTLLE) atopamos por ningures esta hipercorrección por seseo, nin como adxectivo nin como substantivo (**peñazco*). Polo tanto, adxuntámolo ao grupo de galeguismos fonéticos e remitimos a **cavesas** e **paíz** para información adicional.

- **poseción** (1): **IL**: 481r.

Se ben é posible enmarcala dentro dunha hipercorrección por seseo e, polo tanto, como galeguismo fonético indirecto, a palabra aparece ata en 29 ocasións en 11 documentos do castelán (CORDE), e case todos na Idade Moderna. É posible, pois, que se trate dunha hipercorrección cultista (confusión co sufixo *-ción*) común na época tamén nos documentos casteláns, aínda que non podemos perder de vista, igual que en *autúa*, o contexto galegofalante (e seseante) no que redacta o escribán e que puido influír nesa grafía.

- **subcidio** (1): **REcl**: 8v.

A frase enteira, que permite unha interpretación inequívoca como *subsidio*, é a seguinte: “Paga por razón de **subcidio** y escusado ciento y cinquenta y un reales vellón y diez y seis maravidís”. Só hai unha ocorrencia da forma en CORDE e ningunha en NTLLE. Trátase, pois dunha hipercorrección de seseo que relacionamos como galeguismo fonético indirecto (*vid.* **cavesas** e **paíz**).

- **utencilios** (1): **IL**: 479v.

A forma recta *utencilios* aparece só 2 veces e noutro documento (**IC**). Non hai exemplos documentais de *utencilios* en castelán (CORDE e NTLLE) e, baseándonos no xa exposto para

cavesas e *paíz*, determinamos esta hipercorrección de seseo como galeguismo fonético indirecto.

5.1.3. Despalatalización

- **subenca** (1): REcl: 22v.

Se ben *juvenca* aparece nos dicionarios de castelán como voz antiga e pouco usada (NTLLE) co significado de “novilla”, en *subenca* hai un claro testemuño de galeguismo fonético (“xuvenca”): unha despalatalización de fricativa palatal, dialectalmente esperable, segundo Fernández Rei (1990: 56), nesta comarca seseante. Hai que poñer este fenómeno en relación, tanto pola época como pola zona, con *Un testamento do galo de 1786*, carta editada por Álvarez e Xove de Manuel Tuñas a seu curmán Pedro Tuñas. A edición e estudo de Álvarez e Xove conclúe que a carta se sitúa “nas terras de Barcala” (2004: 520) e tamén sinala que o autor recorre sistematicamente á grafía <s> para representar o son fricativo palatal xordo, un fenómeno explicable tendo en conta que “o escribente procede dunha área de forte despalatalización de /ʃ/, un fenómeno (...) de orixe non moi recente” (2004: 508). De feito, damos fe de que segue sendo moi frecuente na comarca da Barcala, a día de hoxe, escoitar esta pronuncia despalatalizada en xente de todas as idades. Se unha área de forte despalatalización de /ʃ/, tamén no século XVIII, eran as terras da Barcala, vemos con toda seguridade na forma *subenca* unha vacilación gráfica do escribán inducida por ese fenómeno dialectal e, polo tanto, ha de considerarse un galeguismo fonético. Se ademais, de acordo co NTLLE, *juvenca* era unha voz antiga e pouco usada no castelán do XVIII, temos argumentos suficientes para afirmarmos que neste interrogatorio do catastro se pode considerar tamén un galeguismo léxico.

5.1.4. Outros fenómenos consonánticos

5.1.4.1. Oclusivas na coda silábica

- **autúa (*autuar)** (1): IL: 481r.

O paso do grupo culto latino *ac-* (/k/ en posición silábica posnuclear) ao galego medieval e moderno como *au-* (vogalización en /aw/) está máis que documentado como patrimonial galego (Mariño Paz 2017: 519-521). Non obstante, neste caso, o feito de documentarse a voz *autuar* ata 5 veces nos dicionarios de castelán (NTLLE) desde 1846, e en todos os casos declarándoa voz antiga, impiden afirmar categoricamente que se trate dun galeguismo fonético. Ora ben, o feito de que estes interrogatorios do catastro se escribisen en contexto netamente galegofalante permite afirmar que con toda a probabilidade é ese substrato galegófono o que funcionou neste caso como indutor do uso de *autuar*.

5.1.4.2. Hipercorreccións inducidas pola tendencia a debilitar as consoantes oclusivas na coda silábica

- **expecie** (2): **IC**: 483r; **IB**: 128r.

A palabra aparece 18 veces máis no mesmo documento como *especie*; do latín SPECIES (Corominas / Pascual 1983) e tamén con só 4 ocorrencias no CORDE, consideramos posible a súa caracterización como galeguismo gráfico seguindo o razoamento que expoñemos na palabra *exte*.

- **exte** (1): **IL**: 480v.

A forma *este* aparece 17 veces máis no mesmo documento. Ramón Mariño sinala que, na Idade Moderna, “nas voces en que /kʃ/ se presentaba como grupo homosilábico seguido de consoante explosiva (...) chama a atención a frecuencia con que se deron usos hipercultos de *ex-* en lugar de *es-*, *por* veces carentes de todo fundamento etimolóxico: *exgrime* 'esgrime', *exmagar* 'esmagar'” etc. (Mariño Paz 2017: 522-523). Sería o mesmo caso que temos diante; procedente do latín *iste*, só pode considerarse un hipercultismo²⁹. Polo tanto, a súa formulación como galeguismo gráfico é plausible, visto que ademais o percorrido gráfico en castelán desta palabra é moi escaso (só 4 ocorrencias no CORDE).

- **obpini3n** (1): **IC**: 477r.

A xulgar polo 3timo da palabra, do latín OPINIONEM (Corominas / Pascual 1981), trataríase dun latinismo hiperculto moi infrecuente, por outra parte, en galego (Mariño Paz 2017: 518) así como, segundo parece, en castelán (ningún rexistro en NTLLE e CORDE). Sen conexión, pois, co galego oral e sen apenas comuñ3n cos costumes gráficos galegos modernos, pode ser unha hipercorrección probablemente inducida pola presumible tendencia do escrib3n, seguramente galego, a debilitar ou eliminar as consoantes oclusivas dos cultismos na coda silábica.

- **sesta** (4): **IB**: 120r, 125r, 131v, 133r.

Este ordinal só aparece en **IB** (os outros só usan a forma *sesta/o*), mentres o escrib3n de **IB** só usa a palabra con esa grafía e nunca con <x>. En palabras de Mariño Paz (2017: 412), no caso do grupo homosilábico [kʃ] interior de palabra en latinismos grafados con <x> nese

²⁹ Ao longo dos 6 documentos proliferan casos de grafías hipercultas: *axcender(3n)*, en **IC**, cunha grafía hipercorrecta <ax>, en lugar de <as>, motivada, con certeza, polo mesmo motivo: a tendencia a debilitar as consoantes oclusivas na coda silábica, característica do galego popular desde a Idade Media. Sería o mesmo caso de *adicciones*, *extablecimiento*, *exsivieron*, *exsactitud*, *exsixe*, *exsistencia*, *exsigen*, *exsiste*, *exsisten* ou a do apelido *Octero*. Dada a súa abundancia e variedade non sinalamos todos os folios e documentos onde aparecen, mais incluímos como hipercorreccións influídas por trazos fonéticos do galego en consonancia con *exte* e *expecie*. No caso contrario, por exemplo, atopamos ata en 11 ocasións en **IC** a palabra castelá **lutuosa* (*luctuosa*). Neste caso, en vez de darse unha grafía hiperculta omítese a representación da oclusiva /k/ na coda silábica (*luctuosa*), sen dúbida por influencia do tratamento que se lle daba a estas consoantes no galego da época. Esta omisión é moi rara no castelán da época, como determina o CORDE.

contexto, como é o caso, “non faltaron as solucións cultas representadas con <x>, mais (...) no galego medieval, coma no portugués, no castelán e noutros romances (...) houbo unha forte tendencia á acomodación popularizante” como en SEXTU > *sesto*. De feito, esta forma aparece 7 veces nos dicionarios de castelán desde o século XVII ata o XX remitindo a *sesto* (NTLLE). Pero ademais, no galego medio Mariño Paz detecta “preferencia polas variantes conservadoras” (2017: 522), como se pode ver nos outros cinco documentos que manexamos, en que se dá un tratamento contrario ao que se observa en **IB**. Así, esta forma pode ser considerada un galeguismo fonético, tendo en conta o contexto onde foi elaborado o documento, mais non necesariamente ha de selo, xa que tamén se trata dun fenómeno presente en castelán.

5.1.4.3. Fricativas no ataque silábico

- **satishaze** (1): **IC**: 496v.

A palabra contrasta co participio *satisfecho(s)*, que aparece 9 veces no mesmo documento. O verbo hipotético *satishazer* ou *satishacer* non aparece nunca nos dicionarios de castelán (NTLLE) mais si unhas dez veces en CORDE, todas no século XVI. Polo tanto, aínda que poida tratarse dun galeguismo fonético indirecto por hipercorrección baseada na equivalencia 'gal. F- : cast. H-' (*facer* : *hacer*, *faba* : *haba* etc.), non é segura esta afirmación, xa que tamén podería tratarse dunha variante rara do castelán con limitada pero certa tradición documental anterior ao século XVIII e xa en desuso nese século.

5.2. Galeguismos morfolóxicos

- **bueis** (4): **IB**: 124v, 129r, 130v.

A forma *bueyes* sae 123 veces en documentos en castelán polas 49 de *bueis* (CORDE), e case todos os casos de *bueis* son medievais, sendo o caso máis tardío en 1627 (CORDE). Este dato é interesante, xa que se o sumamos ao feito de constituír *bois* a forma galega e ao de elaborarse o catastro nun contexto galegófono é moi presumible pensar que *bueis* sexa unha tradución defectuosa de *bois* e polo tanto un galeguismo morfolóxico. Repárese, a este respecto, na formación do plural en agudas rematadas en vogal en castelán (*zulú* : *zulúes*, *sí* : *síes*) e en galego (*zulú* : *zulús*, *si* : *sis*).

- **carretar** (1): **IB**: 135v.

Só aparece 3 veces nos diversos dicionarios de castelán, como rexistra NTLLE: 1786, 1853 e 1895, ningún deles era o elaborado pola Academia Española e todos a sinalan como voz antiga e remiten a *carretear* (amplamente tratada, esta si, nos traballos lexicográficos) ou *acarrear*; o CORDE, pola súa banda, non rexistra a voz. Pharies (2002: 184-185) explica que

en castelán o sufixo *-ar* polo xeral é máis antigo que *-ear* e que, agás casos de especialización semántica, nos casos de convivencia de significado *-ear* acaba normalmente triunfando sobre *-ar*. O feito de que se rexistre como voz antiga en 1786, pouco despois da elaboración do catastro, e de que exista unha palabra galega idéntica leva a pensar que esta forma verbal é tamén un galeguismo, neste caso, morfolóxico, no que ten a ver coa forma de facer a derivación a partir de *carro*: *carr-et-ar* fronte a *carr-et-ear*.

- **da (contracción)** (1): **IL**: 477r.

O contexto oracional desta contracción é o seguinte: “está sito en el lugar **da** Barca”. Se contrastamos a solución que dá neste caso o escribán ao contacto da preposición *de* máis un artigo incluído nun topónimo co tratamento castelanizante que recibe este artigo na maioría dos topónimos (*vid.* Índice toponímico) só podemos considerar o resultado final un galeguismo morfolóxico, toda vez que a forma é imposible no castelán (*de + la*).

5.3. Galeguismos sintácticos

5.3.1. Perífrase *ir* + infinitivo

- **ba fenecer** (1): **IC**: 479r.

A frase contextualizada é a seguinte: “cuyos linderos: principian por *levante* en donde llaman Couto Carballo de allí ba a la fuente Pouliñosa, de esta a Piedra Maior, de aquí a la casa de Juan do Barreiro, de esta al regato de Ferreiros, de allí al sitio de Froxende, y **ba fenecer** al marco do Couto Carballo, donde principió”. Contrasta no mesmo documento con **IC**: 479v, no que aparece “ba a fenecer”. Segundo Fernández Martín (2018: 99-101) a perífrase *ir a + infinitivo* existe en castelán polo menos desde o século XVII, e testemuña varios exemplos en escritores da época como Quevedo ou Lope de Vega. Yllera (1980: 174-175) vai máis lonxe e, ademais de situalas na Idade Media, determina que foi a mediados do século XV cando o uso desa perífrase se vai consolidando coa preposición *a*, logo dun período medieval de alternancia (con e sen preposición). Por último, Flores Dávila amósase rotundo á hora de situar o triunfo en castelán da preposición *a* nesta construción perifrástica:

Por lo que respecta al castelán, la inserción de *a* fue un cambio gradual pero relativamente rápido (...). En la segunda mitad del siglo XIII la presencia de *a* en el sintagma *ir* + infinitivo tenía apenas 14%; en los siguientes 140 años se triplica ese porcentaje en avances cuantitativos muy notorios y continuados; para la segunda mitad del siglo XV, la inserción de *a* alcanza casi 80% y para el siglo XVI no hay documentaciones sin esta preposición en los constructos con *ir* + infinitivo (Flores Dávila 2014: 1307).

Así pois, coa debida cautela, podemos presumir a súa caracterización como galeguismo tendo en conta o contexto galegófono que acompañou a realización dos documentos.

5.3.2. Verbo transitivo + OD humano

- **tiene en su compañía [nome propio humano]** (11): **PLeg**: 2r, 2v, 3r, 5r, 7v, 8r, 8v, 9r, 9v, 10r.

Estas construcións chaman a atención pola ausencia da preposición *a*, típica do castelán marcando o obxecto directo do verbo transitivo. Como indica Laca (2006: 423-475), a aparición en castelán desta marca ante obxecto directo cando este é un pronome ou nome humano é xa medieval e sistemática incluso no século XIII (96% dos casos analizados pola autora), sen variación nos textos dos séculos seguintes ata os nosos días. De feito, a extensión histórica do uso preposicional a outras clases de obxecto directo dáse desde os casos de 'OD pronome/nome humano' (e outras categorías achegadas) cara a outras menos humanas, animadas ou definidas (2006: 436-437, 448), o que quere dicir que, de sempre, o castelán presenta preposición diante de obxecto directo consistente nun nome propio humano. Laca (2006: 447) só atopa unha pequena baixada na sistematicidade de uso nos textos que analizou no século XVIII, pero explícaa perfectamente por cuestións de contexto (nome propio con uso metonímico ou funcionando como común, obxecto directo que segue a un indirecto etc.). No caso do galego, a estrutura desprovista da preposición nestes casos é máis esperable: Mariño Paz (2003: 259-261) cataloga a súa aparición como infrecuente na Idade Media e, malia ir estendendo os contextos de uso durante os Séculos Escuros, o seu uso diante de nomes propios en OD nin sequera se chegou a universalizar completamente na actualidade, onde é habitual notar a súa ausencia na fala popular, e “non chega a ser completamente obrigatorio” na norma (Cidrás Escáneo 2006: 147). De feito, este mesmo autor indica que “na lingua oral de hoxe, os exemplos máis factibles” de non aparición da preposición “corresponden a estruturas cun moi baixo perfil de transitividade: verbos estativos (...), basicamente, *ter* (o verbo transitivo máis atípico)” (2006: 158). Precisamente, o verbo *ter* é o que rexe todos os casos do fenómeno nos nosos textos.

No caso de como se produciu no castelán a extensión da preposición desde o medievo sinalada por Laca, Girón Alconchel (2004: 875-876) indica que para finais do século XVII o OD xa aparece “raramente” sen a preposición (o cal concorda coa pescuda da autora), se ben non co nivel de fixación que ten o castelán actual, mentres que xa no XIX Bello (2002) sinalaba a obrigatoriedade da súa presenza diante de nomes propios. Polo tanto, se xuntamos a posibilidade medieval, posmedieval e actual dunha frase do tipo *ten na súa compañía Xosé* no galego coa baixa posibilidade dunha frase similar, tamén sen concorrencia da preposición *a*, no castelán de mediados do XVIII e a isto engadimos o contexto galegófono que está omnipresente na elaboración dos nosos documentos, chegamos á conclusión de que, máis que probablemente, a estrutura *Tiene en su compañía [nome propio humano]* aparecida repetidamente en **PLeg** constitúe un galeguismo sintáctico.

5.4. Galeguismos léxicos

- **agra** (1): REcl: 40r.

Á parte das innúmeras veces que esta palabra aparece nos seis documentos como voz onomástica (apelido ou topónimo), aparece unha vez no contexto “Que las piezas de tierra que suenan de un mismo nombre están comprendidas con el de la vega o **agra** donde se allan situadas”. O dito contexto é moi aclarador, xa que o mesmo achega a definición aproximada de *agra* (é dicir, “o vega”). Na nosa opinión, o escribán tenta escribir nun castelán o máis esmerado posible usando a palabra *vega* pero, como é consciente de que o termo non dá conta da complexidade da *agra* galega³⁰, ten que matizar a primeira usando esta última. Tamén é posible que o escribán temese que os seus principais lectores no aparato do Estado non entendesen o significado de *agra*, cunha clara dimensión xeográfica e agraria galega, e por iso achega unha palabra como *vega* para transmitir unha idea de a que se refería. Sexa como for, *agra* non aparece por ningures nos dicionarios de castelán (NTLLE, RAE) co significado galego de “grande extensión de terra de cultivo dividida en leiras ou agros que pertencen a distintos donos” (RAG) e, polo tanto, a súa aparición no noso texto constitúe un galeguismo léxico.

- **aira** (2): REcl: 3r, 9v.

Sen necesidade de entrar nunha investigación etnográfica e cultural sobre o valor semántico completo que tería a palabra *aira* dentro e fóra de Galiza (RAG, a diferenza da definición da palabra equivalente en castelán da RAE, indica “terreo próximo á casa”), a palabra constitúe un galeguismo léxico pleno, posto que non aparece en ningún dicionario de castelán incluído o actual (NTLLE, RAE) e nas ocorrencias de CORDE nunca ten ese significado (en case todos os casos sae como forma conxugada do verbo *airar*). O tradutor Gaio indica o equivalente castelán, *era*, que na súa segunda entrada (RAE) é a palabra que carrega o significado similar, cos anteditos matices, ao que ofrece o dicionario RAG para *eira* (posto que *aira*, como sinónimo, remite á forma *eira*). O único misterio que nos quedaría por explicar, e que seguramente terá que ver coa formación ou orixe do escribán, é a presenza do galeguismo na súa variante diatópica oriental (provincia de Lugo e case toda a de Ourense), *aira*, cando pola situación da comarca da Barcala cabería esperar *eira*, xa que como explica Mariño Paz (2017: 144-145, 295) a distribución diatópica deste par, igual ao doutros con secuencias ditongais idénticas, xa estaría clara desde a Idade Media (*cf.* ALGa, vol. 3, mapa 90).

- **canle** (13): IL: 477r, 477v; IB: 126r, 126v, 127r, 127v, 128r.

³⁰ As súas implicacións na realidade social e agraria como espazo de cultivo pechada por valos, preto das aldeas e dividida en agros, mestura de propiedade privada e cultivo comunal (Cardesín 1992), serían certamente descoñecidas no centro da coroa.

Non hai constancia desta palabra en ningún dicionario de castelán (NTLLE), como tampouco a nivel documental no CORDE. Nos textos preséntase caracterizando como núcleo dunha frase preposicional a palabra *muíño* (“de canle”) para diferenciarlo doutro tipo de muíños. Como indica o tradutor Gaio, o seu equivalente en castelán é *canal*, unha solución menos evoluída a partir do seu étimo CANALE (Ferreiro 1999: 132); como indica este autor, a forma *canle* (con grupo heterosilábico -nl-) fronte á variante *cal* dáse máis xeralmente nas zonas occidentais, como é a nosa³¹; iso, e se cadra o descoñecemento da equivalencia coa forma castelá *canal* (ou cando menos no contexto semántico da tipoloxía de muíños) poderían explicar a aparición deste galeguismo léxico –cf. co topónimo deturpado Canal de Puente Corneira, no que intervén un escribán diferente (REcl: 4r)–.

- **carreto** (3): **IB**: 135v, 136r.

O contexto da expresión deixa clara a súa categorización como substantivo, valor que non ten nin tivo en castelán, a xulgar polos datos de NTLLE e dicionario da RAE; incluso no CORDE: só se testemuñan 3 veces co significado e valor do texto, das cales 2 son en obras da galega Emilia Pardo Bazán. Pola contra, DdD testemuña 29 veces a expresión, definíndoa sempre como acción e/ou efecto de *carretar* e, no caso de dicionarios galego-castelán, sempre como sinónimo de *acarrear*; tamén o dicionario da RAG, contrariamente ao RAE, inclúe a voz como “acción e efecto de carretar”. Quedan poucas dúbidas, entón, de que se trata dun galeguismo léxico.

- **conca** (4): **IC**: 482v; **IB**: 120v.

Castaño Álvarez (2015) explica que, á hora de medir produtos de consumo humano como sementes, pequenos froitos etc., utilizábanse envases ou recipientes que finalmente daban nome á unidade de medida e inclúe a *conca* nese grupo. Se contrastamos eses datos coa procedencia etimolóxica de *cuenca* en Corominas e Pascual (1996) advertimos o esforzo dos autores en detallar a equivalencia en “Gallego-portugués[:] conca”, aclarando que “en gallego tiene hoy *cunca* mayor extensión, así en el sentido de 'escudilla' como en el de 'taza'” (1996: 271), se ben tanto TILG (107 casos), como DdD, como o dicionario RAG dan conta da palabra *conca* e este último non só a cataloga como sinónimo en todas as acepcións de *cunca*, senón que a 6ª acepción desta última é “Medida de capacidade para grans, legumes etc., que pode equivaler a 1/12 ou 1/16 dun ferrado”, que sería o significado que presenta nas catro ocasións en que sae nos nosos textos, como se deduce do contexto; e, indo máis, lonxe, a 5ª acepción é “Medida de superficie equivalente a dous cuartillos”. O dicionario RAE, pola contra, non contempla ningunha destas medidas como definición nin para *conca* nin para *cuenca*, e *conca* só aparece unha vintena de veces nos documentos casteláns (CORDE), en

³¹ Así o confirma o ALGa, volume III (mapa 215), no que se pode trazar unha liña recta imaxinaria aproximada desde a cidade da Coruña ata os puntos máis setentrionais da divisoria entre as provincias de Pontevedra e Ourense a cuxa marxe esquerda, exceptuando puntos do Salnés, se dá a forma *canle* en contraste coa marxe dereita.

contraste cos 107 de TILG para o galego. *Conca* sae moitas veces nos dicionarios de castelán segundo NTLLE (41 entre 1611 e 1992) pero é curioso notar que o da Real Academia Española de 1780 (menos de 30 anos despois do catastro) catalógaa como voz antiga e remite a *cuenca*. Na busca desta última, finalmente, o dicionario tampouco a cataloga como medida. En definitiva, pois, a unión de todos estes datos revela inequivocamente que *conca* está en paralelo con *lagueiro*, *estriga* ou *ferrado* e que é un galeguismo léxico.

- **estrigas** (1): **IB**: 121r.

Nin sequera unha obra especializada en unidades de medida coma a de Castaño Álvarez (2015) cataloga esta voz; moito menos, os diferentes dicionarios de castelán no transcurso dos últimos séculos, como demostra o NTLLE. En troques, si que aparece un total de 33 veces nos dicionarios galegos (DdD) desde 1746. De feito, Sarmiento di textualmente que “la voz *estriga* es pura gallega” (Sarmiento 1970: 290). Así pois, estamos diante doutro galeguismo léxico.

- **feligresía / feligresía** (200): **IC**: 476r, 476v, 477r, 478v, 479r, 479v, 481v, 482r, 483r, 483v, 484r, 484v, 485v, 486r, 486v, 487r, 487v, 488r, 488v, 489v, 490r, 490v, 491r, 492r, 494r, 494v, 495v, 496r, 496v, 497v, 498r, 499r, 499v, 500v, 501r, 501v, 503v, 504r, 504v, 505r; **REcl**: 1r, 1v, 41r, 96r; **PLeg**: 1r, 1v, 2r, 11r; **PEcl**: 96r, 96v, 97r, 97v, 98r; **IL**: 469r, 469v, 470r, 470v, 471r, 471v, 472r, 472v, 473v, 474r, 474v, 475r, 475v, 476r, 476v, 477v, 478r, 478v, 479r, 479v, 480r, 480v, 481r, 481v, 482r, 482v, 483r, 483v, 484r, 484v, 485v, 487v, 488r, 488v, 489r, 489v, 490r; **IB**: 118r, 118v, 119r, 119v, 126r, 126v, 127r, 127v, 128r, 135r.

Esta voz presenta unha complexidade especial polas súas implicacións semánticas, co cal nos cómpre facer un percorrido histórico polo seu significado, galego e castelán, e polo uso da palabra na tradición escrita para dar conta da súa posible presenza nesta listaxe como galeguismo.

Feligresía, como tal, é unha palabra castelá que en galego ten como cognado *freguesía* (tradutor Gaio); documentada desde o século XIII en castelán (Corominas / Pascual 1996), aparece, segundo NTLLE, un total de 43 veces nos diferentes dicionarios de lingua castelá³², sendo do ano 1609 a primeira delas, polo cal non incluimos aquí a palabra, obviamente, como galeguismo fonético. Corominas e Pascual (1996) indican que a palabra procede de *feligrés*, e que esta, á súa vez, procede do latín vulgar hispánico *FILI ECCLESIAE*, 'fillo da igrexa'; segundo os autores, foi o prestixioso filólogo galicianista Vicente García de Diego quen confirmou a etimoloxía xa citada e, casualmente, inclúen na súa obra que, en relación coa palabra, o propio García de Diego “llamó la atención acerca del gall[ego] ant. *figreje* y su derivado *fiiglesia*, *fiiglesia*, *fliguesía* (hoy *feligresía*, 'feligresía, parroquia')” (1996: 878). A súa sinonimia con

³² Inclúe todos os dicionarios dos séculos XV a XVIII, os dicionarios xerais do XIX e XX e todos os dicionarios da Real Academia Española ata 1992.

parroquia, sinalada polos investigadores etimolóxicos, é a que nos interesa para tratar de dilucidar, desde o punto de vista semántico, a súa configuración ou non como galeguismo.

O dicionario da Real Academia Galega define *freguesía* como “1 Territorio que está baixo a dirección espiritual do párroco” e “2 Conxunto de fregueses dese territorio”, sinalando *parroquia* como sinónimo nos dous casos. Mentres, o dicionario da Real Academia Española dálle a *feligresía* os significados de “1. f. Conxunto de feligreses de una parroquia. 2. f. Territorio encomendado a un párroco. 3. f. Parroquia rural compuesta de diferentes barrios”: son coincidentes as definicións 1 coa 2 de cada dicionario. Lembrando que os nosos documentos están en castelán, tanto a segunda como a terceira definición dadas polo dicionario da RAE parecen ter cabida no contido expresado polos interrogatorios e os libros persoais; se botamos man do dicionario anteriormente máis cercano á época de elaboración do catastro que incluía a voz *feligresía*, o da RAE de 1732 (NTLLE) vemos que nel se definía *feligresía* como “El distrito y vecinos que pertenecen a una Parróchia”, correspondéndose ben, pois, coas que no dicionarios RAE e RAG actuais están desglosadas (acepción 1: distrito ou territorio; acepción 2: conxunto de veciños ou fregueses). Non obstante, cómpre facer un percurso sobre a historia do país para chegar a unha mellor comprensión do termo. En palabras de Torres Luna e Lois González,

A organización territorial do país non se podía comprender á marxe da parroquia. A parroquia definiuse e defínese como unidade de delimitación eclesiástica, que ao longo da Idade Media e até os nosos días se consolidou como célula básica de relación social no agro, espazo delimitado ao que lle correspondían bens comunais, microcosmos da existencia labrega (cun ritmo anual de festas e eventos perfectamente pautado), ámbito da cooperación veciñal e lugar preferente de pertenza das persoas, por enriba da aldea (ou o barrio, ou a vila, etc.) e da bisbarra de orixe. Para os xeógrafos, as freguesías interprétanse sob[r]e todo como territorios, que se representan con límites precisos nos mapas de Galicia. As parroquias engloban un número moi variable de entidades singulares de poboación (Torres Luna / Lois González 2009: 21).

O proceso de conformación das freguesías, tal e como as describen os mencionados xeógrafos, foi longo e, segundo os autores do primeiro nacionalismo galego (Otero Pedrayo e outros), estende as súas raíces primixenias ata a época prerromana, no hábitat celta: aldeas rurais dispostas ao redor dun castro principal que se converteu, tras a colonización romana e sueva, na parroquia rural (Torres Luna / Lois González 2009: 22). Aínda así, o seu asentamento foi moi gradual e tivo na fixación do cristianismo, en especial desde o reino suevo, un dos seus alicerces fundamentais. En palabras de López Alsina (2009: 57), “o sistema parroquial en Galicia ten as súas máis remotas orixes na (...) cristianización da poboación rural. No curso do século IV a organización da Igrexa no seo do Imperio tende a se acomodar ás realidades administrativas da administración provincial civil”. Segundo o medievalista, “a Igrexa do reino suevo prescinde da organización territorial provincial romana e adáptase ao territorio do reino” (2009: 60). Como queira que fose esta adaptación relixiosa á

vida civil e ás características sociais da época, o certo é que, segundo os postulados do autor, o sistema parroquial tal e como o coñecemos en Galiza fica máis ou menos asentado desde o século XI, se ben o período de máximo esplendor da freguesía non se dá ata a Idade Moderna, como se deduce do estudo de Pegerto Saavedra (2009: 77-104) sobre o Catastro de Ensenada, non por casualidade, a mesma obra foco do noso estudo. Como xa foi comentado, no espazo galego as operacións realizáronse fundamentalmente por freguesías. Saavedra explica:

A terminoloxía da época resulta xa un pouco confusa, debido a que a distribución espacial da poboación galega (e en xeral da cornixa cantábrica) se parecía pouco á que rexía en Castela. Os comisarios que se encargaron de dirixir as operacións do Catastro cansáronse de explicar á Real Junta de la Única Contribución, que supervisaba desde Madrid as operacións, que en Galicia as cousas non eran igual que no centro e sur da península, polo que non resultaba doado seguir unhas instrucións uniformes para toda a coroa de Castela. Dada a distribución da poboación en pequenas entidades espalladas, a parroquia aparecía como verdadeiro ámbito aglutinador e os párrocos como os intermediarios privilexiados entre a comunidade e as autoridades político-fiscais externas a ela (Saavedra, 2009: 78).

Para o autor, o feito de que os documentos elaborados pola administración da monarquía se realizasen por freguesías (alén do Catastro de Ensenada, tamén o censo de Floridablanca), “e non seguindo a división dos “partidos” fiscais que rexían para a repartición de alcabalas e servizos pon de manifesto a afirmación, tamén no plano administrativo, da freguesía” (2009: 79). E, como dato xenérico galego da época, “é doado comprobar asemade que nos documentos notariais a freguesía figura como o marco mellor definido de pertenza das persoas que outorgan escrituras” (2009: 79). Todos estes datos testemuñan non só a realidade específica galega na súa organización territorial e social á altura de 1750, senón tamén o patente descoñecemento da mesma por parte da corte castelá, toda vez que a súa realidade e organización tiñan que ser ben distintas.

Queda claro, pois, que a definición e a realidade física e social das freguesías antes explicadas por Torres Luna e Lois González nin foron nin son universais no espazo peninsular ibérico; de feito, como ben precisan os autores, “as parroquias, tal e como as coñecemos, constitúen unha realidade que se estende por toda Galicia, Norte de Portugal, Asturias e determinadas comarcas de León e Cantabria” (Torres Luna / Lois González 2009: 25). Así pois, ou ben o concepto de *freguesía* e do seu sinónimo *parroquia* –definida polo dicionario da RAE de 1737 como “el distrito y territorio que ocupan los parrochianos, o está señalado à la Parrochia” e “jurisdicción espiritual que tiene el Cura en su distrito, ó (...) el conjunto de todos los parrochianos, como súbditos suyos” (NTLLE)³³– eran ambiguas ou demasiado lacónicas nos dicionarios máis achegados a 1750, ou ben dentro desa concisión non tiñan por

³³ Aceptións 2 e 3. A primeira, sen moita trascendencia para o tema que nos ocupa, é a seguinte: “La Iglesia en que le administran, por derecho y obligación, los Sacramentos a los Fieles, y en que concurren al culto divino, y a ser instruídos, y es regida y administrada por el Cura o Párrocho” (Real Academia Española, 1737).

que incluír a especificidade da freguesía galega con respecto á do centro do poder castelán. De feito, a definición actual de *parroquia* no dicionario da RAE é a seguinte:

Del lat. tardío *parochia*, y este del gr. *παροικία* *paroikía* 'avecindamiento', infl. en su forma por el lat. *parochus* 'anfitrión', 'abastecedor'. 1. f. Iglesia en que se administran los sacramentos y se atiende espiritualmente a los fieles de una feligresía. 2. f. Conjunto de feligreses. 3. f. Territorio que está bajo la jurisdicción espiritual del cura de almas. 4. f. Clero destinado al culto y administración de sacramentos en una feligresía. *En la procesión del Corpus van todas las parroquias*. 5. f. Conjunto de personas que acuden asiduamente a una misma tienda, establecimiento público, etc. **6. f. Gal. En los municipios rurales, demarcación administrativa local, aunque carente de reconocimiento legal expreso** (Real Academia Española, 2018; negra nosa).

Como pode observarse, as primeiras definicións son moi similares ás que xa ofrecía o dicionario de 1737 (incluída a acepción 1); non obstante, todas esas concrecións non abundan para explicar a dimensión da freguesía galega, a tal punto que a última acepción, destacada por nós en negra, ten a misión de especificar que a palabra ten un significado particular e circunscrito ao ámbito de Galiza (“Gal.”), que é unha concepción da palabra diferente a todas as restantes definicións. O dicionario da RAG, pola súa parte, ofrece un conxunto de definicións moi similar coa diferenza de que, por dar conta da lingua do país, non especifica, por redundante, que a devandita acepción sexa circunscrita a Galiza.

Así pois, e polo razoado ata aquí, non se pode afirmar de ningún xeito que os escribáns que usaban a palabra *feligresía* nos interrogatorios e libros persoais na época o fixesen botando man dunha acepción e concepción particulares da palabra castelá para a realidade galega que, como expresa Saavedra, era entidade principal e organizadora dos documentos catastrais, a diferenza doutros territorios da coroa. Dá a impresión de que os escribáns galegos que traballaron para o Catastro de Ensenada usaron a palabra *feligresía* coa acepción de ‘demarcación administrativa local, mais carente de recoñecemento expreso, propia dos municipios rurais Galiza’, por máis que esta acepción non estivese recollida no dicionario RAE da época. Isto, en si mesmo, xa representa un importante indicio de que a palabra *feligresía* poida constituír un galeguismo semántico nos textos. Non obstante, botamos tamén unha ollada á súa distribución frecuencial nos textos para tentar determinar máis atinadamente a cuestión.

No total dos 6 documentos manexados, *feligresía* aparece, en singular ou plural, abreviada ou enteira, 200 veces; 192 desa forma e 8 veces coa variante *felegresía*. Pola contra, non se fala de *parroquia* (nin coas grafías actuais nin coas súas variantes pretéritas) en ningunha ocasión; o máis aproximado a esa mesma raíz é a palabra *párroco* a través das súas variantes gráficas *párrocho*, *párracho* e *párracco* para designar o oficio sacerdotal; non obstante, nin moito menos son sistemáticas, senón que só aparecen 4 veces (**IC**: 476v, 504v; **IB**: 124v, 126r) e os escribáns prefiren abrumadoramente a forma *cura*.

Partindo da base da sinonimia entre as dúas voces, esta sistematicidade de *feligresía* e a total ausencia de *parroquia* resultan rechamantes se as contrastamos co estudo de Varela Barreiro (2015: 147-175) sobre o uso de ambas palabras no ámbito galego. En palabras do autor, “*parroquia* [é] un evidente cultismo e máis que probable castelanismo” (2015: 149), o que sen dúbida contrasta coa marxinación actual da voz *freguesía* a un papel secundario “na elaboración do padrón actual e, sobre todo, na súa aplicación práctica na documentación oficial autonómica galega” (2015: 148), como testemuñan as súas pescudas sobre a baixísima frecuencia de *uso* xornalístico de *freguesía* con respecto a *parroquia* e, o que é máis grave, na elaboración dos padróns toponímicos por parte da administración autonómica. Abonde como exemplo destas descompensacións a obra da cal sacamos varios artigos de interese para o apoio científico desta voz, *A Parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro* (Xunta de Galicia, 2009); nela, aparece a palabra *parroquia* unhas 2118 veces e só 361 *freguesía*. A nómima redúcese aínda máis se temos en conta que, desas 361, un mínimo de 190 están nun artigo que trata sobre a unidade administrativa oficial portuguesa da freguesía, que ten ese nome³⁴.

Tamén *contrasta* esa situación actual coa orixe e distribución inicial das dúas voces no ámbito da península ibérica:

No latín eclesiástico –e quizais tamén no común– da península ibérica coexistiron durante un tempo, probablemente en todo o territorio e como voces basicamente sinónimas, a voz latina *parochia* (← gr. *παροκία* 'veciñanza') (> gal. *parroquia*, port. *paróquia*, cast. *parroquia*, cat. *parròquia*) e a forma do latín vulgar *fili ecclesia* > *filigresia*, derivada de *fili ecclesiae* 'fillo da igrexa' (→ gal. *freguesía*, port. *freguesia*, cast. *feligresía*, cat. *feligresia*). Con posterioridade, quizais xa desde o período do reino suevo na parte noroccidental e por mor da especificidade da súa cristianización⁴, abriuse paso nas terras de Hispania unha diferenciación diatópica entre o territorio máis occidental (futuro romance occidental ou galego-portugués) e os territorios centro-orientais (futuros romances centro-orientais). Por ela, en territorio occidental cobraron dominancia os derivados de *fili ecclesiae* e nos outros territorios foron os derivados de *parochia* os que acabaron por se impoñeren. Portugués, por unha banda, e leonés, castelán, aragonés e catalán, pola outra, manteñen aínda hoxe esa distribución areal en termos moi parecidos a como debeu de ser nas orixes. O galego, no entanto, parece formar parte actualmente da área de *parochia*, por ser a forma *freguesía* de escaso uso e mesmo de ton literario (Varela Barreiro 2015: 150).

Así pois, na liña temporal galega trazada polo autor e meticulosamente indagada a través dos corpus e ferramentas lingüísticas dispoñibles, aparece a palabra *freguesía*, desde a Idade Media ata comezos da Idade Contemporánea, como forma case exclusiva para expresar os

³⁴ Calheiros, Antonio Almeida (2009): “A freguesía como unidade político-administrativa mínima en Portugal”, en Fernando García Pazos (coord.): *A Parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 345-370.

contidos da voz latina *parochia*. Ben é certo que nese dilatado espazo de tempo a estabilidade non é total e xa se observan síntomas de penetración da voz *parroquia* canto máis entrada a Idade Moderna; porén, a súa imposición definitiva non se dá ata a Idade Contemporánea. Cómpre destacar que no século XVIII o 50% das voces aparecidas nos textos galegos xa son para *parroquia* e o 50% restante para *freguesía*, unha evolución anómala (como vimos, sen paralelo en ningunha outra lingua iberorrománica) e ata ese momento inédita (Varela Barreiro 2015: 162), pero que non sorprende demasiado tendo en conta que *parroquia* era a forma maioritaria do castelán. Se tal era a situación nos textos escritos en galego dese século, cabería agardar un resultado aínda maior nun texto escrito en castelán nese momento; de feito, o CORDE confirma esta dedución: no tramo que vai de 1725 a 1775 en textos de España só aparece 6 veces a forma *feligresía* e as súas variantes gráficas por 61 veces de *parroquia* e as súas variantes, o que amosa que esta última era a voz hexemónica do par, case única, do castelán da época, cunha distribución do 8,95% e o 91,04% respectivamente. Se incluímos todos os resultados de fóra de España a distribución non mellora moito para *feligresía*: 42 veces (17,43%) e 199 para *parroquia* (82,57%). Así, e poñendo en común o contraste de todos estes datos, resulta moi curioso constatar como nos nosos textos se dá a circunstancia contraria: ausencia total da forma culta do castelán *parroquia* e presenza absoluta da forma equivalente á maioritaria ata ese momento en galego, *feligresía*.

Ao noso xuízo, pois, e tras poñer enriba da mesa todos os elementos e condicionantes, a circunstancia de que a palabra *feligresía*, equivalente á maioritaria no galego da época, apareza no 100% dos casos dos nosos documentos cando estaba sendo substituída nos textos galegos por *parroquia* por contacto co castelán, e cando era practicamente marxinal nos textos españois da época, só pode explicarse como un galeguismo. Se ben non como galeguismo léxico (dando conta dunha realidade social, administrativa etc. descoñecida fóra de Galiza), cando menos como galeguismo semántico por forma coincidente coa maioritaria do galego: o contacto dos escribáns coas xentes galegofalantes, que usarían sempre *freguesía*, induciría sistematicamente a forma *feligresía* no canto da máis usada para o castelán, *parroquia*, sen nin sequera alternalas. O feito de que teñamos ata 8 casos da forma *felegresía* (**IC**: 486r, 486v, 495v; **PLeg**: 1v; **PEcl**: 96v, 97r; **IL**: 480v)³⁵, afectada por unha asimilación vocálica máis que habitual no galego popular desde os confíns do latín ata hoxe (*vid.* Ferreiro 1999: 195-196) apoia, ao noso modo de ver, o postulado de que os escribáns se decantaron por un calco da forma que escoitaban habitualmente e que era maioritaria en galego, un fenómeno que tamén acontecía con frecuencia nas formas onomásticas.

- **ferrado** (293): **IC**: 482v, 483r, 483v, 484r, 484v, 485r, 485v, 586r, 486v, 488v, 489r, 489v, 490r, 490v, 491r, 491v, 492r, 492v, 493r, 493v, 494r, 505r, 505v; **REcl**: 3v, 4r, 4v, 5r, 5v, 6r, 6v, 7r, 7v, 8r, 12r, 12v, 13r, 13v, 14r, 15v, 16r, 16v, 17r, 17v, 18v, 19v, 20r, 20v, 21r, 21v, 23r, 23v, 24r, 24v, 25r, 25v, 26v, 27r, 27v, 28r, 28v, 29v, 31r, 31v,

³⁵ Os escasísimos casos do castelán que ofrece o CORDE para *felegresía* ou son textos galegos ou textos leoneses, occidentais en calquera caso.

32r, 32v, 33r, 33v, 34r, 34v, 35r, 35v, 36v, 37v, 38r, 38v; **IL**: 472r, 472v, 473r, 473v, 474r, 474v, 475v, 476r, 476v; **IB**: 120v, 121r, 121v, 122r, 122v, 123r, 123v, 124r, 124v, 125r, 125v, 126r, 131v, 134r.

Malia aparecer esta unidade de medida 41 veces, desde 1609, nos dicionarios de lingua española, o certo é que o fai, case sempre, acompañada das etiquetas “Reino de Galicia”, “Gal.” ou similares (NTLLE). Así queda patente tamén no dicionario actual da RAE, onde salienta nas súas dúas acepcións “medida usada en Galicia” (Real Academia Española, 2018). Tamén Castaño Álvarez (2015) a cataloga como medida de superficie galega, mentres o especialista Luis Pastor aclara, no mesmo senso, que “esta unidade (...) es propia de Galicia. (...) Medida especial para granos y semillas equivalía a la 1/4 parte de una fanega. Medida de superficie que equivale a 900 varas cuadradas castellanas o sea 6,29 áreas” (Luis Pastor). Hai que matizar a isto último, non obstante, que a medida do ferrado é moi diferente e oscila ao longo do territorio galego. Por exemplo, en 1753 varias das freguesías incluídas no noso traballo tiñan diferentes valores para a unidade do ferrado: equivalía a 436 centiáreas en Covas, Portor, San Xoán de Barcala, San Cibrán de Barcala, San Vincenzo da Baña, San Salvador da Baña, Negreira, Logrosa, Corneira e Ordoeste, mentres en Bugallido equivalía a 831 centiáreas (Rodríguez Troncoso 2014: 29). En definitiva, pois, esta voz debe ser considerada como galeguismo léxico nos nosos documentos.

- **hierval** (4): **IL**: 471r, 472r, 473r.

A voz aparece inequivocamente como substantivo; tal e como está (ou coa grafía no canto de <v>) só sae 12 veces nos dicionarios de castelán (NTLLE) e como adxectivo, non como substantivo. Para este último agardaríase *hierval* (como sae precisamente en **IC**: 482r, 484v e en **REcl**: 39r) ou *hierbal*, pero esta parece ser unha palabra con moi pouco percorrido no castelán: só aparece nos dicionarios desde o século XX en pouco máis dunha ducia de veces (NTLLE). De feito, na súa busca o dicionario da Academia remite á forma *yerbal*, que define como “terreno cubierto de hierbas” e como palabra extrapeninsular, específica de Cuba, México e República Dominicana; o castelán de Bolivia sería o único en usar *hierbal* para esa acepción (Real Academia Española 2018), o que coincide coa acepción de *herbal* do dicionario RAG. Polo tanto, trátase como mínimo dun galeguismo léxico (xa que o que se fai é transferir para o castelán unha voz galega, *herbal*, que no primeiro non existía).

- **jiestales** (1): **IB**: 119v. / **jiestar** (3): **IB**: 122v, 123r, 123v.

Estas voces son substantivos de significación colectiva, neste caso vexetais, que polo tanto fan referencia a un conxunto de *jiestas* a través da sufixación substantival mediante o sufixo latino -ALE ou -ARE (Ferreiro 2001: 161-163). Polo tanto, a súa catalogación como galeguismo parte do substantivo orixinal, *jiesta*, do que non hai constancia en ningunha obra lexicográfica do castelán (histórica ou actual), nin dese xeito escrita nin con variantes gráficas (NTLLE); tampouco a hai a nivel literario (CORDE). É un calco moi claro, apoiado nunha

acomodación fonética con ditongación incluída, da voz galega *xesta*, procedente do latín *genesta* (Ferreiro 1999: 86) e que á súa vez en castelán dá *iniesta*; esta voz, como explica o dicionario da Real Academia Española (2018), está en desuso e remite ao sinónimo *retama*. Esa é a mesma percepción do escribán de IC, xa que na totalidade das veces que fai uso de *jiestal* ou *jiestar* preocupábase de acompañala da aclaración “o retama(r)”. Non queda claro se o escribán cría na validez de *jiestar/jiestal* como voz castelá e plenamente válida como sinónimo de *retama* ou se a introduce á mantenta, quizais para evitar unha palabra total ou amplamente descoñecida en Galiza³⁶ e por iso a acompañaría, sendo así, da palabra real e correcta do castelán. En calquera caso e sexa como for, *jiestal* ou *jiestar*, mesmo *jestal* (IL: 472r) son invencións léxicas consistentes en acomodar foneticamente ao castelán a raíz galega *xest-* e engadirlle o sufixo abundancial *-al* ou *-ar*.

Por outro lado, o sufixo do substantivo colectivo en *-al* ou en *-ar* non ten maior transcendencia, xa que o propio Ferreiro (2001) deixa clara a orixe latina desa flutuación e Menéndez Pidal (1985: 168, 181-182, 199) confirma para o castelán o mesmo fenómeno flutuante que cataloga como “dismilación” ou “equivalencia acústica R = L”; tamén Pharies (2002: 92) puntualiza que “*-āris* funciona en latín como variante de *-ālis*, y hasta cierto punto esp[añol] *-ar* sigue siendo, si no variante, prácticamente equiparable a *-al*” e recolle, como consecuencia diso, “numerosos dobles en *-al/-ar* (...) a lo largo de la historia de la lengua, cf. *manzanar* [954] / *mançanal* 'manzanal [1495]” etc. De aí a vacilación do escribán entre a forma en *-al* e a forma en *-ar*. Por ese mesmo motivo descartamos como galeguismos as voces *tojar* (3 veces: IB: 119v, 123r) ou *tojal* (7 veces en IC e 1 en IB), xa que, se ben non hai constancia de *tojar* en ningún dicionario da época nin actual, si o hai de *tojal*, ben documentado a nivel léxicográfico desde o século XIX e no dicionario RAE actual, así como de *tojo* (31 veces entre 1817 e 1992, segundo NTLLE).

- **jubenco/a** (9): IC: 495r, 495v; REcl: 22v; IB: 128v, 129r, 130v.

Malia que aparece unhas 27 veces nos dicionarios de castelán (1803-1992) e que os resultados máis achegados no tempo o califiquen como voz antiga, achamos esta forma (que concorre nos nosos textos grafada sempre con) un galeguismo léxico: *vid. subenca*.

- **lagueiros** (6): IC: 484r; IL: 473r; IB: 121r, 124r, 125v.

Segundo Castaño Álvarez (2015), o *lagueiro* é unha medida galega derivada da cultura do liño en Galiza, como tamén testemuña Sarmiento (1970). Ningún manual lexicográfico castelán recolle a palabra (NTLLE) e tampouco sae no dicionario RAE actual. Abonden eses datos, unidos á propia estrutura morfolóxica da palabra (ditongo *-ei-*, impropio do castelán patrimonial) para catalogala como galeguismo léxico.

³⁶ Non se inclúe no dicionario actual da RAG e só aparece unha vez nunha obra lexicográfica, de Sarmiento, e non co significado exacto que tería nos nosos documentos (DdD); por outra parte, fronte ás 428 aparicións de *xesta* no TILG danse só 16 de *retama* (e, en 4 deses 16 casos, aparece para definir a entrada *xesta* nun manual sobre vexetais).

- **mesmo/a** (2): **IL**: 472v, 482r.

Convive no mesmo documento con *mismo*, que sae en 4 ocasións (**IL**: 471v, 481r, 482r, 483r). Antes de deixarnos levar polas formas actuais en galego e castelán para evitar precipitacións, comprobamos que *mesmo* aparece nada menos que 48 veces nos dicionarios de castelán entre 1495 e 1992 (NTLLE), cualificado a veces como voz antiga. Non necesariamente ha de ser considerado, pois, un galeguismo; en casos coma este, malia que a forma galega puido ser a causa da presenza da palabra no texto, é imposible determinar a causalidade pola que aparece. Polo tanto, coa debida cautela sospeitamos que a influencia do galego pode estar detrás da aparición desta forma.

- **miedra** (1): **IB**: 129r.

Este substantivo non aparece en ningún dicionario de lingua española, nin historicamente (NTLLE) nin na actualidade (RAE), así como tampouco hai constancia da palabra en documentos en castelán (CORDE). O Dicionario de Dicionarios, pola contra, testemuña a presenza de *medra(s)* 15 veces nos dicionarios galegos. O dicionario da RAG, ademais, catalóga como substantivo feminino e defínea como “acción e efecto de medrar”. Así pois, este é un calco da voz galega *medra(s)*, acomodado foneticamente á estrutura do castelán mediante a ditongación crecente, e un claro galeguismo léxico.

- **mijo grueso** (1): **IC**: 490r. *Vid. mijo menudo.*

- **mijo menudo** (25): **IC**: 483r, 483v, 484r, 484v, 485v, 488v, 489r, 489v, 490r, 490v; **REcl**: 8r; **IB**: 120v, 121r, 121v, 124r, 125v.

A locución aparece case sempre nomeando un cereal en concorrencia con outros moitos, entre eles o *maíz* (23 veces en **IC**, 1 vez en **REcl**, 5 en **IB**). Como apunta Mariño Paz (1998: 288), “o castelán común aceptou plenamente a voz *maíz* e conservou o significado tradicional da palabra *mijo*” cando o primeiro chegou de América. Así o testemuña o CORDE: só unha ocorrencia da locución *mijo menudo* en textos casteláns. Non foi así no caso da lingua galega: como explica Álvarez (2002: 69-94), o grande éxito colleitado polo *maíz* americano acabou relegando a unha situación moi secundaria ou de inexistencia ao *mijo menudo* dentro da agricultura e alimentación galegas, a tal punto que este último acabou dando o seu nome orixinal, *millo*, ao chegada de América (*maíz*), con características morfolóxicas e nutritivas diferentes dentro da similitude entre ambos cereais. Deste xeito, o cereal máis antigo acabou tendo que incorporar o adxectivo *miúdo* (facendo referencia a un trazo da súa morfoloxía) para ser diferenciado do máis recente: *millo* fronte a *millo miúdo*³⁷. Isto, como explicaba Mariño Paz e confirma o CORDE, non operou en castelán, onde se diferenciou *maíz* de *mijo* respectivamente. Nótese, pois, o ambiente galegofalante que rodea os escribáns dos

³⁷ Para outras denominacións dos mesmos cereais (*maínzo, paínzo, millo gordo* etc.) *vid.* Álvarez (2002: 69-94).

documentos cando, non só nunca usan *mijo* sen acompañalo do adxectivo que deixe ben clara a diferenza de significado co *millo* galego, senón que ademais nun caso (IC: 489r) o escribán chega a denominar *mijo maíz* ao *millo* para xusto a continuación distinguilo do *mijo menudo* (*millo miúdo*) –se cadra por tratar de traducir literalmente *millo* e decatarse de que podería levar a confusión–, e noutra ocasión *mijo grueso* (IC: 490r), outra influencia do galego (non aparece en textos casteláns segundo CORDE) ao non necesitar o castelán unha locución así por ter xa a voz *maíz* e por existir tamén a voz *millo gordo* en galego.

Se procuramos a voz *mijo* no dicionario RAE máis próximo á época do catastro, o de 1734 (NTLLE) é moi rechamante observar que inclúe unha segunda acepción, distinta da principal, que reza “Lo mismo que Maíz: y assi se le llama en Galicia (...)” (RAE 1734). Así pois, en definitiva, encontramos a locución *mijo menudo* un galeguismo léxico presente en tres dos nosos documentos..

- **naviza** (1): IB: 121r.

A palabra aparece 37 veces nos dicionarios de castelán só a partir de 1734. Nese dicionario, elaborado pola RAE dáse a seguinte definición: “Nabo pequeno y delgado que nace del nabo redondo, mui tierno y sabroso, y mui usado en Galicia con este nombre”. Se sumamos a incorporación lexicográfica tardía no castelán ao contexto galegófono no que foron escritos os documentos catastrais, podemos suxerir que se trata dun galeguismo léxico.

- **pasal** (1): IC: 481r.

A palabra só aparece historicamente 4 veces en dicionarios de castelán (NTLLE), todas elas desde mediados do século XIX, e só 7 no CORDE (curiosamente tamén desde mediados do XIX) como sinónimo de *pasadera*; non aparece no dicionario actual RAE. Pola contra, si aparece en RAG e nos dicionarios máis antigos de galego, ata un total de 12 veces (DdD), lembremos, nunha lingua cun acervo lexicográfico moito menor có do castelán. Estes datos, unidos ás contadas aparicións tardías no castelán, lévannos a pensar que se trata dun galeguismo léxico e que quizais fose unha forma de incorporación tardía ao castelán e que acabou por desaparecer.

- **rego** (14): (REcl: 11r, 11v, 12r, 16r, 17r, 17v, 19r, 19v, 20r, 24v).

Galeguismo léxico pleno (*vid. riego*).

5.5. Galeguismos semánticos

- **corredera** (2): IC: 479v, 481v.

Malia que algúns dicionarios galego-castelán non actuais traducen a palabra galega *corredoira* na súa única acepción de “camiño de carros” (RAG) como *corredera* (o Dicionario

de Dicionarios amosa Cuveiro Piñol e Filgueira Valverde *et alii*), en ningún dicionario castelán da época, nin no actual (RAE) *corredera* aparece con ese significado. A acepción máis achegada, maiormente a principal nos dicionarios modernos (NTLLE), era a de “sitio o lugar destinado para correr caballos” (RAE) ou similar. Non obstante, non temos constancia de que existise nin exista un lugar desas características e con esa finalidade dentro da gandería equina galega, e moito menos unha palabra que a designe, como pode comprobarse en Groba Bouza / Vázquez Corral (2016) ou IES Terra de Turonio (2009), principais compiladores de léxico e vocabulario galego relacionado co mundo cabalar e que proporcionan, nomeadamente no caso dos primeiros, definicións ben exactas. Ao noso xuízo, o feito de que Cuveiro Piñol ou Filgueira Valverde *et alii* traduzan *corredoira* por *corredera* vén demostrar, precisamente, que a palabra *corredera* podía operar, xa en séculos pasados, como calco que tentase traducir (deficientemente e sen correlación léxica e semántica co castelán) unha palabra cunha morfoloxía galega de seu moi distante da do castelán. Repárese, ademais, na operatividade e validez que ten a tradución de palabras co sufixo galego *-oira/o* ao castelán *-era/o* (como en *lavadoiro* : *lavadero*), o que conduciría, tanto aos referidos lexicógrafos como ao escribán de **IC**, a calcar o devandito esquema de tradución a todas luces de xeito equivocado. Ademais, nas dúas ocasións onde se cita a palabra o escribán está describindo os límites xeográficos de dúas freguesías, San Salvador da Baña e Portor, achegando elementos físicos (ríos, penas, devesas etc. con cadanseu microtopónimo) que as delimitaban, o que casa mellor coa idea de *corredoiras* na súa definición RAG con cadanseu microtopónimo, Mosteiros e Longrán, e non con supostos lugares onde correrían cabalos (o cal suscitaría tamén a interrogante sobre a súa propiedade e o seu nome, en caso de que fosen particulares). Así, coidamos que *corredera* supón un galeguismo semántico no noso texto.

- **riego** (8): **IC**: 479r, 479v, 480v; **REcl**: 17v, 18r, 19v, 20r, 25v.

En ningún dicionario de castelán da época, nin anterior nin posterior (NTLLE), aparece *riego* como “pequeno suco natural polo que corre a auga” (dicionario RAG, que é o significado que suxire o contexto de todas as ocorrencias), nin sequera na actualidade, só como “acción y efecto de regar” ou similar (dicionario RAE). Polo tanto ha de ser considerado un galeguismo semántico adaptado graficamente á fonética do castelán mediante a ditongación. Isto vese confirmado coa convivencia coa forma léxica plena *rego* en **REcl** en 14 ocasións (**REcl**: 11r, 11v, 12r, 16r, 17r, 17v, 19r, 19v, 20r, 24v).

5.6. Formas dubidasas non computables como galeguismos

- **caxa del río** (1): **IL**: 472r.

A expresión, tal como aparece no texto, é de difícil interpretación: “y lo restante de las dos lo ocupan toxales cerrados, algunas dehesas y montes aviertos y algunos jestales en la

dicha de Logrosa, **caxa del río**, caminos y lugares sobre que se remiten a las relaciones de vezinos y forasteros y al reconocimiento echo por dicho señor Subdelegado en que convienen”. Non é doado descifrar o seu significado porque non temos constancia dela nos diferentes dicionarios de castelán dos últimos séculos (NTLLE), nin dentro das acepcións de *caxa* ou *caja* nin como expresión. Malia todo, non podemos considerar a expresión un galeguismo, xa que aparece 4 veces no CORDE nun contexto no que parece ter un significado idéntico ou moi parecido ao que ten no noso texto. Repárese: “había desplomado un cerro, precipitándolo sobre la *caxa del río* que sale del lago Riñihue” (Barros Arana 1884); “que viene a ser una gran peña atravesada en la *caja del río*, capaz de detener las aguas que descie[n]d[en]” (Concolorcorvo c. 1775); ou “tomó una veredita que conducía a la *caja del río* que atraviesa la población” (Altamirano, c. 1886-1888). Aínda que non podemos ter seguridade absoluta na equivalencia entre as expresións, non temos maneira de saber o seu exacto significado nin hai indicio ningún (TMILG, dicionario RAG) para afirmar o seu carácter galego.

- **ducientos** (12): **IC**: 488v, 490r, 497r, 500r, 501r; **IL**: 475v, 480r; **IB**: 132v, 135v, 127v, 128r.

O galego medieval (TMILG) testemuña o uso desta forma en galego (coa grafía <z> e tamén en feminino) máis de 250 veces; mais tamén o CORDE testemuña máis de 600 veces a palabra e con moita extensión no tempo, ata o século XX. Incluso os dicionarios de castelán recollían a palabra segundo NTLLE (33 veces desde 1732); isto demostra un uso compartido entre galego e castelán na época.

- **y mas** (1): **PLeg**: 11r.

O contexto enteiro da expresión é o seguinte: “Y dichos justicia y peritos declararon estar echo fielmente conforme a las relaciones [de] vecindario **y mas** de delixencias practicadas vaxo el juramento echo”. A lectura só permite dúas interpretacións: unha, na que *y mas* formaría unha locución conxuntiva; outra, na que habería que aventurar un erro do escribán inducido porque a seguinte palabra empeza por de- (delixencias), e no que a frase real sexa “conforme a las relaciones [de] vecindario y *más* delixencias”. Aínda que poida parecer moi rebuscado, garda consonancia con expresións similares e mesmo idénticas noutros documentos; por exemplo, en **REcl** temos “ Y dichos juez y peritos declararon estar conforme a las relaciones, notas, adiciones **y más** delixencias practicadas” (**REcl**: 41r). Non hai constancia nos dicionarios españois da época e actuais de *mas* como conxunción copulativa reforzando y (só en ausencia desta, como tamén vén definida como conxunción na acepción 12 en RAE), fenómeno que si é típico no galego e que recollen os dicionarios (DdD e DRAG). Así o testemuñan TMILG e TILG: o primeiro achega claras evidencias de existir xa na etapa medieval (“o porque eu fora ali | hu vos achei, **e mais** temi | de vos pesar én c ' a morrer”, Pero Garcia d' Ambroa, c. 1220-1240), e o segundo mostra sobrados exemplos en

Sarmiento apenas un lustro antes da elaboración dos documentos catastrais (“o mesmo chiaban aqueles punteiros e **mais** cos tambores sopraban o vento”, Sarmiento, 1746).

Así pois, de obviarmos a seria posibilidade dun erro gráfico do escribán estaríamos ante un galeguismo morfosintáctico. Inclinámonos máis pola primeira opción, xa que garda harmonía con outras construcións sintácticas similares noutros documentos e incluso constitúe unha oración con máis sentido.

5.7. Algunhas conclusións

En definitiva, o repaso polos galeguismos dos textos a través deste glosario de voces galegas deixa bastante claro que, na maioría dos casos, non é intención dos escribáns que os redactan introducir deliberadamente palabras galegas nos mesmos. A propia deturpación toponímica e antroponímica son mostras do afán de utilizar un modelo de lingua castelá o máis correcto posible dentro dunha formalidade adecuada para o carácter estatal que tiña o traballo e que impediría a tentación de descoidar os usos de lingua. Como vimos, certamente son contadas as veces nas que os redactores introducen palabras galegas de xeito voluntario e intencionado, e en todas elas fano por pura necesidade: ao non ser o castelán a lingua propia do país, en ocasións non lles abonda para dar conta de realidades galegas inexistentes alá onde o castelán é lingua do pobo e non lles queda máis remedio que botar man das formas que nomean esas realidades. Así, os galeguismos léxicos *agra*, *conca*, *estriga*, *ferrado*, *lagueiro*... están informando dunha realidade que os escribáns son incapaces de traducir a unha lingua que carece desas realidades xeográficas, económicas, etnográficas, culturais ou agrarias. Incluso a forma *feligresía* é un testemuño do viva que estaba a palabra *freguesía* na Galiza do XVIII opóndose a *parroquia*. No resto dos casos, múltiples factores coma a procedencia do escribán e a súa formación, pero, sobre todo, o contexto que os rodea e os veciños (peritos) galegofalantes que os acompañan provocan interferencias, galeguismos fonéticos, semánticos, léxicos etc. que sen dúbida terían evitado de seren conscientes da forma correcta do castelán ou que por despiste ou premura non puideron evitar mesmo coñecéndoa.

Neste senso, non podemos esquencer as formas onomásticas que non incluímos neste glosario pero que tamén aparecen afectadas por fenómenos fonéticos galegos. Así, temos numerosos exemplos de seseo (Barvasán, Maseira, Vilar de Sima do Agro, Muñós etc.), distintos fenómenos de alteración do vocalismo (Turreira, Balanzuela) e cando menos un de gheada (Rexenxo). Todos eles, malia seren involuntarios por parte dos escribentes, contribúen a asentar a idea dunha Galiza rural galegofalante en réxime case por completo monolingüe nesta altura do século XVIII e a ofrecer nocións simples de dialectoloxía da comarca da Barcala nese século.

6. ESTUDO ONOMÁSTICO

Do mesmo xeito que o catastro constitúe una boa fonte para analizar de xeito indirecto o galego medio a través dos seus galeguismos, non é menos certo que pola súa propia natureza, centrada en descubrir e inventariar os bens e tributacións dos suxeitos fiscais dunha localidade, dá pé tamén a ser analizada a onomástica que aparece nos documentos. Dous exemplos que son moi boa proba disto son os libros persoais (PLeg e PEcl), que ao teren como obxectivo levar conta dos veciños locais están cheos (particularmente PLeg) de nomes de persoa e apelidos, ou o Real de Eclesiásticos (REcl), que describe as posesións dos esclesiásticos e que, polo tanto, está cheo de microtopónimos. Polo tanto, e con todas as reservas que haxa que tomar tomando en conta que o catastro non daba conta de todas as persoas (polo tanto, de todos os nomes e apelidos) dun lugar nin de todos os topónimos e microtopónimos presentes no mesmo, elaboramos un estudo onomástico no que repasaremos, ao noso xuízo, os máis importantes trazos destas formas nominais que puidemos extraer dos seis documentos traballados.

6.1. Os nomes de persoa³⁸

6.1.1. Frecuencias: século XVIII e actualidade

A recompilación de todos os nomes de persoa contidos nos seis documentos deixa ver, por unha parte, unha importante combinación de nomes e apelidos, e por outra fainos deducir unha serie de circunstancias interesantes desde o punto de vista estatístico, sociolingüístico e histórico. Non obstante, como consideración previa é pertinente facer referencia a que non todas as persoas que aparecen nos documentos eran necesariamente residentes nas freguesías en cuestión: a modo de exemplo, e normalmente, boa parte dos citados na primeira páxina eran comisionados do proxecto, procedentes doutras partes de Galiza ou incluso de fóra.

A relación completa de nomes de persoa encontrados ao longo dos tres interrogatorios e os tres libros de Corneira amosa a cifra de 421 individuos, a maioría homes. Hai que ter en conta que, en moitos casos, o noso traballo de discriminación entre individuos non ofrece conclusións inequívocas, xa que moitas veces cítanse os mesmos individuos varias veces ao longo dun documento, e nalgúns casos é difícil precisar se se estaba falando dunha nova persoa que compartía nome coa anterior ou se, pola contra, se fai referencia ao mesmo individuo. Neses supostos, e sempre e cando outras pistas (oficio, procedencia, lugar de residencia etc.) non nos amosasen o contrario, optamos pola solución conservadora de entender que se estaba falando da mesma persoa no canto de contar dúas persoas diferentes, das que, se cadra, unha delas non existía. De todos os xeitos, cremos que a marxe de erro no caso dos nomes de home na nosa lista é pequeno, e en calquera caso nada comparable ao

³⁸ Parte deste estudo, con lixeiras modificacións, foi publicado en Vidal Fonseca (2016: 99-117).

propio feito de que os documentos catastrais non contabilizaban todos os individuos (cos seus nomes) que habitaban unha freguesía ou couto (Saavedra 2011: 692). No caso das mulleres, a mostra é demasiado pequena para tirar conclusións seguras de ningún tipo.

6.1.1.1. Masculinos

En total, contabilizamos 366 homes e 79 nomes diferentes, o que supón unha proporción de un nome para 4,63 individuos. Do estudo de todas esas formas pódense sacar conclusións interesantes. Por exemplo, a nivel estatístico e sumando o número de ocorrencias de cada un dos nomes obtemos os seguintes resultados:

Nome	IC + REcl + PLeg + PEcl	IL	IB	Total	% sobre o total
Domingo	30	5	20	55	15,03%
Juan	26	4	5	35	9,56%
Andrés	18	4	5	27	7,38%
Francisco	15	5	2	22	6,01%
Antonio	14	3	4	21	5,74%
Joseph	11	2	8	21	5,74%
Pedro	9	2	5	16	4,37%
Manuel	7	-	2	9	2,46%
Pablo	6	1	2	9	2,46%
Alberto/Alberte	3	3	2	8	2,19%
TOTAL	139	29	55	223	61,09%

Fig. 5: Índice e porcentaxes dos 10 nomes de home máis frecuentes en IC, REcl, Pleg, PEcl, IL e IB, ordenados de máis a menos repetidos

Unha mostra de 366 individuos, dos que podemos descontar algúns que, como dixemos, non serían habitantes residentes da comarca da Barcala (delegados catastrais etc.), non parece pequena se temos en conta que a poboación galega era tres décadas despois (1787), segundo Eiras Roel (1988: 156), aproximadamente de 1.200.000 habitantes descontando a urbana, e que nós recollemos 366 nomes masculinos en 11 das 3.836 freguesías da Galiza do momento (Saavedra 2007: 805). De feito, a pesar do estimativo dos nosos cálculos, unha simple división entre habitantes non urbanos e freguesías totais ofrece unha media de 312,82 habitantes por freguesía en Galicia, cantidade menor que a nosa mostra; porén, segundo Eiras Roel (1988: 165) a poboación masculina galega era inferior ao 50%, o que nos dá unha media estimativa de menos de 156,41 varóns por freguesía. Así pois, a nosa mostra de 366 homes (de 11 freguesías) equivalería a unha mostra completa de máis de dúas freguesías enteiras.

Polo tanto, e tendo estes datos en conta, parece que podemos dar por feito que *Domingo* era neste momento do século XVIII o nome masculino máis común ou de moda no Val da Barcala, cunha porcentaxe de incidencia bastante alta (máis do 15%), seguido de *Juan* e *Andrés*, con porcentaxes xa inferiores ao 10%. En total, ademais, obsérvase que máis do 61% dos homes tiña algún deses once nomes, unha porcentaxe nada desprezable.

Estes datos non supoñen ningunha tendencia illada nese momento. A súa comparación coa freguesía de Berdoias (Vimianzo) na mesma época a través das indagacións de Lema Suárez (2006: 66-69, 105-106) confírmanos que estes nomes máis comúns tamén o eran nesa freguesía da Costa da Morte, non moi distante da Barcala. Así, a frecuencia de aparición de *Antonio* na nosa comarca é do 5,74% e en Berdoias do 5,2%; outros nomes tamén teñen índices similares: *Andrés* (7,3% e 8,2% respectivamente), *Domingo* (15,03% e 14,18%), *Manuel* (2,46% e 2,23%) ou, a unha pouca máis de distancia, *Pedro* (4,37% e 7,46%)³⁹. Incluso nomes con poucas aparicións teñen índices bastante similares. Só atopamos grandes diferenzas en *Juan* (9,56% e 15,67%) e *Francisco* (6% e 2,98%), pero poden ser explicadas, en parte, porque Lema inclúe os nomes compostos a partir destes nas súas ocorrencias e nós optamos por non facelo.

Ao comparar esas estatísticas coas que nos proporcionan os padróns municipais actuais de Negreira e A Baña correspondentes á totalidade do censo das 10 freguesías (a excepción de San Xián de Negreira) advertimos que, algo máis de dous séculos e medio despois, a moda cambiou sensiblemente e os nomes máis correntes tamén cambiaron, inda que no todos. Nos padróns encontramos 1134 homes e 314 nomes diferentes, o que representa un nome para cada 3,61 varóns, proporción un punto inferior aos 4,62 individuos por cada nome no século XVIII.

³⁹ Creemos que a alta frecuencia destes nomes nestas comarcas no XVIII está en relación cos causantes que apunta Lema Suárez (2006: 135-137) de dar nome aos neonatos. Non se coñece, por exemplo, ningunha devoción local nin festa relixiosa en homenaxe aos santos *Andrés* ou *Domingo*. Ningún dos dous é, nin sequera, advocación de ningunha das freguesías de toda a comarca (*vid.* de Torres Luna / Pazo Labrador 1994: 241-331). Non obstante, si creemos que se pode explicar por motivo de devoción o caso de *Pedro* na freguesía de Bugallido, xa que a súa advocación é precisamente San Pedro, e, como se pode ver na *Fig. 5*, iso provoca (ao parecer) que só nesa freguesía se concentren 5 ocorrencias dese nome, só 4 menos que en 8 parroquias xuntas cos seus catro documentos (IC, REcl, PLeg, PEcl).

Nome (314 diferentes)	IC + REcl + PLeg + PEcl	IL	IB	Total	% sobre o total
Manuel	88	17	16	121	10,67%
José	61	13	10	84	7,41%
José Manuel	54	14	3	71	6,26%
Jesús	33	7	2	42	3,70%
Antonio	26	8	2	36	3,17%
José Antonio	20	7	1	28	2,47%
Francisco	17	5	1	23	2,03%
David	13	5	1	19	1,68%
Ramón	14	4	1	19	1,68%
Fernando	10	4	1	15	1,32%
Juan	12	1	2	15	1,32%
Juan José	7	4	4	15	1,32%
Pablo	11	2	2	15	1,32%
TOTAL	366	91	46	503	44,35%

Fig. 6: Índice e porcentaxes dos 10 (13) nomes de home máis frecuentes nas freguesías barcalesas de A Baña, Corneira, Covas, Ordoeste, Portor, San Cibrán de Barcala, San Xoán de Barcala, Logrosa e Bugallido (abril de 2014), ordenados de máis repetidos a menos repetidos.

Manuel, un nome secundario no século XVIII (9 ocorrencias, só era o 8º máis común co 2,47% dos casos), ocupa o primeiro lugar destacado na listaxe de nomes máis frecuentes na actualidade; tanto, que máis de un de cada dez homes leva este nome na comarca. *José* aumenta considerablemente a súa aparición con respecto o século XVIII –de feito, é o nome máis frecuente se temos en conta os nomes compostos dos que forma parte–, mentres *Jesús* se sitúa en cuarto lugar partindo dunha situación descoñecida no XVIII; *Antonio* e *Francisco* permanecen entre os 10 máis comúns con lixeiros descenso. Pola contra, nomes como, sen ir máis lonxe, o 1º e 3º máis frecuentes na época no catastro, *Domingo* e *Andrés*, caen en desgraza: só atopamos actualmente un *Domingo* (de 1134 homes) na totalidade do padrón das dez freguesías, e seis persoas que se chamen *Andrés* ou *André*). No referente á representatividade, estes primeiros trece nomes supoñen o 44,35% de todos os nomes existentes na comarca, unha porcentaxe que non consideramos pequena pero que é sensiblemente inferior ao 61% que supoñían os once primeiros nomes comarcais na Idade Moderna. Malia non seren os datos catastrais tan fiables coma os dos padróns, parece que cando menos todos estes cambios son avultados de máis como para non seren dignos de consideración.

6.1.1.2. Femininos

Por razóns que teñen que ver, en última instancia, coa situación social da muller no século XVIII e que xa foron explicadas, aparecen citadas poucas mulleres nos nosos documentos. Así, non estraña atopar só 55 mulleres mencionadas nos nosos textos, cun total de tan só 26 nomes diferentes (o que, inda así, significaría un nome cada 2,11 individuos, pouco máis de un nome para cada dúas persoas).

Nome	IC + REcl + PLeg + PEcl	IL	IB	TOTAL	% sobre o total
Agustina	1	-	-	1	1,82%
Antonia	2	-	-	2	3,64%
Bernarda	1	-	-	1	1,82%
Brígida	2	-	-	2	3,64%
Christóvala	1	-	-	1	1,82%
Dominga	1	-	-	1	1,82%
Francisca	2	1	2	5	9,09%
Inés	1	-	-	1	1,82%
Isabel	2	-	-	2	3,64%
Jazinta	1	-	-	1	1,82%
Josepha	4	-	1	5	9,09%
Juana	2	-	2	4	7,27%
Manuela	-	-	1	1	1,82%
Marcela	1	-	-	1	1,82%
Marcelina	1	-	-	1	1,82%
Margarita	1	-	-	1	1,82%
María	7	2	3	12	21,82%
María Antonia	-	-	1	1	1,82%
Mariña	-	-	1	1	1,82%
Melchora	1	-	-	1	1,82%
Paula	-	-	2	2	3,64%
Phelipa	1	-	-	1	1,82%
Rosa	2	-	1	3	5,45%
Susana	1	-	-	1	1,82%
Theresa	2	-	-	2	3,64%
Xpistina	1	-	-	1	1,82%
TOTAL (26)	38	3	14	55	100,00%

Fig. 7: Nomes de muller recollidos nos documentos IC, REcl, Pleg, PEcl, IL e IB, número de ocorrencias de cada un e porcentaxe de aparición dos mesmos.

Neste caso, o pequeno tamaño da mostra non permite tirar conclusións inequívocas de ningún tipo. Quizais o único dato bastante seguro sexa o papel central do nome *María* na época na comarca (21,82% dos recadados; os seguintes, *Francisca* e *Josefa*, non chegan ao 10%)⁴⁰. De ser así, a importancia deste nome con respecto á actualidade non cambiaría, xa que segundo os padróns municipais continúa sendo o nome máis frecuente na comarca (6,43%) por diante de *María (del) Carmen* (4,94%) que tamén contén o nome como parte inicial do composto. Non obstante, é prudente non profundizarmos máis na comparativa para evitar conclusións erróneas a partir dunha mostra tan exigua.

En resumo, pois, observamos un proceso de cambio sociolingüístico, mesturado con trazos de conservadorismo, no que se refire aos nomes de persoa que reciben os neonatos no transcurso de tres séculos na comarca da Barcala. Á marxe dos moi variados factores que inflúen á hora de bautizar unha persoa acabada de nacer naquel momento e na actualidade⁴¹, intúense determinadas tendencias, que van cambiando co tempo en maior ou menor medida, e que dan como resultado que nunhas épocas sexan moi habituais determinados nomes e noutras épocas outros, ou incluso que esas tendencias teñan moito éxito e sexan difíciles de cambiar. No noso estudo quedaron patentes casos de todos os tipos: uns nomes aumentaron en frecuencia ou emerxeron, outros mantivéronse máis ou menos estables e outros ficaron marxinados ou incluso desapareceron.

6.1.2. Proceso de castelanización dos nomes de persoa

Outra variable que introducimos neste estudo é o da lingua dos nomes no catastro. Por norma, e por motivos históricos e sociolingüísticos que teñen que ver co prestixio, a consideración social e o uso oficial da lingua a nivel estatal a mediados do século XVIII, a vontade (única posible) dos escribáns implicados na redacción dos documentos catastrais, documentos moi formais naquel momento, é a de escribir nun castelán correcto⁴². Iso supón tamén ser *correcto* na onomástica, e consecuentemente na maioría dos casos encontrámonos con que, en teoría e remitíndonos ao escrito, os nomes das xentes que habitaban as nosas freguesías e os dos topónimos que contiñan eran nomes casteláns.

Non obstante, temos varios motivos para pensar que, malia a demoleadora presenza de nomes en castelán fronte aos galegos nos nosos documentos, o nome real da maioría (cando non de todas) das persoas citadas era galego. Non existe constancia ningunha de movementos migratorios significativos procedentes doutros puntos da península cara á comarca da Barcala, rural e do interior, nesa época e que puidesen estar detrás dunha maioría da poboación local, aparentemente, con nomes casteláns. Este feito, unido aos estudos do historiador Lema

⁴⁰ A comparativa con Berdoias na mesma época a través de Lema Suárez (1993: 121) parece confirmar esa conclusión, xa que tamén alí *María* sería o nome máis frecuente.

⁴¹ Vid. Lema Suárez (2006: 135-137). Para o século XVIII, Lema sinala a decisión dos cregos parroquiais, a coincidencia do nacemento co día do santo/a correspondente ou a decisión dos padriños como as principais causas ou causantes da asignación dun determinado nome para os nados; para a actualidade (desde o século XX), a simple decisión de pais ou padriños “polo simple feito de que escoitaron [os nomes] por algures e gustoulles” (2006: 137).

⁴² Para máis información sobre motivos e cuestións históricas implicadas, vid. Mariño Paz (1998: 195-235).

Suárez, que traballou con actas bautismais e outros documentos da Costa da Morte da Idade Moderna, parecen deixar poucas dúbidas respecto á hipótese que formulamos⁴³. Velaquí unha das súas observacións, que citamos textualmente porque aclara á perfección o que sucede nos documentos oficiais por esta época, e por extensión, no noso catastro:

Observamos unha progresiva tendencia á castelanización [nas actas de bautismo] xa desde principios do século XVII [...]. Castelanización que, de termos só estas actas bautismais como única referencia, diríamos que xa estaba consumada a primeiros do XVIII [...]. Este apurado empeño castelanizador da onomástica talvez se debese a que estes libros de bautizados moi axiña foron considerados verdadeiros documentos oficiais [...] e os cregos-escribáns créronse na obriga de inscribir “correctamente” ós nacidos da súa parroquia cos seus nomes en castelán, idioma referencial da corrección [...]. De aí que ás formas populares aínda vivas [...] se lles tivese que procurar de contado a correspondente forma “oficial” do idioma do Estado, para acadaren a súa validez (Lema Suárez 1993: 128).

Como xa procuramos deixar claro, non cabe dúbida de que o Catastro de Ensenada é un documento oficial de magna importancia naquel momento, e por distintos motivos. Podemos afirmar, sen temor a equivocarnos, que de máis importancia que calquera acta bautismal de xente do común. Así pois, é de lóxica pensar que, con máis razón, este documento debía ir nun castelán o máis esmerado posible, o que, seguramente, incluíría traducir a onomástica. Prosegue Lema:

Podemos comprobar como noutro tipo de libros parroquiais, coma os de *contas de fábrica* e das *confrarías* [...], o escribán [...] ten unha maior liberdade para recoller con máis fidelidade os nomes reais [da xente] [...]. Nestes libros o subconsciente idiomático colectivo non está tan reprimido coma no caso dos libros dos bautizados e as formas netamente galegas dos nomes -e apelidos- seguen persistindo ó longo de todo o XVIII, e aínda van termando do carro ata ben entrado o séc. XIX (Lema Suárez 1993: 128).

Consecuentemente, entendemos que en moitos casos vaise formando unha especie de *dobre nome* (que en realidade é só un) dos naturais das freguesías: un nome familiar, oral, real e que era polo cal se coñecía o individuo, e en galego; e outro escrito e oficial a efectos documentais, e en castelán. Como di Lema, esta duplicidade (agás nos documentos menos importantes ou non oficiais) aguanta ata ben entrado o século XIX, cando é de supoñer que se uniforma a forma castelá para a escrita en calquera tipo de documento, se deixamos á parte algunhas resistencias que se deron ata, incluso, o XX⁴⁴. Na oralidade, inda que nunha cantidade de individuos cada vez menor desde aquel momento, a forma galega persistiu a veces incluso ata os nosos días, onde a pouco que investiguemos minuciosamente en

⁴³ Algúns exemplos que consultamos son: Lema Suárez (1991, 1993, 2004, 2006).

⁴⁴ Lema constata nalgúns documentos, por exemplo, algún *Domingos*, ou algún *Caetano*, ben avanzado o século XIX (vid. Lema Suárez 1991: 125-130).

practicamente calquera punto rural da xeografía galega encontraremos un *Xan*, un *Lois*, ou, se cadra aínda máis común e abundante, unha *Carme*, cando de seguro nos seus documentos de identidade figurarán *Juan*, *Luís* e *Carmen*.

Para 1752-1753, época da realización do Catastro de Ensenada na nosa comarca, a posta en marcha deste *nome oficial para a escrita* tiña xa certo percorrido, como se pode deducir das investigacións de Lema. Das súas partidas de nacemento estudadas extráese que uns nomes resistiron durante máis tempo o proceso de castelanización escrita que outros (precisamente e entre eles, os que se conservan en galego nos nosos documentos), e que ese proceso castelanizador documental, que foi gradual e xa empezara antes do século XVI, polo xeral consegue un éxito importante nos albores do século XVIII (Lema Suárez 1993: 118-122; 2006: 195-201), exceptuando, claro está, certas resistencias como as que temos no catastro e que imos ver. Desde logo, pois, non é atrevido pensar que a pesar da proliferación de nomes en castelán nos nosos documentos, a inmensa maioría dos naturais tería aínda nomes galegos alén do estritamente escrito.

A listaxe de nomes recollidos nas once freguesías barcalesas e o seu estudo coidadoso, desde o noso punto de vista, non fai máis que confirmar o noso postulado exposto ata aquí. Na suma dos seis documentos encontramos 79 nomes diferentes de home; deses, só cinco estarían transcritos inequivocamente en galego: *Alverte*, *Caetano* e *Thomé*, dous casos de *Jián* e mais o composto *Domingo Reimundo* no que destaca a segunda peza no nome composto, que parece ser galega⁴⁵. En troques, dos 79 nomes, 30 (máis dun terzo) están inequivocamente en castelán (os demais coincidirían en galego e castelán). Deseguido, detallamos o caso dos galegos.

6.1.2.1. Os nomes galegos no texto e a súa flutuación

6.1.2.1.1. *Alverte*

Encontramos tres persoas chamadas *Alverte* na freguesía de Logrosa (IL), e curiosamente ningún *Alberto*. Pola contra, atopamos tres *Alberto* nas 7 freguesías incluídas en IC, REcl, Pleg e PEcl e tres en IB (un deles co nome composto *Alberto Antonio*), e ningún *Alverte* nestes cinco últimos documentos. Sería moi simple concluír que por casualidade na freguesía de Logrosa a xente se chamaba *Alberte*, en galego, e uns poucos quilómetros á redonda, en distintos puntos da comarca, chamábase *Alberto* (forma non galega⁴⁶). Desde logo, cremos máis ben que, en base ás probas esgrimidas, a explicación máis plausible é que todos eran

⁴⁵ Malia que puidese parecer un castelanismo fronte a *Domingos* (que non aparece nos nosos textos), descartamos *Domingo* como castelanización, posto que o TMILG testemuña a súa amplísima difusión nos séculos da Idade Media, antes de se produciren os cambios sociolingüísticos que conduciron á castelanización onomástica.

⁴⁶ Vid. Ferro Ruibal (1992: 108).

Alberte, pero que só o escribán que redactou o interrogatorio de Logrosa, por algún motivo, conservou a forma orixinal e sen traducir cando os transcribiu⁴⁷.

6.1.2.1.2. *Caetano*

No caso de *Caetano*, temos en total tres casos en galego e só un en castelán, mentres que, no caso dun quinto individuo, é citado unha vez en galego e outra en castelán, co cal, como xa explicamos no caso de *Alberte/Alberto*, ben podemos deducir, con toda seguridade, que o seu nome real fose o galego *Caetano* ou *Queitán*, por aquel máis que probable afán do escribán de usar continuamente o castelán, incluso traducindo a onomástica. Nese caso teríamos catro en galego e un en castelán. En IC, REcl, PLeg e PEcl aparecen só dous casos en galego; en IL non hai ocorrencias e en IB é onde aparece un en galego, outro en castelán e o outro das dúas formas. Esta flutuación no mesmo interrogatorio, máis que demostrar que uns se chamaban *Caetano* e outros *Cayetano*, parece indicar que todos eran *Caetano* –ou as súas variantes patrimoniais– e que o escribán deste interrogatorio coñecía a equivalencia dese nome en castelán.

6.1.2.1.3. *Thomé*

Thomé, forma tradicional galega (Ferro Ruibal 1992: 365)⁴⁸, inda que iso non impida tamén a súa existencia en castelán (como testemuña *CORDE*), só aparece un (en IC), e outro *Tomás*, castelán ou, como mínimo, “culto e menos frecuente [e popular]” (Feixó Cid 2003: 574-575), en IB. O máis probable é que esta última forma fose unha tradución consciente do escribán de IB; en todo caso, a aparición de *Thomé* en IC demostra que o nome subsistía aínda nos documentos nesta altura de mediados do século XVIII. A partir do último lustro do século, a forma galega acaba por desaparecer dos textos⁴⁹ (Lema Suárez 2006: 200).

6.1.2.1.4. *Reimundo*

Este é un caso máis dubidoso. Do xermánico RAGINMUND ('protección do consello divino'), é a segunda peza dun único *Domingo Reimundo* encontrado nos nosos textos. Temos

⁴⁷ Algúns paleógrafos postulan que o nivel de formación académica é unha das causas determinantes de que uns nobres medievais teñan unha calidade e estilo de letra mellores que outros (*vid.*, por exemplo, Ares Legaspi 2015: 104-131). Trasladándonos ao eido puramente filolóxico, e á falta dun estudo máis pormenorizado que chegue a conclusións sólidas, cremos que, de xeito semellante, a máis formación académica dos escribáns modernos do catastro, máis posibilidades de que escriban *Alberto* e non *Alberte* (por exemplo) no documento en cuestión, dado que, como xa insinuamos e á luz dos motivos históricos expostos, vemos improbable que, coñecendo o cognado castelán dun nome galego, un escribán empregase este nun documento de tanta importancia e formalidade na época coma o Catastro de Ensenada. O feito de que IL sexa o documento que presenta máis galeguismos (*vid.* Galeguismos nos textos e a súa tipoloxía), 18, alén do exemplo deste antropónimo parece confirmar esta conclusión. A isto hai que sumar o feito xa explicado de que, máis que probablemente, todos os escribáns (os que transcriben *Alberte* e os que optan por *Alberto*) escoitan *Alberte* por parte dos peritos e dos que acompañan a elaboración dos documentos.

⁴⁸ Cf. Faure Sabater (2002: 793), que caracteriza *Tomé* como “variante galega e portuguesa de *Tomás*”.

⁴⁹ Segundo Ferro Ruibal (1992: 365), a principios do século XIX só o 7% das advocacións parroquiais galegas con este nome eran *Tomás*, fronte ás 93% de *Tomé*. Este feito, unido á súa gran supervivencia como apelido (como mostra a *Cartografía dos apelidos de Galicia* en liña), fai sospeitar que a probable corrección de *Tomé* por *Tomás* no interrogatorio en cuestión se deba á súa analogía coa forma máis habitual ou prestixiada do castelán.

que deducir a forma *Reimundo* como evolución fonética regular do ditongo <ai> a <ei> por asimilación, moi típica no léxico patrimonial galego (Ferreiro 1999: 74-77; Mariño Paz 1998: 48, 89). Aínda que parece una forma moi galega que alterna coa “variante” *Raimundo* (Ferro Ruibal 1992: 449), non é exclusiva dos textos galegos, xa que noutros textos peninsulares, aínda que non con asiduidade, aparece a forma *Reimundus* en época medieval (Faure Sabater 2002: 702-704). A pesar de todo, en *CORDE* só atopamos 37 ocorrencias de *Reimundo* en 14 documentos desde o ano 986 (e a maior parte deles no século XVI), mentres que as ocorrencias de *Raimundo* ascenden a case milleiro e medio en máis de 300 documentos. Así pois, parécenos claro que o individuo era efectivamente *Reimundo*, independentemente de se o escribían, ao transcribilo así, pensaba que estaba escribindo nun *correcto castelán* ou non.

6.1.2.1.5. *Jián*

Atopamos dous individuos co nome *Jián*, equivalente á forma actual *Xián*, en PLeg: 3v, 7r. Malia que Lema Suárez (2006) sempre rexistra o nome xa castelanizado, incluso xa no século XVII, a tentación de catalogalo como un erro do escribente hipoteticamente querendo escribir *Juan* perde forza porque a lectura parece clara nos dous casos, e sería improbable un erro gráfico idéntico en dous casos. Realmente parece probable que *Jián* fose, efectivamente, o nome destes dous individuos. Nese caso, é perfectamente plausible que o escribán non coñecese a forma culta *Xulián* (Ferro Ruibal 1992: 544) e que, aínda que coñecese o castelán *Julián*, non soubese que o *Jián* que oía nas declaracións dos peritos fose o cognado galego dese *Julián* castelán. Sendo así, non puido traducir o antropónimo a maiores de usar a grafía <j>. Polo tanto, e tendo en conta a forma medieval *Juião* da que procedería, consideramos este un antropónimo galego que, a pesar de todo, apenas contribúe a diminuír a elevada castelanización onomástica que presentan os nomes persoais nos seis documentos.

6.1.2.1.6. *Mariña*

No caso dos nomes femininos, e se cadra debido ao pequeno tamaño da mostra, unicamente atopamos unha *Mariña* (do latín *MARINA*, 'que vén do mar ou vive no mar'⁵⁰) inequivocamente galega fronte a catro nomes inequivocamente casteláns, dun total de cincuenta e cinco mulleres. A proporción de nomes de muller galegos fronte a casteláns é aínda máis baixa que no caso dos masculinos, aínda que a aparición dun só nome, que ademais non volve ser citado, resulta anecdótica para o noso estudo, xa que non nos permite observar ningunha flutuación que entre en consonancia cos casos masculinos.

⁵⁰ Vid. Faure Sabater (2002: 565-566), Ferreiro (1997: 40), Ferro Ruibal (1992: 365-366) e Tibón (1998: 163). Cf. Feixó Cid (2003: 385), que incluso descarta expresamente a súa orixe como hipocorístico de *María* o *Margarida*.

6.1.3. Algunhas conclusións

En definitiva, o estudo dos nomes de persoa modernos e actuais permítenos observar un cambio sociolingüístico, con certas resistencias (*María, Andrés, Antonio...*), que conduciu á actual proliferación de nomes antano minoritarios ou secundarios, do mesmo xeito que advertimos, noutros casos, a desaparición ou marxinação actual de nomes frecuentes no século XVIII como *Domingo*. Por outro lado, se comparamos os cinco nomes masculinos galegos (exceptuando *Reimundo*) coa panorámica dos que extraeu Lema Suárez das actas bautismais de Berdoias da mesma época⁵¹, advertimos que forman parte dos nomes que, por unha causa ou outra, máis resistiron os procesos de castelanización a nivel textual. E de xeito inverso, aqueloutros dos cales xa non atopamos rastro da forma galega no catastro (*Domingos, Joana/Xoana, Filipe, Margarida, Joan/Xoan por Domingo, Juana, Felipe, Margarita e Juan*, que si aparecen) son tamén, naquelas actas, parte dos nomes que primeiro sofren a influencia castelanizadora e dos que practicamente se perde rastro documental xa desde principios do século XVIII (Lema Suárez 1993: 118-122; 2006: 195-202). Polo tanto, e desde esta perspectiva, os antropónimos presentes nos documentos do Catastro de Ensenada da comarca da Barcala ofrecen máis información sobre o fenómeno sociolingüístico que conduciu, en último termo, á práctica desaparición dos nomes de persoa galegos en documentos oficiais a mediados do século XX, e cuxa recuperación parcial, á luz dos padróns municipais, se está vendo nas últimas décadas⁵².

6.2. Os apelidos na comarca da Barcala⁵³

6.2.1. Evolución de frecuencias

Ao longo seis documentos do catastro editados, atopamos un total de 420 individuos na comarca (365 homes e 55 mulleres), con 431 apelidos (algúns individuos aparecen citados con primeiro e segundo apelido, outros con ningún) e cun total de 168 diferentes. Na seguinte táboa amosamos os apelidos máis frecuentes de mediados do século XVIII na comarca polo número total de veces que aparecen nos 420 individuos:

⁵¹ Vid. Lema Suárez (1993: 129-130; 2006: 66-69, 105-106).

⁵² Vid. Boullón Agrelo (2009: 120).

⁵³ Parte deste estudo, con lixeiras modificacións, foi publicado en Vidal Fonseca (2018: 253-263).

Apellido	IC + REcl + PLeg + PEcl	IL	IB	TOTAL	% sobre o total de apelidos
García	18	1	6	25	5,80%
López	11	2	5	18	4,18%
Barreiro-Varreiro (10)/Barreiro, de (1)/ Barreiro, do (2)	9	1	2	12	2,78%
Vázquez	7	3	1	11	2,55%
Barbeira/Barbeira, de (1)	2	-	7	9	2,09%
Blanco	5	-	4	9	2,09%
Pensado	6	-	3	9	2,09%
Suárez	7	1	1	9	2,09%
Lens, de	7	-	1	8	1,86%
Casais-Cassais (7)/Casais, de (3)	5	-	2	7	1,62%
Fins	7	-	-	7	1,62%
TOTAL	84	8	32	124	28,77%

Fig. 8: Índice dos 10 (11) apelidos máis frecuentes recadados en IC, REcl, PLeg, PEcl, IL e IB, número de ocorrencias de cada un e porcentaxe de aparición dos mesmos, ordenados de máis a menos repetidos.

Como observamos, eses 11 apelidos representaban case a terza parte (28,77%) do total de apelidos que portaban os individuos e que, ao mesmo tempo, estaban presentes tamén en case a terza parte deles (29,52%)⁵⁴. Quizais o máis rechamante dos datos que ofrece a Fig. 8, sen comparala coa actualidade, sexa a alta frecuencia de aparición, 3º e 5º respectivamente, de dous apelidos non patronímicos como *Barreiro* e *Barbeira*. A metade dos máis frecuentes nesta altura son patronímicos (isto é, indican unha antiga filiación paterna): *García*, *López*, *Vázquez*, *Suárez* e *Fins*, e representan máis do 16%. Os dous primeiros, *García* e *López*, eran os apelidos máis frecuentes na comarca no século XVIII, e entre ambos suman case o 10% das ocorrencias⁵⁵. A través da axuda da *Cartografía dos apelidos de Galicia*⁵⁶ construímos a listaxe de apelidos máis frecuentes na actualidade na comarca, coa cal podemos comparar os resultados da Idade Moderna:

⁵⁴ Posto que en ningún individuo coincidían primeiro e segundo apelido, a columna do total de aparicións na Fig. 8 tamén se corresponde co número de individuos nos que figuraban os apelidos en cuestión. Así, podemos establecer unha relación entre número de ocorrencias e número de portadores. Probablemente, os individuos que non figuran nos documentos con segundo apelido é porque non o tiñan, dada a ausencia de normas civís existentes no momento que prescribisen ou prohibisen, por exemplo, un segundo apelido (*vid.* Faure Sabater 2001: XVIII-XXI ou Alfaro de Prado Sagrera 2012: 207-208). Isto explicaría a presumible incoherencia de que uns individuos sexan citados con dous apelidos e a maioría cun só nos documentos.

⁵⁵ Sobre a categorización dos apelidos da Fig.8 como patronímicos ou doutras clases, *vid.* Boullón Agrelo (2007: 289-291).

⁵⁶ (*Cartografía dos Apelidos de Galicia* [en liña], dispoñible en <ilg.usc.es/cag>, consultado o 10/07/2019).

Nome	Total	% sobre o total de apelidos
García	976	4,24%
Suárez	639	2,78%
Blanco	461	2,00%
Rodríguez	460	2,00%
Antelo	392	1,70%
Fernández	365	1,63%
Pérez	354	1,54%
Vázquez	334	1,45%
Pais	308	1,34%
Vieito	298	1,29%
TOTAL	4597	19,97%

Fig. 9: Índice dos 10 apelidos máis frecuentes na actualidade na comarca da Barcala, número de ocorrencias de cada un e porcentaxe de aparición dos mesmos, ordenados de máis repetidos a menos repetidos. Fonte: elaboración propia a partir de datos da Cartografía dos Apelidos de Galicia. Ningún dos 50 apelidos máis frecuentes en Galiza segundo Ferrín (2007: 190-191) supera en ocorrencias estes 10 na nosa comarca, exceptuando os coincidentes: García, Suárez, Blanco, Rodríguez, Fernández, Pérez e Vázquez⁵⁷.

Como se observa, 4 apelidos volven estar presentes entre os máis frecuentes: *García*, *Suárez*, *Vázquez* e *Blanco*. Deles, *García* volve ocupar o primeiro chanzo como apelido máis común. Incluso o non patronímico *Blanco* volve estar entre os dez primeiros, testemuñando así o arraizamento deste apelido na comarca. Hai que destacar como principal diferenza entre as dúas táboas que a presenza de patronímicos é ben maior na actualidade (9 de 10) con respecto ao catastro (5 de 11). Tamén hai que salientar novas aparicións na actualidade, das que non había constancia no século XVIII, polo menos nas primeiras posicións: o patronímico *Rodríguez*, que hoxe por hoxe xa é o máis frecuente en Galiza (Méndez Ferrín 2007: 190-191), e *Antelo*, que debe ter base toponímica na nosa comarca (Casa de Antelo, lugar da freguesía negreira de Broño), o que explicaría a súa alta frecuencia nela⁵⁸. En definitiva, e como sinala a figura 9, case o 20% dos apelidos comarcais está representado por estes 10 apelidos, porcentaxe algo menor á do 28,77% da Idade Moderna, pero minorada se temos en conta que na Fig. 8 temos 11 apelidos, un máis que na mostra actual; sen contarmos o último, a porcentaxe baixaría ao 27%. Polo tanto, e aínda que existen similitudes, as frecuencias actuais amosan varios movementos entre os apelidos máis comúns con respecto á 1752, así

⁵⁷ A columna das ocorrencias totais está elaborada a partir da suma das ocorrencias da Baña e de Negrreira. Datos de xuño de 2019.

⁵⁸ Vid. Boullón Agrelo (2007: 292).

como unha pequena variación da porcentaxe de poboación que presenta algún dos 10 apelidos máis comúns.

Deseguido, comparamos as similitudes de ocorrencia dos apelidos entre o século XVIII e a actualidade, reparando nas diferenzas de representatividade.

Apellido	1752	ACTUALIDADE	DESFASE
Noivo	0,23%	0,22%	0,01%
Thomé	0,93%	0,94%	0,01%
Corzón	0,23%	0,24%	0,01%
Lourido	0,23%	0,20%	0,03%
Mancebo	0,23%	0,20%	0,03%
Barca, da	0,46%	0,42%	0,04%
Pais / Páiz	1,39%	1,34%	0,05%
Mallón	0,23%	0,29%	0,06%
Barbazán, de	0,46%	0,39%	0,07%
Negreira	0,93%	1,01%	0,08%
Santos	0,23%	0,15%	0,08%
Teiga	0,23%	0,15%	0,08%
Gonzales	0,70%	0,78%	0,08%
Romero	0,46%	0,38%	0,08%

Fig. 10: Apelidos con maior similitude de ocorrencia entre o século XVIII e a actualidade na comarca da Barcala. Datos da actualidade elaborados a partir dos datos porcentuais dos concellos de Negreira e A Baña na Cartografía dos apelidos galegos.

Como vemos, eses 14 apelidos presentan na actualidade índices de semellanza de aparición moi altos con respecto ao século XVIII, e iso malia non podermos considerar a fonte catastral dese século de tanta fiabilidade coma a *Cartografía*. Estes apelidos, pois, seguen tendo unha presenza practicamente similar na bisbarra, sempre coa cautela necesaria que nos esixe o feito de ser limitada a mostra catastral. Mais no resto dos apelidos a situación non é moi distinta á destes, como podemos comprobar na seguinte táboa.

Apelido	1752	ACTUALIDADE	DESFASE
López	4,18%	0,84%	3,34%
Barreiro-Varreiro / Barreiro, de / Barreiro, do	2,78%	0,87%	1,91%
Barbeira / Barbeira, de	2,09%	0,38%	1,71%
García	5,80%	4,24	1,56%
Nieto	0,23%	1,78%	1,55%
Rodríguez	0,46%	2,00%	1,54%
Fins	1,62%	0,09%	1,53%
Lens	1,86%	0,48%	1,36%
Pensado	2,09%	0,84%	1,25%
Casais-Cassais / Casais, de	1,62%	0,52%	1,10%
Vázquez	2,55%	1,45%	1,10%

Fig. 11: Apelidos con menor similitude de ocorrencia entre o século XVIII e a actualidade na comarca da Barcala. Datos da actualidade elaborados a partir dos datos porcentuais dos concellos de Negreira e A Baña na Cartografía dos apelidos galegos.

Incluso os apelidos onde se dá unha menor correspondencia de frecuencia entre o século XVIII e a actualidade non aparecen diferenzas demasiado altas, agás o patronímico López. No resto, as diferenzas están entre o 1 e o 2%. Con todo, insistimos, non cremos que constitúan un desfase ou diferenza de representatividade significativa, sobre todo se os comparamos coas diferenzas porcentuais que se dan nalgúns nomes de persoa, na mesma comarca e coas mesmas referencias temporais, xa estudados. Máis ben, e corroborando o que deducimos da *Fig. 10*, estes datos certifican a alta continuidade e supervivencia dos apelidos do século XVIII na comarca na actualidade e, indirectamente, ao noso parecer, testemuñan unha circunstancia histórica relacionada: e escaseza ou práctica inexistencia de movementos migratorios cara á comarca da Barcala desde o século XVIII que alterasen, de forma contundente, a panorámica dos apelidos máis habituais e frecuentes nela. Así pois, no que se refire ás frecuencias, podemos falar só dunha lixeira evolución co paso dos séculos, centrada sobre todo nuns poucos apelidos, e que non muda radicalmente o panorama xeral dos apelidos máis comúns da comarca no XVIII.

6.2.2. Particularidades morfolóxicas e gráficas

Centrarémonos agora en distintos fenómenos que atinxen á morfoloxía ou ás grafías dunha parte dos apelidos presentes no noso corpo documental. Estas particularidades poden formar parte dun conxunto de fenómenos que tivesen continuidade ata os nosos días ou, pola contra, tratarse doutros que acabasen por desaparecer, ou, incluso, de simples vacilacións ortográficas illadas de man dos escribáns do catastro que non aparezan noutras fontes documentais. Deseguido, analizamos todas elas.

6.2.2.1. Castelanización dos apelidos

Dada a súa natureza e heteroxeneidade, a máis salientable das devanditas particularidades é a que se deriva do proceso de castelanización que sufriu a onomástica galega desde finais da Idade Media e que afecta a moitos dos apelidos presentes no noso corpus⁵⁹. Analizados estes, concordamos con Boullón Agrelo (2007: 301) en describir esta castelanización como parcialmente fracasada, malia que o empeño, por veces, foi certamente importante e, alí onde se consumou, os resultados chegaron ata os nosos días, aínda en convivencia cos seus pares galegos, de se conservaren (Boullón Agrelo, 2007: 303-304).

6.2.2.1.1. Grafías <g>, <j> e <x> para o son fricativo palatal xordo /j/

Posto que os escribáns do catastro se limitaban a transcribir en castelán, o máis esmerado posible, o que oían de boca de persoas galegofalantes, cuxas formas onomásticas orais subsistían, é seguro que estes últimos non articularían, en ningún apelido tradicional, ningún son fricativo velar xordo propio do castelán, e que estaba representado a esas alturas do século XVIII, precisamente, polas grafías <g>, <j> ou <x>, en teoría segundo criterios etimolóxicos pero, na práctica, de xeito arbitrario (Navaza, 2012: 175). Así pois, non estaríamos diante dun esforzo dos escribáns por representar etimoloxicamente un son galego desaparecido do castelán xa dous séculos antes (Navaza, 2012: 172-173), senón ante unha simple adopción dos usos gráficos entón vixentes no castelán: dado que o castelán presenta /x/ (representada nese momento por <g>, <j> ou <x>) en moitos contextos onde o galego presenta /j/, as voces máis difíciles de traducir (as onomásticas) onde o galego presenta ese son transcríbense sistematicamente seguindo o mesmo esquema, empregando as grafías do castelán para o son /x/. Así, consideramos que os *Ameigeiras*, *Faxín*, *Freixo*, *Jianze*, *Laje*, *Raxo*, *Treijo* e *Xerpe* presentes nos nosos tres interrogatorios son traducións conscientes. Isto concorda co esquema de tradución morfolóxica consciente seguida noutros casos (que veremos a continuación) e co afán castelanizador xa visto nos nomes de persoa e mesmo coa toponimia⁶⁰.

6.2.2.1.2. Castelanizacións de diversa caracterización

Non nos estenderemos moito na descrición destes casos, moitos deles xa caracterizados por Boullón Agrelo (1997). Deste xeito, atopamos castelanizacións que se acomodan a esquemas do castelán: monotongación do ditongo galego <ou> (*Soto*, *Lozada*), ditongación (*Riego*), uso do dígrafo <ll> (*Villar*, *Villaverde*)⁶¹, coñecemento e uso de cognomes (en

⁵⁹ Dito proceso castelanizador foi estudado en profundidade por Boullón Agrelo (1997 e 2007).

⁶⁰ (Vid. PARES).

⁶¹ Se ben estas poden non ser castelanizacións intencionadas por tratarse dunha grafía etimolóxica arcaizante (Boullón Agrelo 1997: 201), certamente contrastan con voces atopadas no noso corpus como *Vilachán*. Semella que a dificultade de tradución

patronímicos ou detoponímicos) en castelán en detrimento dos galegos (*Benito, San Martín*), ou castelanizacións por falsa interpretación (*Hombre por Ombre*, detoponímico)⁶².

6.2.2.2. Apelidos con posible intervención da castelanización

Noutros apelidos, a influencia do castelán non é tan clara e só a podemos caracterizar como dubidosa, malia que existan algúns indicios que nos fagan sospeitar que está presente. Tres son os casos que, brevemente, podemos englobar neste epígrafe.

6.2.2.2.1. A preposición de nos apelidos detoponímicos

Tomando en conta a totalidade dos apelidos toponímicos que aparecen no noso corpus, en arredor do 58% dos casos a preposición foi suprimida; a flutuación aínda é moi grande nos nosos textos, aparecendo en moitos casos un mesmo apelido coa preposición e, noutros, sen ela, o cal nos pode facer deducir que o proceso de cambio que nos nosos días está finalizado (posto que a preposición se conservou en poucos casos, se os comparamos cos casos de perda)⁶³ daquela aínda estaba en marcha. Deste xeito, nos nosos seis documentos atopamos, por exemplo, *Bentura de Barreiro* pero *Caetano Barreiro*. Non afondaremos aquí en pescudar se o castelán está detrás desta mudanza, en parte ou totalmente, pero resaltamos as opinións de Boullón Agrelo (1997: 215), que non cre que “a ausencia de preposición + artigo se deba unicamente á influencia do castelán, senón que se pode explicar [...] pola tendencia á economía da linguaxe” e a de Navaza (2002: 268-269), que afirma que en orixe “todos” os apelidos detoponímicos tiñan preposición e cualifica a súa actual ausencia de “deturpación” ou “irregularidade”. Noutros casos, como os de *do Camiño* ou *da Gándara*, non está tan claro que sexan apelidos como tal nos nosos textos (poden facer referencia á orixe ou residencia do individuo). En total, nos nosos textos aparecen 64 apelidos acompañados nalgún momento da preposición (combinada ou non con artigos): Agra, Aldrei, Alvite, Ameixeiras, Andrade, Antelo, Antequera, Areán, Baña, Barbazán, Barca, Barreiro, Brenlla, Budiño, Busto, Caamaño, Calo, Camiño, Campos, Casais, Casal, Castillo, Castro, Covas, Cruz, Eiras, Enxo, Freixo, Gándara, Gosende, Grille, Guimarás, Guzmán, Igrexa, Insua, Leis, Lema, Lens, Liñares, Lucía, Lueiro, Maio, Malvares, Negreira, Ombre, Outeiro, Paredes, Parga, Porras, Quintáns, Reino (= Reina [?]), Rial, Salvande, San Martiño, Sande, Santos, Souto, Táboa (= Toba [?]), Toba, Torre, Tuñas, Túñez, Turnes e Vilar (*vid.* Índice de apelidos).

para o escribán do segundo composto inflúe en non usar o dígrafo en *Vila-*, e, de ser así, o uso do dígrafo si sería unha castelanización consciente.

⁶² Cf. os resultados da busca de *Ombre* no *Nomenclátor da Xunta de Galicia* [en liña] cos resultados da súa busca na *Cartografía dos Apelidos de Galicia* [en liña].

⁶³ *Vid.* Boullón Agrelo (1997: 215-217).

6.2.2.2.2. Os patronímicos en -ez

Se ben a formación dos apelidos patronímicos co sufixo *-ez* está documentada en textos medievais e non cuestionamos o seu carácter galego (como tamén castelán e mesmo portugués) independentemente da súa variada e discutida procedencia⁶⁴, énos necesario lembrar un detalle exposto xa na epígrafe relativa ao uso das grafías <g>, <j> e <x>: os escribáns que poñen por escrito os interrogatorios procuran empregar a lingua castelá dun xeito o máis correcto e xeneralizado posible, incluso traducindo a onomástica. A isto hai que engadir que, a través do noso corpus, temos abondos testemuños de ser a comarca da Barcala seseante a mediados do século XVIII e de o seren tamén os veciños (*peritos*) que responden as preguntas dos interrogatorios; neste caso, así o corroboran os apelidos patronímicos transcritos con seseo (*Gonzales, Muñós, Pais; Munís*, incluso en posición explosiva como *Maseira*) e incluso os detoponímicos hipercaracterizados por seren confundidos con patronímicos (*Liñárez, Malvárez*). Nun momento en que o galego escrito apenas estaba cultivado e non gozaba dunhas normas escritas⁶⁵ (tampouco neste particular), cousa da que si gozaban castelán (en *-ez*) e portugués (en *-es*) (Dieguez Gonzalez 2013: 3), está claro que o emprego sistemático de *-ez* nos nosos tres interrogatorios está inducida polo castelán, que é o idioma que manexa o escribán. Así, a pesar de escoitar un son non interdental, usa a grafía que representa o mesmo no castelán (<z>), incluso hipercaracterizando dous detoponímicos cuxa consoante final non se relaciona co sufixo patronímico (*Liñárez* e *Malvárez*) a pesar de que, por varias veces, se despiste, cremos, por variados motivos como a présa ou a escuridade do nome detrás do patronímico, e use a grafía <s>, testemuñando indirectamente o seseo dos *peritos* dos documentos.

Esta acomodación patronímica ao sufixo típico do castelán (ou a castelanización completa, non só necesariamente nos patronímicos) non só se reproduciu nun documento formal como o Catastro de Ensenada e con apelidos galegos. Lema Suárez (1985: 73) achéganos probas do funcionamento desta *adaptación á oficialidade* no recente século XX e cun apelido portugués, cando relata que, a un individuo de avós portugueses e de apelido *Rodrigues*, este foille mudado a *Rodríguez* no rexistro⁶⁶. Velaí a proba, pois, de que houbo unha castelanización e non unha adaptación ao galego, como tampouco cremos que a houbese nas páxinas do catastro.

6.2.2.2.3. A posible ausencia deliberada de vírgula sobre <ñ> en varios apelidos

Non desconfiaríamos da posible influencia do castelán sobre os apelidos que presentan esta anomalía se non fose pola reiteración de casos nos que aparece: tres veces, o que o converte en case sistemático nos apelidos: *Muniz, Tunas* e *Servino* polos esperables *Muñiz*,

⁶⁴ Vid. Dieguez Gonzalez (2013: 3-6).

⁶⁵ Vid. Mariño Paz (1998: 195-235).

⁶⁶ Nota de autor: persoalmente, coñecemos un caso idéntico, tamén do século XX, na comarca da Barcala: a un individuo de pai portugués, e apelidado *Martins*, cambiouse o apelido oficial no rexistro a *Martínez*. Véxase, incluso, a castelanización total que supuxo, ao non establecerse a forma galega esperada, *Martinz, Martíns* ou *Martís* (vid. Boullón Agrelo 1997).

Tuñas e *Cerviño*. Non obstante, si aparece *Camiño*, *Budiño* ou *Caamaño*, e nos nomes de persoa *Mariña*, o que nos fai dubidar do castelán como influencia nesa ausencia de vírgula, sobre todo no caso de *Servino*, cuxo contexto fonético é idéntico. Sen máis probas, cremos que se poden achacar máis ben a simples erros de transcripción.

6.2.2.3. Erros de transcripción: seseo e vacilacións vocálicas

Noutros casos, e pola morfoloxía que presentan os apelidos afectados, non consideramos que esteamos diante de deturpacións intencionadas, senón de simples erros de transcripción por parte dos escribáns, casos en que decae ou non opera o afán castelanizante e que, por tanto, se converten en testemuños de certos trazos fonéticos e fonolóxicos do galego da Barcala do século XVIII. Así, por un lado, atopamos testemuños gráficos de comarca seseante, xa mencionados antes: *Barvasán*, *Gonzales*, *Maseira*, *Muñós*, *Pais*, *Servino* e *Lozada* (hipercharacterizado) por *Barbazán*, *González*, *Maceira*, *Muñoz*, *Paez/Paz/Páiz*⁶⁷, *Cerviño* e *Lousada*. Por outro lado, temos tamén vacilacións fonéticas que se converten en vacilacións gráficas: *Balanzuela*, *Brenlle*, *Buquete*, *Pión*, *Turreira* e *Areán/Arán* por *Valenzuela*, *Brenlla*, *Boquete*, *Peón*, *Torreira* e *Arán* (?)⁶⁸.

6.2.2.4. A flexión feminina nos apelidos

Ao parecer, obtemos do noso corpus o caso de catro apelidos que, aínda a esta altura do século XVIII, se forma en feminino para unha portadora muller (Paula *Boada*, Antonia **Penseira*, Juana *Reina* e Josepha *García y Serrana*) e que xa testemuñara Murguía (1906: 14, 15) con moita asiduidade nos séculos XVI e XVII. Aínda así xa parecía haber vacilación, polo menos por parte do escribán, que non usa sistematicamente *Boada* (pois noutro punto do interrogatorio cítaa como Paula *Boado*). Por outro lado, de **Penseira* non existen na actualidade ocorrencias da forma, nin sequera dun hipotético **Penseiro* só masculino, polo cal o tomamos con cautela, aínda que non desconfiamos da súa pertenza a esta categoría.

6.2.3. Algunhas conclusións

En resumo, observamos que, facendo unha comparativa individualizada coa actualidade, as frecuencias dos apelidos na comarca da Barcala non mudou substancialmente e a súa evolución non foi moi avultada: varios dos apelidos máis comúns no século XVIII ségueno sendo na actualidade, e, os que non, manteñen posicións achegadas, sen que o desfase porcentual sexa significativo (agás en *López*). E no que se refire á morfoloxía escrita dos apelidos, observamos unha tendencia castelanizadora que só triunfou parcialmente pero que,

⁶⁷ (Vid. Boullón Agrelo 1997: 213).

⁶⁸ Caben ambas posibilidades, *Arán* ou *Areán*, mais polo contexto deducimos indubidablemente que se estaba a falar do mesmo individuo. Polo tanto, a súa transcripción de dúas maneiras distintas só pode deberse a unha vacilación.

alí onde o fixo, os resultados deturpadores chegaron aos nosos días. Tal é o caso de moitos apelidos con consoante fricativa palatal xorda, que hoxe por hoxe aparecen transcritos con grafías representativas da fricativa velar do castelán e que xa aparecían dese xeito no catastro, non supoñendo estas unha continuación das grafías medievais galegas para as fricativas sibilantes (Navaza 2012). Por último, destacamos a contribución que supón á dialectoloxía, para as súas pescudas sobre o século XVIII, o testemuño de numerosos apelidos transcritos con <s> onde se esperaría <z> na comarca da Barcala, incluso en contextos de ataque silábico, e que hoxe en día figuran xa completamente regularizados baixo os parámetros do castelán, a non ser no caso do patronímico *Pais*, seguramente por non ser detectado como tal polo descoñecemento do nome de persoa que está detrás del (Boullón Agrelo 1997: 213).

6.3. Os topónimos

O índice toponímico deixa ver, así mesmo, unha boa mostra de topónimos no Val da Barcala do XVIII, onde destacan os microtopónimos relacionados cos bens inseridos no espazo físico e agrario. Posto que as castelanizacións son tamén constantes e isto, como no caso dos antropónimos, ten moito a ver con motivos políticos e cun conflito lingüístico, parécenos útil tomar certa distancia e asomarnos a outra realidade para examinar e comparar a relación entre o conflito lingüístico e a toponimia. Todo isto axudará, como veremos, a poñer en relación o fenómeno detectado nas páxinas do catastro co caso xeral galego e con outro lugar onde existiu, de xeito ata certo punto semellante, o mesmo fenómeno: o Brasil.

6.3.1. Toponimia e conflito lingüístico: Galiza e o Brasil⁶⁹

Malia que xeograficamente ambas as realidades se presenten tan afastadas (unha, europea e do hemisferio norte e outra, americana e do hemisferio sur), histórica, lingüística e socialmente, as conexións e vínculos entre Galiza e o Brasil son innegables a pesar de non seren tradicionalmente abondo tratados no eido académico. Así, por exemplo, no que respecta ás relacións sociais tense documentado exhaustivamente a forte e asidua emigración galega ao Brasil desde, polo menos, o século XIX, constituíndo isto, ademais, un contraste con respecto ás demais zonas do Estado español⁷⁰. Como veremos logo, no ámbito lingüístico e cunha perspectiva histórica, a situación non é moi diferente.

No referente ao plano sociopolítico, e a pesar de que oficialmente o Brasil é unha nación soberana e Galiza unha comunidade autónoma do Estado español, podemos atopar semellanzas históricas nos sucesos e circunstancias que conduciron aos devanditos status oficiais. O que hoxe coñecemos como Brasil foi gradualmente colonizado polos portugueses desde principios do século XVI, cando aínda non existía o estado-nación moderno e os habitantes do territorio eran diferentes tribos indíxenas que vivían en comunidade e falaban

⁶⁹ Parte deste estudo, con lixeiras modificacións, foi publicado en Vidal Fonseca (2019: 184-208).

⁷⁰ *Vid.*, por exemplo, González Lopo (1998: 169-194), Eiras Roel (1991: 17-39) ou Sarmiento (2013: 199), que cifra nun aplastante 70% a porcentaxe de galegos entre os 700.000 españois emigrados ao Brasil entre 1880 e 1970.

linguas locais (Bennassar / Marin 2000: 11-32). O caso galego, caracterizado por unha substitución das elites dirixentes locais e un sometemento político a un poder central non galego, senón castelán, desde finais do século XV (Barreiro Fernández 1976: 107-125; Mariño Paz 1998: 195-205), garda certas semellanzas co caso brasileiro no que se refire á perda de autonomía ou poder político propio (tribal no Brasil; monárquico, nobiliario e eclesiástico en Galiza) en favor de castes foráneas usurpadoras, se ben poucos autores das distintas ramas humanísticas empregan abertamente a etiqueta “colonización” no caso galego. Así, por exemplo, Beiras (1972: 57-60) refírese a Galiza como “colonia de interior” desde unha perspectiva socioeconómica; desde a socioloxía, para Grosfoguel (2018: vi) Galiza “has a long history of being a subalternized colonized nation inside the Spanish imperial state”; e, por outra parte, desde a lingüística, Rodríguez fala de “país colonizado” (1976: 223) e de “proceso colonizador” (1976: 225). Sexa como for, e aínda no caso de obviarmos esas contribucións, desde a óptica lingüística académica parécennos incuestionables tanto o papel do acontecemento colonial na hexemonía actual do portugués no Brasil, como a histórica “colonización lingüística” de Galiza⁷¹, a súa condición de vítima do “imperialismo lingüístico” (Moreno Cabrera 2016: 190-193, 281-304), ou simplemente a penetración e “imposición” da lingua castelá en Galiza (Mariño Paz 1998: 221).

Así pois, estas semellanzas históricas no ámbito sociolingüístico (inherentes a certos episodios políticos), unidas ás existentes no puramente lingüístico e que deseguido trataremos, lévannos a estudar aspectos da toponimia de ambas realidades (Brasil e Galiza) tratando de atopar semellanzas e diferenzas e procurando poñer en relación estas e aquelas cos acontecementos históricos ocorridos nos dous territorios, nomeadamente aqueles que teñen que ver co conflito lingüístico que Galiza e Brasil sufriron (e aínda sofren) e que vimos de expoñer.

6.3.1.1. O vencello lingüístico de raíz histórica entre Galiza e o Brasil

Hai aproximadamente tres séculos que os Ilustrados galegos reaccionaron contra a falsa pero imperante idea, na Coroa de Castilla do momento, de que o galego era unha deturpación ou dialecto da lingua castelá, e que o relacionaron co portugués. A este respecto, son interesantes as reflexións do Padre Feixoo no seu *Teatro Crítico Universal*:

Que la lengua Lusitana, o Gallega se debe considerar dialecto separado de la Latina, y no subdialecto, o corrupción de la Castellana, se prueba, a mi parecer con evidencia, del mayor parentesco que tiene aquélla, que ésta, con la Latina. (...) por lo común las voces Latinas han degenerado menos en la Portuguesa. Esto no pudiera ser, si la lengua Portuguesa fuese corrupción, o subdialecto de la Castellana (1785: 321).

⁷¹Vid. Rodríguez (1976: 225). A expresión mesmo aparece con naturalidade en obras que non versan sobre o tema en cuestión (vid. Ferreiro 1999: 281-282).

O frade incluso afirma que a galega e a “lusitana” son a mesma lingua, se ben precisando que a súa orixe é no territorio galego en base a uns feitos históricos que se remontan ao século V en diante. Esta prospección histórica garda unha sorprendente similitude coas teses defendidas nos últimos anos polo sociolingüista brasileiro Marcos Bagno (2011: 34-39), que tamén sobre bases históricas critica o imperialismo lingüístico portugués (nomeadamente o presente en autores e manuais sobre lingua), defende a etiqueta *galego* fronte a *galego-portugués* pra referirse á lingua medieval e das cantigas, afirma que o portugués non procede do latín, senón do galego (e este, á súa vez, do latín) e afirma que “essa língua portuguesa, já com esse nome, é que veio nas caravelas usadas pelo imperialismo português para invadir e conquistar terras noutros continentes”, sostendo que o portugués do Brasil se atopa entre a “família de línguas derivadas do galego” (2011: 38).

Monteagudo e Lagares (2017: 12-27) sintetizan moi ben a relación lingüística existente entre as linguas faladas hoxe en Galiza e Brasil⁷²:

Haveria três pontos essenciais para estabelecer essa filiação genética entre o galego e o português brasileiro: a) a origem comum do galego e do português, no galego medieval; b) a origem do brasileiro no português; c) as rupturas causadas pelos contatos lingüísticos; no caso do galego, pelo contato com o castelhano; e no caso do português brasileiro, pelos contatos com línguas indígenas e africanas (2017: 16).

Por último, ao vencello histórico-lingüístico aínda se poden engadir as similitudes existentes no nivel sociolingüístico, no que ten que ver coa diglosia que sofren ambas as linguas (o galego por parte do castelán e o portugués brasileiro por parte do portugués lisboeta) e coa situación actual do proceso de elaboración do estándar de cada unha (Monteagudo / Lagares 2017: 13-14). Polo tanto, este vínculo histórico do que falamos resúmese non só na procedencia dunha lingua da outra, senón tamén na filiación común e en aspectos sociolingüísticos semellantes que continúan a existir nos nosos días.

6.3.1.2. A toponimia galega

6.3.1.2.1. *Historia e tratamento bibliográfico*

Galiza constitúe un territorio sobre o que se levan asentando diferentes pobos e grupos humanos desde hai varios milenios⁷³. Nórdicos, celtas, romanos, xermánicos e mesmo árabes foron deixando a súa pegada na toponimia a medida que se ían fundando asentamentos, vilas

⁷² Cómpre mencionar aquí, ademais, a denominada corrente reintegracionista, que defende unha ortografía común entre galego e o resto de variedades historicamente derivadas del (incluído o portugués brasileiro), considerando, pois, que son a mesma lingua (*vid.* Monteagudo / Lagares 2017: 19-25).

⁷³ *Vid.* Barreiro Fernández (1976: 95-148).

e cidades; abonda con facer un percorrido polas principais obras que tratan a toponimia galega en sentido amplo para atopar esa explicación histórica⁷⁴.

Así pois, tradicionalmente e alén da propia investigación etimolóxica, semántica ou doutro tipo que poden ofrecer os topónimos⁷⁵, os estudos de toponimia galega adoitan partir da base de dous axiomas intrínsecos: por unha banda, unha antiga historia sociopolítica da que emerxen (e que acabamos de ver), e, por outra, a riqueza en canto a cantidade e variedade. Tanto Santamarina (2002: 255) como Boullón Agrelo (2010: 31) falan da abundancia de topónimos en Galiza, esta última precisando que supondo a súa superficie só o 6% da total do Estado español concentra, non obstante, o 35% dos topónimos do Estado. E ambos continúan sinalando unha peculiaridade da que xa se vén dando conta desde a Ilustración co Padre Sarmiento, pasando por Filgueira Valverde no século XX.

Ao noso entender, a conxugación destes dous axiomas fai que unha idea ou palabra asociada á toponimia galega se repita ao longo da maioría dos traballos: *patrimonio*. A visión da toponimia galega como un patrimonio histórico, formado paulatinamente e cuxos nomes van aparecendo a través dun proceso natural e pouco intervído, e que permanecen polo xeral inalterados artificialmente co paso do tempo (a non ser por deturpacións, como agora explicamos). Isto faise moi patente, por exemplo, nos nomes procedentes de posuidores xermánicos: son topónimos que permanecen inalterados moitos séculos despois da morte das persoas que deron orixe ao topónimo⁷⁶. E a idea de patrimonio xustifica a súa especial protección (Santamarina 2002: 253-256), motivo polo cal abundan tamén nos estudos toponímicos galegos os traballos sobre a cuantificación, temporización e alcance da castelanización ou deturpación da toponimia galega (inherentes á colonización lingüística de Galiza analizada un pouco máis arriba) e sobre a restauración, protección, estandarización ou normalización dos topónimos⁷⁷.

Con este panorama, e tendo en conta a nosa vontade de analizar a toponimia á luz do conflito lingüístico, analizaremos deseguido desde esa óptica a toponimia da comarca galega da Barcala, nomeadamente en termos históricos a través do Catastro de Ensenada, para logo facermos unha confrontación co caso brasileiro.

6.3.1.2.2. O Catastro de Ensenada: a toponimia barcalesa

A través dos seis documentos citados ao longo deste traballo, que concretamente na comarca en cuestión foron elaborados entre os anos 1752 e 1753, recompilamos un total de 335 topónimos e microtopónimos. Deses, un mínimo de 70 están castelanizados ou deturpados, total ou parcialmente, dalgunha das formas que expón Santamarina (1988: 90-94), o que supón o 20,89% do total. Eis algúns exemplos:

⁷⁴ Vid. Ares Vázquez (2011: Presentación), Cabeza Quiles (2008: Introducción), Santamarina (1988: 87-88; 2002: 253-256) ou Piel (1979: 5-11).

⁷⁵ No caso galego, ben detallados por Boullón Agrelo na súa *Toponimia galega. Estado da cuestión* (2010: 31-57).

⁷⁶ Cf. Piel (1979: 7-8).

⁷⁷ Vid. unha relación deles en Boullón Agrelo (2010: 36-37). Repárese nalgúns títulos mencionados na nosa propia bibliografía.

San Estevan de Lagartones
Peña Rajada
Puertomarín
Villacirío
Huerta da Torre
Fuente Negreira
Cotón de los Castros

Dicimos que están castelanizados un *mínimo* de 70 topónimos porque na microtoponimia, que neste caso non está recollida nin estandarizada, hai moitos nomes de escura procedencia que fan imposible non só saber se houbo castelanización por parte do escribán, senón identificar a deturpación no caso de habela. Ademais, no caso dos nomes das freguesías non incluímos como parte do topónimo o patrón relixioso; de facelo, o número de voces alteradas dispararíase, posto que aquí a presentación en castelán do antropónimo convertido en santo a venerar é sistemática. Velaquí algúns exemplos:

San Estevan de Lagartones
San Pelayo de Lens
San Juan de Barcala
San Félix de Eirón⁷⁸

A toponimia maior foi identificada practicamente na súa totalidade, non sen dificultade en certos casos debido á bárbara castelanización, como concellos, parroquias ou lugares da bisbarra, dos seus arredores ou doutras zonas de Galiza. Así, identificamos *San Estevan de Lagartones como Santo Estevo de Lagartóns, freguesía do actual concello da Estrada, en Pontevedra; ou *San Isidro de Postomarco coa parroquia de Santo Isidro de Posmarcos, no concello da Pobra do Caramiñal⁷⁹. Non corre a mesma sorte a microtoponimia, xa que ata que se faga unha recollida da mesma na comarca non podemos contrastar a continuidade deses lugares e deses nomes case tres séculos despois. A toponimia maior é a máis susceptible de ser castelanizada, como explica Santamarina (2002: 256), xa que está máis presente en documentación oficial da época: rexistros, censos, notaría...; non obstante, na nosa mostra están castelanizados o 25% dos microtopónimos (59 dun total de 236), polo 11,11% dos topónimos maiores castelanizados (11 de 99), o cal quere dicir que o escribán se ten a ocasión de castelanizar microtoponimia non vacila⁸⁰. Cousa distinta é que teña menos ocasión de

⁷⁸ Excepción: San Tomé de Alvite. Polo tanto, nos nomes de parroquias con patrón só contabilizamos como castelanizadas *San Mamed de Monte e *San Ciprián de Barcala, cuxos nomes estandarizados segundo o *Nomenclátor* inclúen o patrón de cada unha: Sanamede de Monte e San Cibrán de Barcala.

⁷⁹ *Vid. Nomenclátor*. Pola contra, foi imposible identificar con seguridade *San Pedro del Puerto, ao que só vemos parecido coa freguesía de San Pedro da Ponte do Porto, no concello de Camariñas.

⁸⁰ Polo tanto, cremos que a forma en como opera a castelanización por parte dos escribáns é moi parella ao caso dos antropónimos (*vid.* 6.1.2.).

facelo pola diferente relevancia entre toponimia e microtoponimia. Posiblemente o motivo desta notable diferenza de castelanización entre os topónimos e os microtopónimos na bisbarra teña que ver cos “mecanismos mentais que unhas veces fan percibir ridículas certas castelanizacións [e outras non]” que sinala Santamarina (1988: 95) ou, sobre todo, con que moitos dos topónimos maiores da zona, especialmente os nomes das freguesías, “non son susceptibles de alteración porque deixaron de ser apelativos ou porque carecen de rasgos fonéticos que os identifiquen como galegos” (1988: 90): Portor, Ordoeste, Logrosa, Barcala etc.

Na maioría dos casos, os libros analizados rondan a dita porcentaxe de 21,73% de toponimia castelanizada: IC, 24,66%; IL, 18,75%; PEcl, 16,66%; REcl, 14,31%. Rompen a tendencia, por motivos ben diferentes, os demais libros: así, PLeg presenta unha cantidade tan baixa de nomes (5) que ningún está castelanizado; coidamos, pois, que a mostra é pequena de máis para ofrecer resultados comparables. E, por outra parte, IB, co 35,13% dos topónimos alterados. Cremos que hai que poñer en relación estes datos cos dos antropónimos nos mesmos documentos: como analizamos nos nomes, o *Interrogatorio de Bugallido* era o que presentaba máis antropónimos castelanizados, mesmo en nomes que aparecían na súa forma galega nos outros documentos. Isto reforza a nosa hipótese de que o máis probable é que o escribían en cuestión e a súa formación estean detrás da maior porcentaxe de castelanización onomástica que presenta o referido documento, incluída a toponimia (2016: 113).

Así pois, o resumo que podemos facer sobre a historia da toponimia galega en termos de castelanización, ou contacto por conflito lingüístico, é paralelo á historia sociopolítica galega: unha liña temporal composta por unha situación de normalidade galega e de apenas interferencia –“residual [e] anecdótica”– do castelán nos topónimos galegos ata finais da Idade Media (Doval Iglesias / Hermo González 2016: 193), un posterior proceso de castelanización activo e significativo durante a Idade Moderna e, finalmente, un proceso de estandarización chegado a principios do século XXI, restaurador das formas galegas e oficializador das mesmas a través de certas leis no caso da toponimia (e que cristalizan no nomeado *Nomenclátor*), mentres tal proceso continúa sen rematar no caso da microtoponimia⁸¹. Así e todo, non podemos afirmar que estea concluída hoxe por hoxe a normalización das formas estandarizadas nin moito menos, posto que seguen existindo resistencias ás formas regularizadas, sobre todo en casos onde a deturpación logrou tal éxito que desprazou a forma galega mesmo da fala cotiá das persoas galegofalantes, como xa apuntara Santamarina (1988: 95), e tamén por parte de axentes sociais, empresas ou institucións que se negan a empregar en todos os ámbitos as formas que, segundo a lei, son as oficiais⁸².

⁸¹ Vid. Becker (2014: 2453-2464).

⁸² Resultan interesantes a este respecto o *Diccionario Panhispánico de dudas* (Real Academia Española, 2005), que recomenda que en topónimos con cambio de denominación oficial en favor da forma local se deixe de usar o topónimo castelanizado “solo en aquellos casos en que se ha producido un verdadero cambio de nombre (y no una mera reivindicación de las formas locales de este)” (2005: XXIII), ou a *Enciclopedia de los Topónimos Españoles* (Albaigés 1998), que usa a forma deturpada a carón da xenuína argumentando que a necesaria normalización das formas propias só se conseguirá cando

6.3.1.3. A toponimia brasileira

6.3.1.3.1. *Historia e tratamento bibliográfico*

No ano 1500, cando Pedro Álvares Cabral chega ao que hoxe coñecemos como Brasil, habitaban este territorio entre 1 e 8 millóns de persoas, segundo os cálculos de distintos especialistas (Cunha 2012: 16, 17), que, non obstante, coinciden na dificultade de precisión de cifras máis concretas e fiables⁸³; na costa, a densidade poboacional sería ben maior cá do interior: Ribeiro (1995: 31) cifraa en torno ao millón de habitantes indíxenas (o cal deixaría sen validez as estimacións máis baixas para o total do territorio). Cunha (2012) dános unha primeira pista das primeiras relacións dos portugueses co medio que invadían:

Ao chegarem às costas brasileiras, (...) os portugueses eram o novo Adão. A cada lugar conferiram un nome — atividade propriamente adâmica — e a sucesión de nomes era também a crónica de uma gênese que se confundia com a mesma viagem. A cada lugar, o nome do santo do día: Todos os Santos, São Sebastião, Monte Pascoal. Antes de se batizarem os gentios, batizou-se a terra encontrada. De certa maneira, dessa forma, o Brasil foi simbolicamente criado. Assim, apenas nomeando-o, se tomou posse dele, como se fora virgem (Cunha 2012: 8).

Deste xeito, os portugueses chegaron a un continente habitado por tribos indíxenas, cunha organización social e económica completamente diferente á súa (Bennassar / Marin 2000: 11-15) e, posto que chegaron pola costa, os seus primeiros contactos foron cos grupos tupí e tupinambá, que habitaban a costa de nordeste a sur (Fausto 2010: 68-69). As primeiras relacións entre portugueses colonos e indíxenas foi amigable, en tanto que ambos tiraban proveito da situación (Bennassar / Marin 2000: 66), o cal implicou que se producisen uns fenómenos lingüísticos propios de dúas comunidades con linguas distintas que interactuaban: así, primeiramente o portugués falado polos colonos adquiriu progresivamente certas contribucións de léxico tupí (ou do tupinambá, posto que se trataría de dous dialectos dunha mesma lingua⁸⁴) para plantas, animais etc. que non existían en Portugal, mais tamén outras de tipo sintáctico ou fonético, todas elas moi ben detalladas por Rodrigues (2010: 31-36, 44-46) e que supoñen un dos primeiros camiños de diverxencia entre o portugués lusitano e o brasileiro. E, por outra parte, nos primeiros anos da colonización, e por motivos estratéxicos nos que non cómpre afondar aquí, chegaban a estas zonas moitos máis homes ca mulleres; isto, unido á violación e outras formas de violencia sexual contra as mulleres indíxenas como parte intrínseca da colonización (Lacerda 2010), acabou xerando fillos mestizos (tamén

toda a cidadanía as coñeza na súa totalidade (u-la pretendida normalización se se continúan a usar nun manual as formas coñecidas ata ese momento, é dicir, as deturpadas?) (1998: 24-25).

⁸³ Cf. Bennasar / Marin (2000: 18).

⁸⁴ Vid. Argolo (2016: 11).

chamados *mamelucos*), de nai indíxena pero pai portugués, que comezaron a falar un tupí ou tupinambá modificados por interferencias do portugués, dando orixe a unha especie de lingua híbrida no surlleste brasileiro chamada *Lingua Geral Paulista*⁸⁵. Esta lingua finalmente desapareceu por completo a principios do século XX, debido fundamentalmente á súa prohibición e á imposición do portugués por parte da coroa portuguesa a finais do século XVIII (García 2013: 23-26) e pola chegada de novas camadas de inmigrantes portugueses (e doutras nacionalidades) ao longo dos séculos XVIII e XIX (Noll / Dietrich 2010: 84); non obstante, a súa importancia para o tema que nos ocupa é resumida por Aryon Rodrigues:

Os mamelucos passaram a integrar as expedições ou bandeiras dirigidas mais para o interior de São Paulo, Minas Gerais, Goiás, Mato Grosso, levando consigo o uso das duas línguas, português e língua geral, e atribuindo nomes ora numa, ora na outra aos lugares por onde passavam. Assim é que uma toponímia em língua tupi-guarani, a língua geral paulista, se fixou em uma ampla área onde povos tupis-guaranis não tinham estado, como Minas Gerais. (...) Como os bandeirantes criavam povoados nos lugares onde se deixavam ficar, a LGP [Língua Geral Paulista] ficou sendo falada nesses povoados em concorrência com a língua portuguesa (...). A LGP, derivada do tupi, tendo-se expandido assim, com a ação dos bandeirantes, pelo interior de São Paulo e Minas Gerais, por Goiás e Mato Grosso e pelo nordeste do Paraná, vigorou na segunda metade do século XVI até a segunda metade do século XIX (Rodrigues 2010: 37-38).

Isto ponnos en relación co anteriormente indicado sobre o número de habitantes do territorio hoxe chamado Brasil naquela altura. Tendo en conta os seus 8.515.759,09 km² (IBGE 2018) e a estimativa máis optimista de habitantes cando comezou a colonización (8 millóns), obtemos unha densidade media aproximada (sen esquecermos que a densidade poboacional era maior en áreas costeiras) de 1 hab./km², o cal implica amplas extensións de territorio deshabitadas no interior. Sendo así, non resulta moi difícil de explicar a existencia das ditas bandeiras en función da procura de materias primas, recursos económicos e novos asentamentos humanos.

Ademais, cómpre non esquecer os pormenores das circunstancias lingüísticas que rodean esas bandeiras ou expedições: a *língua geral* é levada polos expedicionarios e usada non só como medio de comunicación senón tamén como instrumento para a atribución de nomes dos novos asentamentos; mais isto non significa que o portugués non estivese presente nas bandeiras, senón que a *língua geral* é usada “em concorrência” co portugués (Rodrigues 2010: 37). Polo tanto, o conflito lingüístico (sen dúbida acrecentado unha vez chega máis emigración portuguesa nos seguintes séculos) reflíctese, como poderemos ver con detalle, na nova toponimia, ora indíxena, ora portuguesa, ora híbrida. Neste sentido, podemos dicir que a toponimia brasileira se ve condicionada por varias línguas que coexisten (mesmo en

⁸⁵ No noroeste e no leste tamén xurdiron, en circunstancias diferentes, a *Língua Geral Amazônica* e a *Língua Geral da Bahia*, que non trataremos aquí dado que nos centraremos, por cuestións metodolóxicas, nas amplas rexións sur, centro e nordeste do país. Para máis detalles sobre ambas, *vid.* Rodrigues (1996: 6-11; 2010: 36-43) ou Argolo (2016: 7-52).

desigualdade) cando se van creando novos asentamentos e non pola deturpación, como é o caso da galega⁸⁶.

Tendo en conta, por outra parte, que a colonización e a súa conseguinte creación de novas cidades e asentamentos xogou un papel primordial na historia demográfica do Brasil, resulta relativamente doado albiscar un termo que sistematicamente vai aparecendo na inmensa maioría de estudos de toponimia do Brasil⁸⁷, cando menos naquelas zonas ou estados que se viron afectadas polas referidas expedicións desde o século XVI: *nomeamento*. Isto constitúe outra diferenza profunda a respecto dos estudos toponímicos galegos. Mentres os estudosos desta disciplina, como viamos, se refiren indirecta ou directamente a unha aparición paulatina de nomes que finalmente constitúe un acervo patrimonial, os investigadores da toponimia brasileira falan de *nomeamento*, *batizado*, *atribuição*, *nomear*, *dar nome aos lugares*. Se a toponimia brasileira é un acto planificado, consciente, intervindo, non arbitrario pero si intrínseco a un motor motivacional, entón a toponimia englobará tamén o rúeiro⁸⁸, cousa que se opón diametralmente ao caso galego, onde se considera a toponimia carente ou practicamente carente de intervención planificada e onde non se adoitan incluír os nomes de rúas nos estudos da disciplina (agás nos casos nos que un novo nome planificado ou unha extensión urbana fagan desaparecer un topónimo ou microtopónimo patrimonial) precisamente por posúen esa intervención creadora arbitraria e non xurdiren paulatinamente ao redor dunhas circunstancias históricas motivacionais. Isto non supón un problema, pola contra, no caso brasileiro, onde “é muito corriqueiro homenagear pessoas vivas: prefeitos se auto-homenageiam em avenidas e ruas de importância, enquanto deputados e senadores “emprestam” seus nomes para bairros e conjuntos habitacionais” (Seemann 2005: 212) dun xeito paralelo ao que ocorre en moitos casos na toponimia maior, onde con asiduidade atopamos no Brasil cidades co nome do seu fundador ou dunha persoa homenaxeada: Lima Duarte, Santos Dumont, Teófilo Otoni ou Conselheiro Lafaiete (Minas Gerais), Luis Eduardo Magalhães (Bahia) etc. O máis parecido que podemos atopar a isto na toponimia maior galega serán os nomes xermánicos ou latinos de posuidor (por exemplo, Chave), pero dada a súa antigüidade e a evolución fonética que sufriron hai tempo que se perdeu na maioría deles a noción dunha persoa que lle dá nome⁸⁹. Por dicilo dalgún xeito, no Brasil os *rebatizados*⁹⁰ son máis recentes e actuais e teñen continuidade no tempo.

⁸⁶ O motivo fundamental desta diferenza débese a que no caso dos topónimos galegos, unha maioría deles xa estarían formados antes de finais da Baixa Idade Media, cando comezou o conflito lingüístico co castelán (Santamarina 2002: 256) e o resto, os que se formarían do século XV ata o XVIII, polo factor xeográfico ou de hábitat rural/urbano do conflito lingüístico (*vid.* Mariño Paz 1998: 195-230, 344-345) deixarían limitadas as opcións do castelán de ser lingua dos topónimos máis tardíos. En contraposición, como salienta Santamarina (188: 94), estarían moitos nomes de rúas e prazas nas cidades que “non coñece[ron] nunca outra forma senón a castelá”.

⁸⁷ Para máis detalles sobre os obxectivos, as perspectivas e o estado dos estudos de toponimia brasileiros, *vid.* Carvalhinhos (2008). A autora critica que polo xeral se limiten a listas de nomes con posibles explicacións etimolóxicas, sen levar en conta os factores humanos, espaciais, culturais e cronolóxicos nos que se sitúan.

⁸⁸ Como exemplos disto, *vid.* os traballos de Santos (2016: 171-195) ou Velasco / Tavares (2016: 15-34).

⁸⁹ Navaza (2009: 187) data no século XI as derradeiras creacións deste tipo, creacións “que non responden a repoboamentos ou fundacións en lugares ermos, senón a unha reorganización administrativa, de xeito que en moitos casos as denominacións derivadas do nome persoal do señor local substituíron outras denominacións preexistentes”.

⁹⁰ *Vid.* exemplos en Seemann (2005: 215).

Outro condicionante que posúe a toponimia brasileira e que convén non esquecer é o da anteriormente citada inmigración dos séculos XVIII e XIX, nomeadamente (e alén da portuguesa) aquela que representa o secuestro e a condución masiva de africanos cara América para convertelos en escravos (Vila de Prado 2017), que lonxe de só afectar á supervivencia das linguas xerais, ocasionalmente tamén deixou a súa pegada en topónimos de certas zonas⁹¹. Non obstante, non rematan aquí os factores que inflúen de maneira determinante sobre a construción histórica da toponimia brasileira. Cómpre apuntar aínda, en relación cos *rebatizados* que vimos de mencionar, un significativo período histórico do século XX como é a presidencia de Getúlio Vargas (1930-1945) e o ditatorial *Estado Novo* incluído na mesma (1937-1946). Esta etapa, entre outros trazos económicos, sociais e ideolóxicos, caracterizouse por unha intensificación do nacionalismo brasileiro a través dos esforzos por crear unha *cultura brasileira*, baseada nuns principios xeográficos, históricos e culturais que integrarían todas as etnias e pobos do país: as persoas indíxenas, as africanas e as europeas fundidas nunha identidade común, a brasileira (Bennassar / Marin 2000: 353-364). Tratábase, pois, dunha política identitaria orgullosa da mestizaxe (en todas as súas vertentes) e de todas as raíces históricas do país. Isto implicou unha serie de consecuencias no ámbito toponímico, resumidas por Seemann:

As conseqüências do nacionalismo getuliano se refletiram no ordenamento do territorio brasileiro. Quanto à nomenclatura dos lugares, foi constatado, entre outras “irregularidades”, um “regime de confusão e arbítrio”, verificando-se a identidade de denominações no mesmo estado, a extensão exagerada de muitos topônimos oficiais completos de sete e mais palavras e a diversidade de designação entre muitas circunscrições e as respectivas sedes (Seemann 2005: 216).

Deste xeito, establécese unha política de intervención e manipulación da toponimia brasileira, un de cuxos parámetros será “a preferêcia pela adoção de nomes indígenas ou relacionados a fatos históricos da região, no caso de substituição de topônimos” (Seemann 2005: 216). Citando a Pompeu Sobrinho, o propio Seemann describe as claves desa política de *tupinización* toponímica:

Para o fortalecimento deste “espírito nacional”, a Comissão seguiu as recomendações federais para “crismar” as vilas e cidades: dava-se preferêcia aos nomes indígenas que deveriam pertencer à língua dos índios que habitavam a região e “ter significação adequada, ligada a qualquer circunstância local, tal como sabiam fazer excelentemente os ameríndios”. Ademais, os vocábulos novos preferivelmente deveriam ser dissílabas, evitando-se “expressões chocantemente cacofônicas” (Seemann 2005: 216-217).

Así pois, e como puidemos ver ata agora, a historia do Brasil posúe unha serie de elementos que influíron e inflúen na construción da súa toponimia tornándoa sofisticada, polo

⁹¹ *Vid.* un exemplo de traballo ao respecto en Lima (2012).

menos no que ten que ver co contacto lingüístico. Aparecen nela varias linguas asemade e xogan un importante papel as expedicións e asentamentos, a prohibición de linguas e os renomeamentos. Ademais, malia que aquí tentamos facer un esbozo xeral, o país é demasiado extenso como para ter en conta pormenorizadamente todos os factores de todas as áreas xeográficas. Por iso, deseguido faremos un percurso por varios estados brasileiros, exceptuando especialmente, como dixemos, as zonas amazónicas onde rexen outras características históricas, tratando de observar todas as características ata aquí tratadas en cadansúa toponimia e poñendo especial atención á lingua dos topónimos para dar conta dos efectos do contacto lingüístico. Como neste caso o estudo toponímico non é propio, botamos man de diversos autores que trataron de preto a toponimia indíxena e o contacto de linguas en determinados estados ou rexións de estados brasileiros.



Fig. 12. Estados da República Federativa do Brasil dos cales examinamos algunha da súa toponimia⁹²

- **Minas Gerais**

O estado de Minas Gerais, situado na rexión surlleste do país pero sen contacto co litoral, é un dos estados mencionados por Rodrigues (2010: 37-38) como destino dos bandeirantes do século XVI en diante. En consecuencia, Pimentel dáunos unha das claves iniciais da toponimia mineira:

⁹² Mapa cortesía de Gustavo Vidal.

Se formou a partir de uma etnia diversificada, composta por estratos populacionais diversos, como os ameríndios, (...) os portugueses; os africanos. Por essas razões, a nomenclatura geográfica do território mineiro se apresenta tão heterogênea quanto o seu próprio povo, fato este que se reflete na língua, nos usos e costumes regionais e, conseqüentemente, na toponímia local (Pimentel 2016: 617-618).

A este respecto, pois, destacan no estado os estudos da investigadora Cândida Seabra e de varios investigadores que lle van dando continuidade, que teñen analizado a toponimia de Minas Gerais e que nos fornecen datos destacables con respecto á cuestión lingüística dos topónimos e ao conflito lingüístico implícito. Así, segundo Seabra (2004), que investigou a rexión do Carmo⁹³, o 82% da toponimia desa zona é de orixe portuguesa e só o 7,5% sería indíxena, por un 2,4% africana. Os motivos desta desproporción en favor da lingua colonial, segundo a autora, débense a que os bandeirantes paulistas, en compañía dos indios, “abriram caminhos, porém poucos se fixaram e, desses, muitos se retiraram da região do Carmo” e que, ademais, “poucos topónimos tiveram em épocas passadas nomes de origem tupi⁹⁴, mudados, posteriormente, para nomes de origem portuguesa” (Seabra 2004: 308-309). Nunhas proporcións semellantes se manexan as pesquisas de Santos (2012), que investigou a rexión Central do estado e atopou un 85,3% de nomes portugueses, por só o 12,5% indíxenas e 2,2% africanos, se ben considera unha “lacuna de difícil preenchimento” (Santos 2012: 221) dilucidar os motivos históricos de unhas e outras proporcións. En resumo, pois, cando menos nalgúns zonas do estado de Minas Gerais podemos dicir que o triunfo da lingua colonial sobre as indíxenas desde o século XVI foi contundente no plano toponímico.

- Ceará

Resulta interesante distanciarnos ata unha rexión do nordeste brasileiro para ollar as diferentes explicacións históricas que poden aparecer ao longo do territorio brasileiro en función da orixe lingüística dos topónimos. Neste senso, Seemann (2005: 207-224) estudou os topónimos municipais do estado de Ceará e advertiu case a metade deles como indíxenas (aos que habería que engadir os híbridos portugués-tupí, xa que só cataloga o 25% como de orixe portuguesa). Esta importante diferenza con respecto a Minas Gerais debe ser atribuída en moitos casos, como o propio autor indica (2005: 213-214), ás políticas tupinizantes da era Getúlio Vargas, que sen dúbida tiveron que ser máis intensas ca en Minas Gerais. Este sería un exemplo claro de intervencionismo ou *rebatizado*, e incluso así non deixa de amosar as complexidades do conflito lingüístico brasileiro na toponimia.

⁹³ Zona situada ao sur da capital mineira, Belo Horizonte, próxima a ela. As subdivisións administrativas dentro de cada estado foron mudadas polo IBGE en 2017, denominándose actualmente *regiões geográficas intermediárias* e, dentro delas, as *regiões geográficas imediatas*, eliminando a antiga denominación *mesorregiões* e *microrregiões* (vid. A Divisão Regional do Brasil em Regiões Geográficas Imediatas e Regiões Geográficas Intermediárias 2017, 2017). A *região do Carmo* corresponde, descoñecemos se en parte ou na súa totalidade, á actual *região geográfica imediata* de Santa Bárbara-Ouro Preto.

⁹⁴ A *língua geral paulista*, por se formar a partir do tupí, é denominada simplemente como *tupí* en moitos estudos, mais cómpre non confundilas. Vid. unha explicación pomenorizada das diferenzas entre as dúas en Stessuk (2006: 96-98).

- **Tocantins**

Un caso especialmente rechamante e cheo de condicionantes é o do estado de Tocantins, ben analizado a través de Karylleila Andrade e o seu *Atlas Toponímico de origem indígena do estado de Tocantins – Projeto Atito* (2006). Para empezar, é o último dos estados brasileiros, constituído no ano 1989 logo de se segregar do estado de Goiás, hoxe situado ao seu sur. Ademais, desde esa data creáronse 70 novos municipios con cadanseus novos nomes, co cal estamos a falar de *nomeamento* recente e creación toponímica *ad hoc*. A seguir, a autora salienta que dos 139 municipios actuais, 71 nomes son de orixe tupí, o que supón algo máis do 50% dos topónimos; non obstante, antes de 1989, cando na mesma zona había só 60 municipios, o número de nomes indíxenas era de 15, o que quere dicir que 56 nomes indíxenas foron creados desde finais dos 80 do século XX. Isto supón unha especie de continuidade contemporánea da *política Vargas* de tupinización da toponimia. E, en canto ao resto de topónimos máis antigos, Andrade relaciona o importante índice de nomes indíxenas no estado coas expedicións dos bandeirantes, descartando que fosen dados polos propios indíxenas da zona, o cal entra en consonancia cos postulados de Rodrigues (2010). Así pois, Tocantins constitúe un exemplo de como unha lingua (*a geral paulista*), que logo sufriu o imperialismo lingüístico do portugués ata desaparecer, foi no seu momento unha lingua colonizadora ao dar nome a lugares onde se asentaban expedicións chegadas doutros lugares. Ademais, pódese tamén concluír que o espírito de apego ás linguas indíxenas (ou ao tupí) da era Vargas como elemento histórico e identitario do pobo brasileiro continúa vixente ata as épocas máis recentes ao ser lingua de *batizado* de novos topónimos.

- **Goiás**

Baixo o seu estudo *Topônimos de origem indígena: O papel do tupi na nomeação dos lugares goianos*, Siqueira e David (2014: 119-131) atopan que 70 dos 246 municipios do estado teñen nome indíxena tupí, sexa totalmente ou baixo formación híbrida. Isto representa o 28,46% (sen que especifiquen a procedencia do 71% restante). Non obstante, e en consonancia co que ocorría en Tocantins, territorio que anteriormente lle pertencía, as tribos indíxenas de Goiás non eran tupís nin falaban nesa lingua, como se esforzan por aclarar as autoras: baseándose no antropólogo Darcy Ribeiro, nomean preto de 20 diferentes grupos indíxenas que habitaban esta zona en tempos da colonización. Polo tanto, a presenza de nomes tupís na actualidade é atribuída, novamente, ás bandeiras cuxas linguas, a *geral paulista* e o portugués, actuaron como linguas colonizadoras tamén neste territorio. Aínda así, non todos os topónimos son desa época, senón tamén posteriores, o que leva ás autoras a formular a interesante conclusión de que “o tupi desempeña, na tradição brasileira, papel parecido com o latim e o grego antigo nas ciências, isto é, representa uma fonte virtual, um depósito de raízes lexicais produtivo para se formar e até construir topônimos” (Siqueira / David 2014: 130).

- **Alagoas**

O estado de Alagoas posúe un atractivo nesta pesquisa, pois está situado no costa nordeste brasileira e, polo tanto, constitúe un dos estados onde as tribos tupís estaban instaladas orixinariamente. Isto quere dicir que é unha das zonas onde os topónimos de orixe tupí, que atinxen 23 dos 102 municipios do estado (22,55%) segundo o estudo de Melo (2013: 160-179), se atopan de xeito máis natural ou, noutras palabras, menos colonial, por efectos das bandeiras como vimos noutras zonas. Non obstante, como insinúa o propio autor (2013: 177) isto non é impedimento para a aparición de topónimos máis achegados aos nosos días e que, en paralelo cos outros estados analizados, toman nomes de base tupí pola tradición á que apuntaban Siqueira e David (2014: 119-131).

- **Mato Grosso do Sul**

A fonte que tomamos como base da nosa pescuda no estado de Mato Grosso do Sul, Velasco e Tavares (2016: 15-34), conéctanos de novo con outro dos trazos diferenciadores da toponimia brasileira anteriormente mencionados: o estudo dos nomes das rúas das cidades como toponimia, con independencia da antigüidade dos mesmos e da súa relación co medio existente antes da presenza urbana. As autoras recoñecen só un 7% de nomes de rúas da cidade de Dourados en idioma indíxena, “em geral, do Tupi” (Velasco / Tavares 2016: 31); isto produce certo abraio posto que, como as mesmas autoras explican, os moradores indíxenas da zona (aínda presentes na actualidade), son varios grupos da rama guaraní. Polo tanto, a conclusión é simple: os topónimos indíxenas das rúas de Dourados “não possuem relação com a presença e com os aspectos culturais dos indígenas da região” (2016: 31), o que pon de novo na palestra o tupí, a través da *língua geral paulista*, e o portugués como linguas de formación actual de topónimos, malia estar extinta xa a primeira delas.

6.3.1.4. Algunhas conclusións

Polo que podemos expoñer ata aquí, a través dun percorrido pola historia das toponimias galega e brasileira, unha das conclusións máis elementais que podemos tirar é a de que ambas as toponimias posúen máis diferenzas ca semellanzas, se ben posúen un trazo fundamental en común que as vencella: un conflito lingüístico, con diferentes características, intensidades e resultados, que influíu dalgún xeito na toponimia dos dous territorios e condicionou os seus resultados actuais. No caso galego, o conflito xérase coa aparición do castelán a través do sometemento político á Coroa de Castilla; no caso brasileiro, a través de varios factores: primeiro, a colonización portuguesa e o seu posterior imperialismo lingüístico, materializado coa imposición do portugués no século XVIII; e, ademais, por medio das *línguas gerais*, híbridos xerados a partir da propia colonización sobre as linguas indíxenas locais, que foron dando topónimos en áreas onde existían outras tribos e outras linguas.

En canto á temporalización, o proceso comezou algo antes en Galiza, mais en ambos os casos non chegou a consumarse posto que continúa a existir toponimia indíxena tanto no

Brasil como, loxicamente, galega en Galiza; non obstante, isto é moi matizable no Brasil dado que mentres a familia tupí vigorizou na toponimia grazas ás bandeiras ata hoxe, outras linguas indíxenas desapareceron ou case non queda rastro delas nos nomes de lugar de moitas zonas do Brasil.

Así pois, as distintas circunstancias históricas envoltas nos dous casos, incluíndo a demografía, o poboamento e as características da ocupación colonial, provocan tamén a distinta consideración que reciben os topónimos galegos e os brasileiros, centrados no patrimonio a conservar polos estudosos dos galegos mentres os brasileiros falan do nomeamento, do *rebatizado* e das motivacións para os mesmos. Isto está relacionado tamén coas consecuencias do conflito lingüístico, que provocan dous fenómenos diferentes a un e outro lado do Atlántico: deturpación no caso galego, estendida no tempo e con éxito parcial, e nomeamento intervido no caso brasileiro, a través da colonización do territorio mediante expedicións e bandeiras, con continuidade no tempo e con rendibilidade ata os nosos días por medio de decisións político-administrativas.

Consecuentemente, á toponimia galega presúmeselle a vontade de conservación, nomeadamente fronte aos axentes externos, que se consideran deturpacións; isto faise evidente a través de leis e proxectos investigadores que culminan na estandarización dos topónimos e nas ansias de recollida da microtoponimia. Mentres, a toponimia brasileira está máis suxeita á manipulación interna, que non se considera deturpación e que ao longo do tempo se fixo habitual, sendo sobranceiros exemplos disto a política de tupinización da toponimia da época Vargas (1930-1945) ou a creación *ad hoc* de novos nomes para novos asentamentos. Así, se no caso de Galiza o galego nunca deixou de ser a lingua tradicional da toponimia malia certas interferencias, no Brasil o tupí (a través da *língua geral paulista*) converteuse nunha especie de lingua clásica para os topónimos, conseguindo por unha parte conservar un importante legado do mundo indíxena precolonial, pero rematando asemade con outras moitas ramas e manifestacións lingüísticas indíxenas paralelamente co portugués. Curiosamente, e como semellanza, o feito de que a lingua colonizadora por antonomasia do Brasil, o portugués europeo, tivese a súa orixe no galego provoca que existan no Brasil estruturas toponímicas moi semellantes a outras galegas, dada a orixe común das linguas (véxase *Barroso, Os Carneiros* etc.).

En definitiva, ambas as realidades amosan a interrelación que manteñen a toponimia e o conflito lingüístico, e tamén o interese que suscita o estudo da toponimia para a pescuda histórica do mesmo, así como a importancia de ter en conta a historia social da lingua, en paralelo coa historia, para desenvolver estudos toponímicos de calidade. Se hoxe en día Galiza e o Brasil posúen realidades toponímicas con máis diferenzas ca semellanzas débese, fundamentalmente, á presenza nos dous territorios de conflito entre varias linguas ao longo do tempo e en determinadas fases da súa historia. E, alén de todos estes pormenores, agardamos, mediante o estudo dos seus nomes de lugar, poñer un chanzo máis no achegamento social, lingüístico ou académico entre o Brasil e Galiza.

7. CONCLUSIONES

O propósito fundamental deste traballo foi poñer en combinación o traballo de edición coa análise e a investigación lingüística, conscientes de que un coñecemento e bo manexo das fontes é un paso necesario para calquera investigación rigorosa na perspectiva diacrónica das ciencias sociais.

Así, por unha parte, desde varios puntos de vista é innegable o inmenso valor do Catastro de Ensenada como fonte documental. Desde hai moitas décadas, as súas páxinas son fonte primaria de investigación de historiadores, sociólogos, economistas ou lingüistas á hora de examinar o século XVIII ou, en xeral, a Idade Moderna e o Antigo Réxime dentro do ámbito do Estado español. No caso galego, na pescuda historiográfica cobrou moita forza o uso desta fonte, como pode observarse a través dos traballos de Saavedra (2007: 771-844; 2009: 685-704; 2009: 75-104 ou 2013) e, moi particularmente, a historia local, con innúmeras contribucións, desde o catastro, á historia social e/ou económica de vilas e cidades, como é o caso, por exemplo, de Rodríguez Troncoso (2014) a propósito da comarca da Barcala; tamén son de aproveitamento as súas páxinas para a xeografía (Río Barja 1990) ou, malia que non sistematicamente, para a lingüística, como demostran moi destacadamente os estudos de antroponimia de Lema Suárez (2004: 483-522 ou 2006).

